

terra *e* tempo

revista galega de pensamento nacionalista

Entrevista a
**Otelo Saraiva
de Carvalho**



A presente crise económica

A reordenación do mapa financeiro galego

Ramón Cabanillas na literatura galega

Eduardo Blanco Amor e *A esmorga*

Honduras. Análise dun golpe político-militar

Val do Mao, o noso anfitrión

DOSSIER | **UXÍO NOVONEYRA**



6



25



55



59



128

sumario

Opinión

- 4** [Anxo Louzao Rodríguez]
[Felipe-Senén López Gómez]

Entrevista

- 6** **Otelo Saraiva de Carvalho**
[Xoán Carlos Garrido Couceiro e Duarte Correa Piñeiro]

Economía

- 19** **A presente crise económica**
[María do Carme García Negro]
- 25** **O FROB unha oportunidade para a reordenación do mapa financeiro galego**
[Ramón Yáñez Braxe]
- 33** **Resultados do Sistema de Financiamento en 2007**
[Xosé Díaz Díaz]
- 47** **Desenvolvemento rural e organización do mercado**
[Iria Villar Rodal e Xosé Manuel González Vilas]

Cultura

- 51** **O lugar de Ramón Cabanillas na literatura galega**
[Manuel Rei Romeu]
- 55** **Ramón Cabanillas, un soño de pombas do seu Cambados**
[Francisco Fernández Rei]
- 59** **Eduardo Blanco Amor e *A esmorga***
[Francisco Rodríguez Sánchez]
- 64** **Arte literaria e arte cinematográfica: Da plasticidade d' *A Esmorga* (1959)**
[Diego Pardo Amado]
- 79** **O embargamento da biblioteca de Castelao**
[Francisco Xavier Redondo Abal]

Pensamento

- 92** **Império & Imperialismo**
[Atilio A. Borón]

Internacional

- 103** **Honduras. Escenarios e oportunidades**
[Ismael Moreno Coto]
- 112** **Honduras. Análise dun golpe político-militar**
[Suyapa G. Portillo Villeda]

Viaxes

- 119** **Val do Mao, o noso anfitrión**
[Marica Campo]

DOSSIER | Uxío Novoneyra

- 128** **Residimos tanto na lingua como na terra**
[María Pilar García Negro]
- 129** **O perfil nacionalista e marxista de Uxío Novoneyra**
[Xosé Lois García]
- 130** **Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta**

O NACIONALISMO CRUZOUSE DE BRAZOS



carta do presidente

Máis vale entrar na Coruña de noite que no ceo de día. Deste xeito festexaban os viaxeiros a súa chegada cando a vella estación recibía o tren na beira do mar, e as luces da cidade chiscábanlle o ollo ás augas da ría. Para a Igrexa era unha blasfemia. Quen blasfema e prevarica agora son as autoridades do concello coruñés. Un rótulo insultante, provocador, fixado en placa metálica nas paredes que rodean o largacío que serve de antesala da avenida dos Cantóns, evidencia o desprezo que fan da toponimia oficial e do noso idioma: *Plaza de Orense*, cando xa nas televisións españolas lle chaman *Ourense* á cidade das Burgas. ¿Será o herdo españolizador daquel rexedor municipal cativo do seu acento, que lle segue a mancar no bico da lingua como unha espulla que lle naceu de pequeno? Aquel rexedor, prototipo do autoodio, que promoveu unha praza de touros, sabedor de que unha España sen touradas é unha España coxa? Anímense os taurófilos e aproveiten o *ruedo* para cortarlle o rabo e as orellas a quen para ser un español cabal só lle falta pór na cabeza unha *peineta*.

Os romanos cambiáronnos a lingua pero deixáronnos os castros e algúns topónimos espaxados pola xeografía galega. Os invadidos de agora, os mentalmente invadidos, coidan que a mellor maneira de borrar o complexo é furtando á historia calquera pegada que poida dar testemuño dunha identidade propia. En Roma están moi ben estes invadidos, aspirantes a invasores. Alí naceron os imperios. O primeiro con Augusto. Máis tarde a reencarnación soñada e fracasada por Benito Mussolini.

Pero non. Non é responsabilidade exclusiva do partido herdeiro daquela fobia antigalega, outrora petulante cando as urnas eran pródigas con el. Castigado un pouco nas últimas eleccións, viuse obrigado a petar na porta do nacionalismo. Así naceu un matrimonio de conveniencia. Mais, ¿para quen foi a comenencia? Para quen casou polo dote e non polo amor. A cohabitación non supón a fusión de programas, pero esixe un mínimo de cortesía política co parceiro. ¿E non é a lingua patrimonio inalienable para o nacionalismo? Vista a tolerancia do irreverente topónimo parece que importa máis o prato na mesa da Cámara municipal. Galiza pode agardar. O estómago non. Nunca valeron menos seis concelleiros, precisamente cando estes son necesarios. Non eramos moitos máis os militantes que polas noites íamos restaurando a maltreira toponimia do país, nos tempos en que usar un *spray* era case tan perigoso como levar unha pistola. Non tiñamos a lei pero sobrabanos coraxe, e a forza de coraxe fomos conquistando a lei. ¡Vaia paradoxo, agora que gañamos a lei perdemos a coraxe!

¿De quen é a culpa? ¿Intransixencia dunha parte ou febleza e desleixo da outra? Nos dous casos quen deserta é o que tira as armas porque non quere ou non sabe utilizalas. Se os barcos importasen menos que a honra, hai principios irrenunciábeis nun pacto de goberno. As aldraxes ao idioma -e tamén á lei que o protexe- é causa suficiente para que o acordo sexa declarado nulo. Así se facía cando o nacionalismo era alguén. Se nos preocupamos máis por facer número que por construír país, corremos o risco de substituír os acoirizados por unha frota de submarinos. ¿E cara onde van estes dirixir os seus torpedos? ¿Ou será que os moi valentes cando estaban fóra tornáronse mansos ao metérense dentro? Hai algo máis que o *la, la, la*, canción preferida por alguén que se adicou á política por fracasar na súa vocación de cupletista. Quedan

aínda os *Ourense* e os *Arteijo*, palabra esta irritante para as gorxas galegas, afeitas a modulacións calmas e garimosas.

Pensaba eu que na Coruña había nacionalismo. Non o poño en dúbida. ¡Faltaría máis! Pode ser que se volvese cego. ¿Cruzaríase de brazos, quizais? Por cobardía non será, pois non parece lóxico fuxir do combate cando todos os ventos sopran a favor. É a interpretación máis indulxente que eu atopo para explicar a indolencia daqueles que indo a Compostela manifestárense -na Ferradura e na Quintana- en defensa do idioma, esquécense de que tamén hai prazas nas ribeiras do Orzán. Tal proceder contradictorio só se explica pola ritualización da ideoloxía. En canto o ideal se converte en rito perde a súa virtualidade. A cerimonia do Nadal, constituída pola Igrexa para honrar o Neno, converteuse na festa da papatoria. Se transformarmos as mobilizacións en efemérides, non tardaremos en reducilas a eventos culinarios.

E xa que falamos de liturxias, vénme á mente a imaxe daqueles cregos preconciábeis, uniformados con sotana chea de botóns, sempre de loito, panza xenerosa e tonsura no curuto da cabeza. Aqueles abades que a Pardo Bazán meteu nalgunha das súas novelas. No púlpito predicaban castidade, e na casa fochicaban coa criada. Se o noso ideal, a nosa consigna, é a normalización lingüística, comecemos por facelo onde está na nosa man normalizar. Doutro xeito, organizar simposios, imprimir carteis, presentar mocións, é simple retórica de púlpito.

¿Qué facer? Entendemos que as organizacións son fortes, que están vivas, cando practican o debate interno. Para isto se convocan asembleas. Non está mal falar do aborto, non sei se para deter ou agravar a sangría demográfica, que nos pode converter dentro de pouco nun país anémico.

Antes Galiza escoaba habitantes pola ferida da emigración. Agora, tamén, polas covas do camposanto, que están a esgotar as nosas reservas de poboación. De seguirmos así non imos tardar en vermos substituídas as escolas por residencias da terceira idade. ¿Que quero suxerir con isto? Que a nosa escala de problemas, de reivindicacións, de valores, non pode estar xerarquizada por criterios de importación. Non vou seguir. Se vén a conto, algunha vez adicarei máis atención a un tema que non cabe na dimensión nin nas pretensións deste artigo. Abonda afirmar que sen xente non hai nación, e sen nación sobran os nacionalismos. Boa advertencia para os ecoloxistas urbanitas, tan preocupados eles pola extinción do lobo, e que promoven confiscar montes para manter esquivos. Non tardaremos os galegos -segundo o exemplo daquel esgrevio avogado brasileiro perseguido pola ditadura de Getúlio Vargas- en solicitarmos o amparo da lei de protección dos animais.

A conclusión é que os órgaos políticos funcionan cando elaboran estratexias, e sobre todo cando corrixen desaxustes na aplicación das mesmas. Vendo a pasividade ante a provocativa ofensa non só á lingua senón á toponimia que con traballo conseguimos oficializar, a diagnose é de encefalograma plano. Nin a praxe nin a teoría dan síntomas de actividade. Diredes que é doado censurar. Sementar, procurar, cortar e debullar o millo, é tocar outro pandeiro. Pois eu vou dárvolo xa moído. É de catón que nos pactos políticos debe garantirse a exclusión de todo aquilo que sexa lesivo dos principios ideolóxicos do aliado. Sen este compromiso sobran outras cláusulas. Non hai diálogo posíbel. Sen idioma non hai nación, e sen nación -díxeno antes- non hai nacionalismo.

É de catón que nos pactos políticos debe garantirse a exclusión de todo aquilo que sexa lesivo dos principios ideolóxicos do aliado

Supoño eu que este requisito sería *conditio sine qua non* para a entrada no consistorio de María Pita. A tolerancia sería comprensíbel nos primeiros meses de goberno municipal, por subordinar a corrección da toponimia a outros obxectivos de maior urxencia. ¿Máis importantes quizais? Pasaron máis de dous anos e a rotulación leva traza de rematar así. Os nacionalistas -dirán os críticos- apandan co que lles boten. A súa furia acábaselles en canto cheiran un codelo que roer. Baixaron do monte, declararían un ex-deputado que cuspiu na Cámara e no seu *Diario de Sesións* inmundas ofensas, non contra os seguidores de Bóveda e Castela, senón contra o mesmo ideario que eles e nós defendemos. Recentemente, este personaxe chamou na porta nacionalista para recuperar escano da man da ideoloxía que antes aldraxara. O máis grave é que o chaqueteiro atopase avais na casa onde petou.

Chegado este momento, non hai máis alternativa que afundir os barcos para recuperar a dignidade. Pobre argumento é obxectar que a responsabilidade corresponde aos que ostentan a representación popular na corporación. Déixemoslles a eles o codelo, se tanta importancia lle dan ao chusco. Foron moitos os chusqueiros que fixeron carreira na milicia. Teñen a lei da súa banda, xa que as credenciais son das urnas. Mais os carnés son do partido que apadriñou a súa candidatura. Os que reman río arriba -os revolucionarios, libertadores, nacionalistas, emancipadores, os que ademais de chamarse son de esquerda- non avanzarán se non se desprenden dos que se deixan arrastrar pola corrente.

Vista a indiferenza e preguiza dunha organización local que se atopa en estado clínico, a miña proposta é constituír un comando operati-

vo de nacionalistas da terceira idade, e iniciar de contado a limpeza do infamante topónimo. Con cinco persoas abonda. Por servidume da *lei de paridade*, cómpre que polo menos dúas delas sexan homes. Chega unha escada, un martelo e unha ducia de parafusos. Pouco máis. As placas metálicas corren do meu peto. Un domingo de mañá soleada, para que a concorrência sexa maior, tiramos ao lixo a *Plaza de Orense*, seguindo o exemplo dos ferroláns que expulsaron da entrada da cidade o dono e o cabalo. Será curiosa a que se vai montar. Unha liorta entre o código civil e o código penal. O primeiro a prol do topónimo oficial. O segundo en contra dos estragos na propiedade pública.


Como queira que a reacción, a dereita, a mediocridade, son fervorosos devotos do código penal, que ven na xustiza punitiva o talismán que resolve todos os conflitos, o desenlace está cantado. O comando operativo será capturado como refén pola xendarmaría municipal. Será enxaulado na comisaría, na que non hai moito os mequetrefes vestidos de gris hostiaban aos detidos por negárense a falar en español. ¿Lémbreste, Paco? Volverán entón os tempos de voltar á rúa para reclamar "liberdade" e "amnistía". A min vaime facer moita graza comprobar así de que parte estarán os edís nacionalistas. ¿Poráanse ao lado do código civil, da liberdade, ou estarán co código penal e cos xendarmes? ¡Quen o diría! ¡Ás trincheiras, que chegaron os nosos!



BAUTISTA ÁLVAREZ

Paremos o decretazo: navallada contra o galego

[Anxo Louzao Rodríguez]



A proposta de bases para o decreto é un texto preautonómico, pois nin alcanza o disposto no Estatuto de Autonomía, aprobado hai 29 anos, que no seu artigo 5.3 establece que "*os poderes públicos potenciarán o emprego do galego en todos os niveis da vida pública, cultural e informativa e disporán dos medios necesarios para o seu coñecemento*", e supón un incumprimento da Lei de Normalización Lingüística de 1983 que establece no seu artigo 3.2 que "*as autoridades educativas arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino*". Trátase dunha proposta involutiva respecto a todas as normas aprobadas desde a promulgación, en 1983, da Lei de Normalización Lingüística e retrotráenos á época franquista e ao decreto de bilingüismo de 1979, causante de diferentes conflitos, persecución e expedientes disciplinarios contra o profesorado, polo único delito de impartir as aulas en galego.

No texto proposto, o ensino en galego pasa, no mellor dos casos, dun 50% a un 30%. Mais, sabemos por experiencia que, ao non fixarse as materias que como mínimo hai que impartir en lingua galega, estas porcentaxes non se alcanzarán na maioría dos centros e o galego pasará a ser a lingua daquelas materias menos recoñecidas e valoradas social e academicamente.

En Educación Infantil, elimínase a obriga do 50% de presenza do galego nos contornos castelán falantes, polo que, na práctica, o galego desaparecerá destas aulas. En Primaria, o galego pasa a ser unha lingua residual, ao deixar de ser o idioma de docencia de materias como Coñecemento do Medio, que se viña impartindo en galego desde 1987, e de Matemáticas. Na ESO, expúlsase o galego de materias como Ciencias Sociais, tamén impartidas en galego desde o ano 1987, Matemáticas e Ciencias da Natureza, entre outras, e no Bacharelato e na FP a proposta remite a tempos anteriores á orde de


1987 en que se recollía nominalmente que dúas materias se tiñan que impartir en galego.

O galego deixa de ser o idioma da administración educativa. A proposta da Xunta só fala de que os centros nas súas actuacións educativas fomentarán o uso do galego, cando xa o decreto 135/83, mediante a orde de 1987, establecía o galego como lingua de uso dos centros: "*os centros de ensino de toda Galiza farán da lingua galega o vehículo de expresión normal nas súas actividades internas e externas*". As bases do novo decreto eliminan que o alumnado, con carácter xeral, deba utilizar o galego nas materias que se impartan en galego (recollido xa desde o decreto 135/83, mediante a orde de 1987). A proposta recolle e fomenta a publicación de materiais en castelán e até muda a denominación dos equipos de normalización lingüística, que pasan a chamarse de "dinamización", cando o seu cometido fundamental debería ser planificar a normalización.

O futuro do noso idioma pasa por que todo o ensino se imparta en galego. Con este obxectivo de referencia e no actual contexto sociopolítico, valoramos como un avance importante para o galego, máis non como unha meta, a aprobación no seu día do decreto 124/2007. Non sería entendíbel nin nada acertado participar de manobras confusionistas que pretendan dar apoio social a esta navallada contra a nosa lingua. O novo decreto non pretende máis que reducir a súa utilidade, desterrala do sistema educativo, despoxala de todos os seus dereitos e evitar, polo tanto, o seu afianzamento e uso. Non caben consensos ou acordos posíbeis se non se fundamentan no conquistado até agora para avanzar. Non podemos retroceder nin o máis mínimo ao disposto no *Plan Xeral de Normalización* e no propio Decreto 124/2007 de uso e promoción do galego no ensino. Para iso, é imprescindible continuar coa loita e coa mobilización.

Moncho Reboiras, alegoría para unha terra e para un tempo

[Felipe-Senén López Gómez]



Non era dos que queren construír un imperio sobre os puños e as pistolas, con alicerces amasados en sangue e vidas. Era dos que o queren erguer verso a verso, que, a pesares dos golpes, é como se fai camiño. Fai trinta e catro anos atrás e tiña vintecinco de vida. Xosé Ramón Reboiras Noia, rapaz da súa terra e do seu tempo, dunha Galiza que lle costa reafirmarse, entre os que coidan que é unha teima, un invento ou unha imposición. Espiral que vén de lonxe. Antes e despois de Castelao moitos entregáronse á causa, de ser de onde se é: radicalidade de raiceiras e ponlas abertas ao universo.

Natural da banda de Laiño, onde agora ten campá no adro parroquial, mirando ó Ulla... e rapaz daqueles anos setenta nos que, atoutiñando, perdíanse os medos e quería dársele a volta ao mundo. Cando se entoaban tantos himnos que falaban de paz e solidariedade, o *Venceremos nós*, a *Internacional* e se completaba en letra e música o Himno da Galiza: eran os derradeiros anos dunha ditadura cuarteleira, de trompetas e tambores, con corenta anos de ordeno e mando, demente e que fóra de si daba os penúltimos estertores: o 10 de maio do 72, nas multitudinarias manifestacións obreiras do Ferrol a policía ten a orde de disparar. Daniel e Amador mortos, moitos feridos... e seguiría a provocación até os cinco militantes fusilados naquela alborada gris dun 27 de setembro do 75... de nada valeron as súplicas chegadas de todo o mundo, nin as do Papa. Por si os máis novos non o sabían, sinalábase onde e con quen estabamos.

Nacido no cincuenta e curtido nas encrucilladas da vida, como a de moitos que, se daquela non escolleron a emigración, axiña viraban de rumbo para sobrevivir no país de seu: no bar familiar do barrio vigués de Teis, na construción, alternando coas horas de estudo para sacar o título de perito na Escola Técnica de Enxeñaría Industrial de Vigo... bo estudante, bolseiro esoutra universidade de patróns e traballadores, que son os estaleiros Barreras, activo nas reivindicacións... e na militancia de impresoras vietnamita, de células, concienciación, cultura... ás agachadas. Fundador da revista *Desparafuso*, da Asociación Cultural O Castro, animador da Asociación Cultural de Vigo... Cando o exemplo do Che furaba e acougaba nas miras da xente moza. As teorías dicían que formaba parte do compromiso asumir as consecuencias fronte á máquina mortífera dunha ditadura enferruxada. Poden os pulos da mocidade. Vixiado e fichado pola policía retirábase a bolsa de estudos. Recupera o traballo en cerámicas Álvarez, pero axiña ten que deixalo pola bronquite. Pasa a Ferrol, a Astano, logo a Intelsa na Coruña. Alí onde estaba era como Irmandiño do noso tempo, nacionalista e comunista galego, rebelde contra o derradeiro e entolecido franquismo. Militante da Unión do Povo Galego.

Reboiras foi dos fundadores da Fronte Cultural Galega, a necesidade de artellar o asociacionismo, a fin de concienciar sobre canto tiña feito e dito un Castelao, entón prohibido. Ansias de anovar as te-

ses para as necesidades do acontecer. Seminarios na clandestinidade, alternancia de lecturas, do Sempre en Galiza co Atraso económico de Galicia de Beiras, textos de Altusser, de Martha Harnecker, O Retrato do Colonizado, de Albert Memmi, Franz Fanon, Samír Amin... a psicoanálise de Wilhelm Reich... inevitablemente intuía o fin da Longa noite de Pedra e abríanse diferentes camiños de compromiso. Dende as tertulias en voz baixa de café, aos contubernios culturalistas de mesa camilla ou ás células de trastenda. Agradecemos e laudamos na-

queles anos a teoría e a praxe de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, a través das Industrias da memoria, o Laboratorio de Formas, os intentos pola recuperación do Seminario de Estudos Galegos, sementeira. Advertíase do futuro que é presente: a necesidade de reforzar a identidade fronte á globalización, ou o imperialismo, que é o mesmo, e que nos reduce a incautos consumidores impulsivos. Confundir, desarraigar. 1975: días do derradeiro agosto do ditador en Meirás; grises de todas partes concentrábanse en Galiza e aproveitaban para un escarmento exemplar: na noite do 11 ó 12 de agosto uns trescentos policías cercan o barrio ferrolán de Canido. Saben que alí está Reboiras e dous compañeiros máis, Elvira Souto e Lois Ríos. Moncho despista, en axuda de que os outros fuxan por onde poidan, polos tellados... avístanos, disparan, fírenos polas costas, tres tiros de morte... persegúenos, deságrase, até pechase e acosalo con gases lacrimóxenos e ráfagas de metralleta no portal 27 da rúa da Terra. Agora sabemos máis: fanse evidentes as contradicións no atestado, querendo facer ver o suicidio.


Na *Historia de Galicia*, editada no 1979, e da que era colaborador, na parte de contemporaneidade que correspondía ao historiador Francisco Carballo, este anotaba o feito, "asasinado pola policía española". Por isto mesmo houbo xuízo e condena tamén mediática. Formaba parte da letanía para demonizar e confundir: terroristas, separatistas, iluminados, nazis, profetas... cualificativos que caracterizan ao imperialismo, que impón estruturas, idioma e compás.

O 11 do setembro do 2009, na Delegación do Goberno de España en Galiza, o delegado, o carnotán Antón Louro, nun acto sobrio, exemplar lección de madurez e concordia democrática, en nome do ministro de Xustiza, deu lectura e entregou á familia da Declaración de Reparación e Recoñecemento Persoal de Xosé Ramón Reboiras Noia. Un paso máis. A proposta partía do deputado nacionalista galego Francisco Rodríguez, ó abeiro da Lei da Memoria Histórica a fin de reparar a figura de Moncho Reboiras, como unha vítima da ditadura. Despois falou en nome da familia Manuel Reboiras Noia, finalmente Saleta Goi, compañeira do poeta Manuel María, leu a homenaxe dos *Poemas para construír unha patria* ao galego morto: "Espiral que ven dendes do fondo do tempo para abrirse en craridade e futuro..." Os laios da gaita e a pondaliana letra do Himno Galego semellaban feitos para este momento.



Otelo Saraiva de Carvalho

Capitán de abril




**Entre os cravos que murchan e
os que xermolan**

A 'Revolução' 35 anos despois

Conversa cun dos protagonistas da última revolución na Europa. Intercambio de opinións e debate sobre o que puido ser; o realismo das utopías ou a vixencia da esperanza. Diversidade de pareceres e tamén coincidencias que se condensan nestes treitos que eliximos para achegarmos elementos de análise histórica e sociolóxica sobre a mudanza política hoxe e xeracións despois. Quixemos saber o que sabían para se lanzaren á acción naquel abril do 74.

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

DUARTE CORREA PIÑEIRO



Otelo Saraiva de Carvalho na imaxe obtida durante a conversa mantida con el en Compostela. Foi alférez en Angola de 1961 a 1963, capitán de novo en Angola de 1965 a 1967 e tamén na Guiné entre 1970 e 1973, sendo un dos principais dinamizadores do movemento de contestación ao Decreto Lei nº 353/73, que deu orixe ao Movemento dos Capitáns e ao MFA. Era o responsábel pelo sector operacional da Comisión Coordinadora do MFA e foi el quen dirixiu as operacións do 25 de Abril, a partir do posto de comando clandestino instalado no Cuartel da Pontinha. Foi nomeado Comandante do COPCON e Comandante da rexión militar de Lisboa a 13 de xullo de 1975. Fixo parte do Conselho da Revolución cando este foi criado en 14 de Marzo de 1975. En Maio do mesmo ano integra, con Costa Gomes e Vasco Gonçalves, o Directorio, estrutura política de cúpula durante o IV e V Gobiernos Provisorios. Connotado com a ala máis radical do MFA, sería detido como consecuencia dos acontecementos do 25 de Novembro. Solto tres meses máis tarde, foi candidato as eleccións presidenciais de 1976. Volta a concorrer ás eleccións presidenciais de 1980. En 1985 foi preso na consecuencia do caso FP-25. Foi liberado cinco anos máis tarde, após ter presentado recurso da sentenza condenatoria, ficando a agardar xuízo en liberdade provisoria. En 1996 a Asemblea da República aprobou unha amnistía para os presos do Caso FP-25

CANDO DESDE PORTUGAL se botaron a derrubar o fascismo, que tamén dominaba outro Estado da Península, como se contemplaba o que estaba acontecer á beira, as posibilidades de actuación conxunta dos antifascistas de ambos os Estados ou mesmo os temores a un apoio entre as ditaduras? E até que punto se coñecía en Portugal a especificidade das nacións que estaban baixo o Estado Español e concretamente a Galiza?

Antes do 25 de abril, no 73 e 74, desde a perspectiva de derrubamento do goberno fascista, entramos en contacto con oficiais do exercito español. Un camarada noso estaba casado cunha profesora de lingua española que vivía no Estado español e a través del eses contactos foron realizados coa UMD (Unión Militar Democrática), con Luís Otero Fernández, que nos transmitía informacións sobre a situación no Estado español.

Pola miña parte, como responsábel de actuacións e de comandar militarmente o 25 de abril, tiña unha preocupación grande que era o *Pacto ibérico* que existía entre os dous ditadores, entre Franco e Salazar e logo Marcelo Caetano á morte deste, que supoñía un acordo de apoio mutuo no caso de calquera ataque. Ese foi un dos motivos que me levou a rexeitar unha acción defensiva. Cando tiña a orde do proceso elaborada, coas ordes aos oficiais que foran membros do Movemento das Forzas Armadas (MFA) de ocuparen as estradas e de pasaren á

ofensiva, vinme confrontado cun dos camaradas que eu consultara para saber a opinión sobre os meus planos. Díxome que non concordaba nada co que viña de ver, pois el consideraba que había que concentrar todas as forzas do movemento nun campo, por exemplo no campo de Instrución Militar de Santa Margarida, e desde ali exixir a caída do goberno. Isto foi rexeitado por min, e unha das razóns polas que o fixen foi porque era unha medida utópica, pois o goberno fascista nos cortaba todos os abastecementos e remataría por nos facer render. Era unha actitude suicida, mais un dos argumentos que eu tiven para contrapor a esta posición defensiva foi a alusión ao *Pacto ibérico*, pois mesmo se a aviación portuguesa se negase a bombardear o campo de Santa Margarida, Marcelo Caetano podía lograr o apoio da aviación franquista que seguramente non tería escrúpulos en realizar esa acción militar. E esta expectativa de apoio a alto nivel de dous Estados de goberno fascista inclinounos polo tipo de acción que eu propuña.

Sabíamos o que estaba a pasar no Estado Español, mais a pesar de se ofereceren os camaradas da UMD o apoio que precisamos na medida das súas posibilidades, as nosas forzas eran suficientes para levarmos a cabo unha acción vitoriosa, polo que rexeitei o apoio que estaban dispostos a prestar.

En canto á realidade do Estado Español e á unidade que estableceran os Reis Católicos de diversas rexións de

cultura e lingua propias, nos tiñamos a idea de que era unha unidade artificial e non era posíbel conciliar totalmente posicións de pobos diferentes. Tiñamos claro que o pobo galego era distinto, o pobo vasco, e mesmo Andalucía había que contemplala desde unha perspectiva distinta, influenciada pola colonización árabe... Castela formaba un núcleo central que cos seus reis conseguiu, a través dun proceso de conquista, constituír un bloque que chamaron 'España', mais que finalmente era de facto, un Estado de nacións. Tiñamos esa visión, mais sabíamos que había un ditador que quería manter as diferentes nacións baixo unha mesma bandeira e foi creando mecanismos para tornaren posíbel tras a súa morte unha continuidade diso. Sobre todo despois do convulsivo sufrido pola mudanza producida á súa beira en Portugal, que foi utilizada para atemorizar a poboación polos males que podían acontecer pola derrubamento do fascismo, amplificando as convulsións económicas e sociais que nós tivemos.

No Estado español tamén víamos unha forte tradición católica con grande poder da Igrexa. Aínda hoxe. Lembremos como se logrou subir aos altares José M^a Escrivá de Balaguer, fundador do *Opus Dei* que logrou, 30 anos após a súa morte, chegar a santo e ter unha estatua de 5 m de altura á entrada de San Pedro do Vaticano. Iso é poder.

Mais tamén había movementos de resistencia e sobre todo nas nacións oprimidas. Erades conscientes diso e do interese e simpatías que despertastes nese movemento de resistencia e sobre todo no caso galego, e da demanda de solidariedade e apoio que se agardaba dunha revolución triunfante?

Os principios ideolóxicos do MFA de facer regresar ao país a unha democracia representativa levábanos a levar e promover a nosa experiencia de derrubamento do fascismo a todos os países do mundo. E polo tanto á Galiza tamén, por ser un dos pobos



do Estado español cos que había unha grande fraternidade, mais a todos os pobos do mundo. Os pobos non son inimigos os uns dos outros; son os gobernos os que os tornan inimigos. O noso maior cantor de intervención social, José Afonso, que sufriu a prisión e a tortura polas súas convicións ideolóxicas de esquerda, era un home extremadamente feliz na Galiza e amaba apaixonadamente a Galiza. El díciame a min moitas veces: "Cando vou para a Galiza, parece que estou na miña casa". E mesmo para o seu conxunto, que o acompañaba musicalmente, chamaba sempre algún 'irmán' galego –non lembro agora o nome– mais dicía que na cantiga *Venham mais cinco* era el quen mellor facía o *tirururiro*. O Zeca, o símbolo da nosa revolución e da unión do pobo galego e do pobo portugués.

A nosa perspectiva consistía en levar a voz da revolución a todos os pobos do mundo. Dous meses despois do 25 de abril caeu a Ditadura dos Coro-

Os militares portugueses amosaron unha imaxe que contrastaba cos procesos de ditaduras militares que estaban a levar a cabo noutras latitudes que seguían o modelo do Estado Español. Eles puxéronse á beira do pobo e das causas populares ao apostar pola democracia e rexeitar o imperialismo

IMAXES DE GUINE BISSAU POR BARA ISTVÁN



Prisioneiros militares portugueses nunha prisión da guerrilla do PAIGC na Guine—Bissau en 1969



Guerrilleiro do PAIGC no 1969



Prisioneiros militares portugueses nunha prisión da guerrilla do PAIGC na Guine-Bissau 1970



Guerrilleiros do PAIGC na Guine-Conacri, 1970



Vítima do NAPAL usado polas tropas coloniais portuguesas, 1970



Os guerrilleiros do PAIGC entre a paleolítico e o século XX, 1970



Guerrilleiro morto do PAIGC, 1970



A guerrilla contou co apoio da poboación, 1970

neis na Grecia, que xa levaba 7 anos. Eu recibín durante a etapa do PREC (Proceso Revolucionario en Curso) dirixentes sandinistas da Nicaragua que loitaban contra Anastasio Somoza, militantes da esquerda salvadoreña, que estiveron na miña casa, para estudaren a revolución portuguesa e analizaren como derrotar as ditaduras da América Central. Esta última grande revolución da Europa ía ter influencia no futuro. Mesmo a caída do Muro de Berlín e o desmembramento da Unión Soviética tiveron algunha raíz no abril portugués. Lembremos que durante o PREC estivo en representación do PCUS en Portugal, convidado polo PCP, Mikhail Gorbachev. En calquera caso, a nosa influencia foi enorme nos pobos, sobre todo nos pobos de Europa, mais non nos gobernos que nos deixarían só se avanzasemos nas transformacións revolucionarias. Finalmente non foi viábel daquela ir máis alá nun país pobre como Portugal, sen recursos, cunha porcentaxe de analfabetismo nos adultos de 40%, cunha poboación eminentemente agraria... Precisamente un dos nosos maiores recursos provenientes das colonias ía cortarse por determinación do noso movemento. É por todo iso que os poderes económicos non nos permitiron labrar por outro camiño que aquel que finalmente nos impuxeron.

Agora que fas referencia ao proceso de colonización, vós, desde o inicio do proceso tiñades como obxectivo proceder á liberación das colonias?

Si, formaba parte dos grandes obxectivos que nos tiñamos marcado. Digamos que en parte os grandes obxectivos que aglutinaron o MFA se cumpriron e eran fundamentalmente tres: instaurar unha democracia representativa, permitindo a creación de partidos políticos que se confrontarían por ocupar o poder; a descolonización; e o desenvolvemento económico. Eran os tres 'D'. Despois había outros como a liberdade de expresión, a dignidade do pobo, os dereitos de cidadanía, etc., que tamén



se conseguiron. A democracia funciona hoxe en Portugal. É unha democracia burguesa representativa... mais funciona. A descolonización foi feita polo principio do recoñecemento de todos os pobos teren o dereito á súa autodeterminación con todas as consecuencias que iso implicar, mesmo a independencia. Esta era a filosofía do MFA e eran os principios políticos da MFA que eu levei cando pasei a integrar a comisión que en xuño do 74 pasou a tratar de levar acabo conversacións preliminares coa FRELIMO en Lusaka para estudar os mecanismos para levaren á independencia do Mozambique. Iso mesmo levou outros camaradas en misións a Cabo Verde, Angola, Guine Bissau...

En Zambia estivemos Mario Soares mais eu dun lado e Samora Machel no outro lado da mesa en representación da FRELIMO, xunto con oito cadros políticos da Fronte. Durante as discusións, Mario Soares tiña o mandato de lograr un cesamento do fogo á volta de Lusaka, mais negábase a recoñecer a FRELIMO como representante do pobo mozambicano porque aspiraba a instalar alí unha democracia marioneta de tipo occidental con partidos fantoches. E Samora Machel dicíalle: "Non imos pedir aos guerrilleiros que cesen o fogo. Ao contrario, imos aumentar o esforzo da guerra". Eu tiña a orde do Presidente Spínola de vixiar que Mario Soares cumprise o mandato que recibira, pois Spínola díxome que non se fiaba del. Entón eu limiteime

Otelo, estratega do 25 de abril, nun fotografía dun momento da súa vida onde tivo na súa man o poder en Portugal



O 25 de abril partiu a historia de Portugal en dúas. Como vemos na foto da rúa logo da revolución podemos ver nas salas de cine obras clásicas prohibidas durante décadas



a executar as ordes de Spínola, iso é, que se chegase a un alto fogo a todo custo entre a FRELIMO e as tropas portuguesas. Mais as conversas estaban bloqueadas pola negativa de Mário Soares de reconecer a FRELIMO. Entón eu pedín a palabra e dixen: "Como representante do MFA estou absolutamente de acordo coa FRELIMO. Eu, se estivese no seu lugar, faría o mesmo". Eles sabían que as tropas portuguesas estaban desmobilizadas porque xa sabían que iso chegara á súa fin, que o pesadelo rematara e o que querían é volver para casa. Había guarnicións portuguesas no norte do Mozambique que se entregaran á FRELIMO. Cando Samora Machel escoitou a miña intervención dixo: "Pase vostede para este lado da mesa". Eu díxenlle que non, que viña representando o goberno portugués, mais a nosa posición era moi decidida na cuestión da descolonización. Estaba claro que a nosa filosofía nesta cuestión era diferente dos que pretendían dar a independencia para logo implantaren unha democracia de corte occidental con partidos creados artificialmente para rivalizar coa FRELIMO, que levará a cabo a guerra desde había 10 anos coa perda de máis de 100.000 guerrilleiros... Partidos de brancos reaccionarios, fascistas que, a través do sistema electoral europeo, controlarían a situación para continuaren co dominio.

Mais en canto á democratización, o PREC rematou cunha orientación social, reflectida mesmo na

Constitución do 76. Iso é, ía máis alá precisamente dunha democracia formal burguesa, comprometéndose cunha economía a favor das clases populares e uns dereitos sociais que logo sufrirían uns ataques que dalgún xeito fixeron abortar esta dimensión o movemento que inspirou o 25 de abril. A que cres que se debe esta derrota? Falabas antes da inviabilidade económica, mais non houbo tamén unhas diferenzas nos obxectivos dentro do MFA?

Temos que recuar 34 anos para recuperarmos a percepción dun MFA que tiña dentro de si oficiais que o conformaban onde cada quen tiña perspectivas diferentes. Os uns eran só spinolistas; tiñan unicamente a perspectiva de colocar Spínola na presidencia e diciannos a nós que facía falta un programa político e unha vez que colocado Spínola na presidencia faríase o que a xente quixer facer... Spínola tiña un proxecto de poder persoal. Nós non críamos niso. Nós tiñamos unhas bases programáticas e fixemos un programa político, sendo o Melo Antunes o cerebro político do Movemento, e que despois foron negociados cos Xenerais Costa Gómes e Spínola. O noso Movemento elixira no ano anterior, en decembro de 1973 nun primeiro plenario, uns Xenerais para formaren parte do Directorio Militar unha vez derrubado o goberno fascista. Deuse o 25 de abril porque esta unión foi posíbel dentro do propio MFA para derrubar aquel goberno de Marcelo Caetano, e dentro do MFA

GRÂNDOLA, A CANTIGA QUE PRENDEU A REVOLTA, FOI CANTADA POR VEZ PRIMEIRA NA GALIZA



Militares de abril entre os que está Otelos Saraiva de Carvalho, e músicos acompañan a José Afonso nunha das últimas interpretacións de "Grândola"

"Grândola, Vila Morena" é o nome da canción composta e cantada por Zeca Afonso que foi escollida polo Movemento das Forzas Armadas (MFA) para ser o segundo aceno para o comezo da Revolución dos caraveis (Portugués: Revolução dos Cravos). Zeca Afonso compuxo esta canción en homenaxe á Sociedade Musical Fraternidade Operária Grandolense. A canción refírese á fraternidade entre as persoas de Grândola, no Alentexo, e sería censurada polo réxime Salazarista por ser unha canción asociada ao comunismo. Ás 00:20 do día 25 de abril de 1974, a canción era transmitida nunha radio nacional, cantada por militares, como sinal para confirmar as operacións da revolución. Por ese motivo, a ela quedou asociada, así como ó comezo da Democracia en Portugal.

A canción foi incluída no álbum "Cantigas do Maio", editado en decembro de 1971, disco que conta cos arranxos e dirección musical de José Mário Branco. "Grândola, Vila Morena" é a quinta canción do álbum, gravado en Herouville, Francia entre o 11 de outubro e o 4 de novembro de 1971. Foi cantada por primeira vez en público o 10 de maio de 1972 na cidade de Compostela, nun concerto dificilmente esquecível para os que alí estiveron. Pero foi o día 29 de marzo de 1974 que foi cantada no peche dun espectáculo no Coliseu de Lisboa, e entre a asistencia estaban militares do MFA, que virían escoller a canción como unha dos acenos para o arranque da Revolución dos caraveis cando se iniciou a xestación do mito. Curiosamente, para ese espectáculo a censura do réxime fascista prohibira a interpretación de varias cancións do Zeca, entre as cales "Venham Mais Cinco", "Menina dos Olhos Tristes", "A Morte Saiu à Rua" e "Gastão Era Perfeito". Ás 00:20 da madrugada do día 25 de abril de 1974, "Grândola, Vila Morena" foi pinchada no programa Limite da Rádio Renascença. Era o segun-

do aceno que confirmaba a boa marcha das operacións e daba inicio ó avance das forzas organizadas polo MFA. O primeiro aceno, tocada preto de hora e media antes, ás 22:55 do día 24 de abril, foi o tema "E depois do adeus", cantada por Paulo de Carvalho.

Pouco antes da súa morte, Zeca Afonso e varios amigos seus galegos cantaran ao vivo e gravaran unha nova edición da cantiga na "Homenaxe da Galiza a José Afonso".

Grândola, vila morena
 Terra da fraternidade
 O povo é quem mais ordena
 Dentro de ti, ó cidade
 Dentro de ti, ó cidade
 O povo é quem mais ordena
 Terra da fraternidade
 Grândola, vila morena
 Em cada esquina um amigo
 Em cada rosto igualdade
 Grândola, vila morena
 Terra da fraternidade
 Terra da fraternidade
 Grândola, vila morena
 Em cada rosto igualdade
 O povo é quem mais ordena
 À sombra duma azinheira
 Que já não sabia a idade
 Jurei ter por companheira
 Grândola a tua vontade
 Grândola a tua vontade
 Jurei ter por companheira
 À sombra duma azinheira
 Que já não sabia a idade

AS RAZÕES DO MOVIMENTO

(Comunicado do Movimento das Forças Armadas (MFA) - 25/4/74)

Considerando que ao fim de 13 anos de luta em terras do Ultramar, o sistema político vigente não conseguiu definir concreta e objectivamente uma política ultramarina que conduza à Paz entre os Portugueses de todas as raças e credos;

Considerando o crescente clima de total afastamento dos Portugueses em relação às responsabilidades políticas que lhes cabem como cidadãos em crescente desenvolvimento de uma tutela de que resulta constante apelo a deveres com paralela denegação de direitos;

Considerando a necessidade de sanear as instituições, eliminando do nosso sistema de vida todas as ilegitimidades que o abuso do poder tem vindo a legalizar;

Considerando, finalmente, que o dever das Forças Armadas é a defesa do País como tal se entendendo também a liberdade cívica dos seus cidadãos, o Movimento das Forças Armadas, que acaba de cumprir com êxito a mais importante das missões cívicas dos últimos anos da nossa História, proclama à Nação a sua intenção de levar a cabo, até à sua completa realização, um programa de salvação do País e da restituição ao Povo Português das liberdades cívicas de que tem sido privado.

Para o efeito entrega o Governo a uma Junta de Salvação Nacional a que exige o compromisso com as linhas gerais do programa do Movimento das Forças Armadas, que através dos órgãos informativos será dado a conhecer à Nação, no mais



curto prazo consentido pela necessidade de adequação das nossas estruturas, promover eleições gerais de uma Assembleia Nacional Constituinte, cujos poderes pôr sua representatividade e liberdade na eleição permitam ao País escolher livremente a sua forma de vida social e política.

Certos de que a Nação está connosco e que, atentos aos fins que nos presidem, aceitará de bom grado o Governo Militar que terá de vigorar nesta fase de transição, o Movimento das Forças Armadas apela para a calma e civismo de todos os portugueses e espera do País adesão aos poderes instituídos em seu benefício.

Saberemos deste modo honrar o passado no respeito pelos compromissos assumidos perante o País e por este perante terceiros. E ficamos na plena consciência de haver cumprido o dever sagrado da restituição à Nação dos seus legítimos e legais poderes.

había comunistas, socialistas, liberais e mesmo xente da extrema dereita. Claro, unha vez derrubado o goberno empezaron a estoupar os diferentes intereses contraditorios dentro do propio Movemento, e esta situación de fraccionamento foi agudizándose ao longo do proceso revolucionario. Quizais houbo un momento no que a maior parte dos militares concordaban coa perspectiva do Partido Socialista. Mais había camaradas meus que apoiaban claramente o Partido Comunista, sobre todo a unha determinada altura do proceso, en xullo do 74, cando foi apoiado por nós para contrapor a Spínola unha figura moi ligada ao PCP que é o coronel Vasco Gonçalves. Polo tanto, había diferentes alas... Os spinolistas foron expurgados o 28 de setembro do 74, tras unha grande manifestación da chamada 'minoría silenciosa' en que Spínola fixo un apelo para retirar os comunistas do Consello da Revolución e da Xunta de Salvación Nacional. Non o conseguíu e afas-

touse entón, xunto cos seus homes, da Presidencia da República, creándose o Consello dos 20 que durou até marzo do 75. Aí deuse unha tentativa de golpe de Estado do que o brazo armado foi o spinolismo. Na miña opinión —e non teño datos para probalo— quen moveu os fíos foi o Frank Carlucci, que tomou posesión como embaixador dos EUA en xaneiro do 75. El falaba portugués porque, como membro da CIA, participara activamente na implantación da ditadura militar brasileira. Entón producíronse os acontecementos de marzo. Os spinolistas controlaban os paracaidistas e detrás deles a forza aérea portuguesa que decidiu bombardear unha unidade que era comunista, o Cartel da RAL1. Quen sería, na miña opinión, na base da mobilización de masas se o Spínola gañase? O PS do doutor Mario Soares. Estabeleceuse unha amizade moi grande entre Frank Carlucci e o Mario Soares e este sostíña que non había que bloquear economicamente

O Movimento das Forças Armadas tiña dentro perspectivas diferentes; uns so querían colocar a Spinola na presidencia pero nós tiñamos un programa político

Portugal por considerar que había posibilidades de recuperar Portugal para o modelo económico-político occidental, paralizano todas as reformas en marcha.

Nós fixéramos a promesa de que no prazo dun ano celebraríamos eleccións libres a un parlamento constituínte, tendo como obxectivo a elaboración dunha nova constitución. Nesas eleccións de abril do 75 o PS gañou maioritariamente co 37,87 % dos votos. Apareceu un partido como segunda forza política, o Partido Popular Democrático, con case un millón e medio de votos, e o PCP ficou como terceira forza con 12,53%. En virtude deses resultados, o Frank Carlucci –na miña opinión– seguiu a manobrar no sentido de retirar todo o poder ao PC que, ao seu xuízo, era o grande perigo porque, de gañar o poder, podería transformar Portugal nun país comunista ortodoxo nunha área xeoestratéxica importante. E lembremos que un PC no poder retiraría aos EUA a utilización da base das Azores. Os resultados da asemblea constituínte podían tranquilizar a os EUA e a Europa occidental. Mais nese momento producíronse divisións máis profundas dentro do propio MFA cos sectores críticos coa democracia burguesa parlamentar cara a que se orientaba a revolución e a retirada de todo o poder ao PCP baixo o patrocinio de Frank Carlucci. Este colaborou na grande manifestación promovida polo PS o 4 de xullo –curiosamente o día da independencia dos EUA– que, xunto con diferentes medidas de presión, levou á caída de Vasco Gonçalves, que era un instrumento do PCP. Nese movemento eu fun atacado por comunistas e anticomunistas. Lembro o grito: “A foice e o martelo na cabeza de Otelo”.

O PS, na súa acción para retirar todo o poder ao PCP, tiña o apoio de todo o mundo occidental e tamén dentro de Portugal do PSD, do CDS e grupos extremistas de esquerdas, movementos maoístas, etc., que tiñan un odio visceral ao PCP. Iso foi



un proceso que tivo repercusións no interior do MFA, estando a esmagadora maioría por volver aos principios fundacionais do 25 de abril e, xa que logo, de apoio ao PS e aos partidos que apoiaban o PS; ala liderada polo Melo Antunes que, dentro do realismo político, foi o home que conseguiu ter a visión do que era posíbel facer naquela conxuntura; os meus camaradas do MFA que estaban ligados ao chamado ‘gonçalvismo’, loitando pola ideoloxía do PCP. Había tamén unha outra facción do MFA, porque eu me afastara da socialdemocracia por pensar utopicamente nunha outra liña para crear unha nova fórmula de organización política a través da democracia directa, erguendo unha pirámide de poder popular desde as bases, mais ficou minoritaria, francamente minoritaria.

Utópica miránda desde hoxe, mais daquela...

O país non tiña ouro, nin diamantes, nin petróleo, nin nada para se valer por si propio... Salazar mantivera o país nunha ruralidade extrema: máis de 40% estaba dedicada a agricultura e non había unha clase operaria fortalecida. Perdidas as colonias, non ficaba unha fonte de materiais primas que servise de base tamén para o desenvolvemento industrial, un desenvolvemento que, mesmo habendo colonias, Salazar se negara a levar a cabo, deixando explotar eses recursos a multinacionais americanas... Os maiores ingresos nas reservas portuguesas eran as re-



O ditador Oliveira Salazar (na foto) gobernou Portugal desde 1932 até 1968 que foi substituído por razóns de enfermidade por Marcelo Caetano. Coa revolución de abril, os militares e o pobo uníronse contra unha das máis longas ditaduras da historia de Europa (48 anos)

ALIANÇA À LUTA ANTIFASCISTA OS PATRIOTAS DAS FORÇAS ARMADAS



Álvaro Cunhal, dirigente histórico do PCP, sai em 1974 da clandestinidade

Publicamos -como xa é habitual- os resultados do Sistema de Financiamento correspondentes ao ano 2007. Aproveitaremos este Informe de Liquidación para subliñarmos os seus principais resultados, procurando así tornar máis evidentes as eivas do vixente Sistema de Financiamento desde a óptica do noso país a través deste exercicio concreto.

“O nacionalismo como sentimento, como cultura, como doutrina, en todos os seus aspectos, ten unha finalidade fundamental: a conquista para a nosa terra do dereito a dispor de si mesma, e a rexer libremente os seus destinos. Esta vontade de ser que ten a Galiza ciméntase en dúas grandes realidades: a conciencia da súa personalidade propia, e a conciencia da esterilidade e ineficacia do seu sometemento ao Estado español. No primeiro caso o nacionalismo maniféstase como unha forza de creación; no caso segundo, como unha forza de protesta contra unha tiranía dominante.”
(Luís Peña Novo, 1922)

LIMIAR: ÁS PORTAS DUN NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO. Aínda que está dentro do posíbel que o novo sistema de financiamento entre en vigor a partir deste ano (2010) ou que polo menos tiver carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro deste ano, e malia existiren documentos

oficiais referidos a este novo sistema, ben que con abondosas incógnitas numéricas que fan bastante complexa a realización dun cálculo aproximado dos seus resultados, non nos referiremos máis que marxinalmente neste documento a estas importantes cuestións, centrándonos agora, case estritamente, nos resultados para a Galiza da liquidación do sistema de financiamento no ano 2007 e da súa análise dunha maneira semellante á que xa realizamos coas outras liquidacións anteriores do sistema en vigor.

OS RESULTADOS EN 2007 PARA ‘RICOS’ E ‘POBRES’. O actual sistema de financiamento na a súa configuración concreta é unha das derivadas do peculiar modelo de descentralización do Estado español, consecuencia directa da nunca ben ponderada, inequívoca, incontestábel e incombustíbel Constitución de 1978 que, partindo do principio de negación da

XOSÉ DÍAZ DÍAZ

Economista. Autor de múltiples traballos sobre o sector naval, o mercado de traballo e de pensións, o sector enerxético e a fiscalidade. Foi presidente da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galiza na V Lexislatura (1997-2001)



O centralismo trata de borrar as diferenzas entre rexións e nacións e homoxeneizar a todos baixo un mesmo patrón que só convén a quen o deseña a súa medida

xenuína realidade plurinacional¹ do Estado, erixe como soberanía única, orixinal, indiscutíbel e indubidábel a soberanía estatal, identificada nunha Nación española, unha e indivisíbel.

Por tanto, non debería estrañar que a través do mesmo se pretenda colar de contrabando a ideoloxía básica, primaria, do españolismo radical ou moderado, que resumiremos na consabida e recorrente falacia de que a existencia do noso país depende da existencia e xenerosidade do Estado, dada a súa –non á deles– inutilidade conxénita, de orixe, para se valer por si propio. Iso resulta para eles tan evidente como que é o Sol quen xira arredor da Terra, unha verdade radical nos tempos baixo medievais. Por iso turran contra o máis mínimo avance no noso autogoberno, non digamos a nosa soberanía plena.

No entanto, o sistema de financiamento non é máis que o instrumento que ten como finalidade o financiamento das competencias e servizos transferidos ás diferentes Comunidades Autónomas. Este financiamento, no caso do sistema en vigor, realízase por medio dos ingresos tributarios procedentes dunha cesta tributaria que integra unha parte dos impostos estatais, dos que os principais en termos cuantitativos son cedidos² ou territorializados, tamén de maneira parcial, nunhas porcentaxes iguais para todas as Comunidades do réxime común. O modelo completa os recursos con outro ingreso para as Comunidades

(‘gasto’ para o Estado), unha transferencia adicional positiva, no caso de que cos recursos tributarios procedentes desa cesta non se cubrir o custo de subministración dos servizos e competencias, ou unha transferencia negativa no caso contrario. Este ingreso en forma de transferencia é entón o elemento de peche do sistema (a diferenza entre as necesidades de gasto e os ingresos derivados da cesta tributaria) e non por casualidade, se lle denomina Fondo de Suficiencia.

Tamén como transferencia hai que incluír a garantía dinámica (temporal) existente no sistema a respecto tan só do servizo sanitario e que afecta as Comunidades Autónomas nas que os recursos que achega o modelo para a Sanidade medran menos nun ano dado e en relación co ano base do que o crecemento do PIB estatal. Garantía, cunha vixencia temporal restrinxida ao período 2002-2004 inicialmente, mais que polas dificultades que este servizo esencial atravesaba, levou a que a Conferencia de Presidentes de 2005³, entre outras cuestións, estendese a súa vixencia até o momento en que se negocie un novo sistema de financiamento. É posíbel que rematar este proceso ao longo deste ano e que, en todo caso, terá carácter retroactivo a partir do 1 de xaneiro de 2009. A contía desta garantía é moi cativa relativamente ao conxunto de recursos do sistema, sendo a Galiza unha das Comunidades que sempre até a liquidación do ano 2005 se viu afectada pola mesma. Porén, na liquidación correspondente ao ano 2006 a única Comunidade Autónoma afectada é a das Illes Balears na contía de 14 M€, fronte a unha contía total dos recursos do sistema neste ano de 110.030 M€. E neste exercicio (2007) afectou unicamente as Comunidades asturiana e balear, por un montante total de 61,96 M€ sobre un total de recursos do sistema de 114.356,92 M€ (0,05%).

Resulta evidente que os recursos totais que procura o sistema de financiamento poderían ser na súa totalidade quer ingresos na forma de recursos tributarios, quer ingresos na forma de transferencias estatais, sen que por iso se modificar a contía dos recursos totais. Mais é ben sabido como o conxunto do españolismo académico e político pretende derivar desta específica conformación dos recursos do sistema (división en ingresos tributarios e transferencias), sobre todo no noso país, dúas 'verdades' esenciais para os seus obxectivos políticos: a) as Comunidades Autónomas que teñen un Fondo de Suficiencia positivo son acumuladas como 'pobres', de xeito que; b) unicamente poden financiar os servizos a elas transferidos grazas á 'solidariedade' das Comunidades acumuladas como 'ricas'. O simple papel aritmético que desempeña o Fondo de Suficiencia como elemento de peche do modelo convérteo descaradamente nun-

ha póla máis, e non a menos importante, da frondosa árbore españolista que ten como froitos os recorrentes conceptos ideolóxicos da 'Galiza subvencionada' e da 'solidariedade estatal' que presentan o noso como un país inútil, coa pretensión de que determinados segmentos da poboación galega se alimenten con froitos tan pestilentes mais, sobre todo, coa pretensión de coutar ou mostrar como inviábel calquera perspectiva de futuro galego fóra do contexto político-institucional actual.

O cadro seguinte resume os recursos que achega o sistema no ano 2007 para cada unha das Comunidades Autónomas, sendo de agardar que o mesmo sirva, de maneira práctica, para pór de manifesto a falacia de semellantes 'verdades' e o carácter sinxelamente ideoloxista destas vulgaridades e barbaridades 'científicas', expresión máxima da bazofia ideolóxica españolista disfrazada como 'ciencia':

LIQUIDACIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO EN 2007 (millóns de euros)

CCAA	RECURSOS TRIBUTARIOS	TRANSFERENCIAS		RECURSOS TOTAIS
		F. Suficiencia	G. Sanitaria	
Cataluña	16.397,9	2.896,7		19.294,7
GALIZA	4.237,8	3.891,2		8.129,1
Andalucía	12.411,0	9.724,3		22.135,3
Asturias	1.914,4	1.186,2	10,8	3.111,4
Cantabria	1.147,5	737,9		1.885,4
A Ríoxa	594,3	403,2		997,6
Murcia	2.374,7	1.183,7		3.558,4
C. Valenciá	8.983,0	2.799,2		11.782,1
Aragón	2.650,3	1.182,0		3.832,4
Castela-A Mancha	3.179,3	2.528,1		5.707,4
Canarias	1.639,2	3.419,3		5.058,6
Estremadura	1.315,5	2.061,4		3.376,9
Illes Balears	2.673,6	- 230,2	51,1	2.494,6
Madrid	15.621,6	- 195,8		15.425,8
Castela e León	4.292,9	3.274,5		7.567,4
RÉXIME COMÚN	79.433,1	34.861,9	62,0	114.356,9
% GALIZA/RC	5.33	11.16	0.00	7.11



Mesmo no humor e na identificación dos produtos, queda en evidencia a existencia dun país cunhas especificade e necesidades de produción, mercado, infraestruturas, etc... que refutan a cega homoxeneización

Como vemos, todas as Comunidades Autónomas teñen un Fondo de Suficiencia positivo agás os casos das Illes Balears e de Madrid. Así, a identificación de Comunidade 'pobre' como aquela que precisa de Fondo de Suficiencia para completar os recursos cos que financiar as competencias e servizos transferidos (educación, sanidade, xustiza, servizos sociais...) remata nun auténtico desatino *de facto* e intelectual, tanto máis grave cando a todos estes elementos españoлисты hai que supor que deberían coñecer o significado e alcance do vixente sistema de financiamento autonómico de réxime común. Cataluña, que percibe en termos absolutos un Fondo de Suficiencia (2.897 M€) que equivale a case 75% do galego, sería –segundo esta ‘teoría’– unha das máis ‘pobres’ do Estado español. Concretamente, e atendendo ao volume do Fondo de Suficiencia, sería a quinta Comunidade máis ‘pobre’ do Estado, despois de Andalucía, Galiza, Canarias e Castela e León!

É verdade que co modelo que implica o novo Estatut, que non muda a esencia do vixente e que se xeneralizará a todas as Comunidades Autónomas, ocorrerá que ao medrar a porcentaxe de cesión ou territorialización dos impostos principais que integran a cesta impositiva⁶, os maiores recursos tributarios se verán acompañados dunha diminución dos Fondos de Suficiencia polo que, automaticamente, todas as Comunidades pasarán a ser moito menos ‘pobres’. Mesmo o caso catalán, posibelmente cun Fondo de Suficiencia nulo ou quizais lixeiramente negativo, converterase xa nunha das Comunidades ‘ricas’, acompañando nesta cualificación a Madrid e ás Illes Balears. Como se pode comprobar, de facer caso a estes farsantes ‘científicos’, non hai nada máis fácil do que ‘transformarse’ dunha Comunidade ‘pobre’ a ‘rica’ grazas á maxia implícita no trebello do modelo de financiamento. Por que non facer un sistema que financiar as necesidades de gasto unicamente con

ingresos tributarios, eliminando os Fondos de Suficiencia⁷, e con el convertendo en ‘ricas’ todas as Comunidades Autónomas? Para que traballar, producir e innovar?

E que queda da imaxe recorrente de que as Comunidades ‘ricas’ achen para que as outras, as ‘pobres’, sexan capaces de financiar as súas necesidades? Primeiro, decatémonos de que, malia ás diferenzas de dimensión de todo tipo, as Illes Balears teñen un Fondo de Suficiencia negativo (a devolver ao Estado) superior ao madrileño indicando, de acordo co españolismo académico, que as Illas son máis ‘ricas’ do que o territorio onde se localiza a capital do Estado. Claro que ambos os dous Fondos de Suficiencia negativos totalizan a paupérrima contía de 425,9 M€, polo que unicamente significan 14,7% do Fondo de Suficiencia positivo catalán ou 1,2% dos 35.287,8 M€ que totalizan os Fondos de Suficiencia de todas as Comunidades que o teñen positivo. Pretenderán acaso facernos a demostración matemática de que $425,9 > 35.287,8$ como aqueloutra demostración (falsa lóxicamente) que nos ensinaron de cativos, segundo a cal un número enteiro calquera era igual a calquera outro, facéndose así ‘racional’ por exemplo, trocar pesos por catro pesetas? Tal é a ‘ciencia’ dos nosos españoлисты na súa ‘análise’ desnortada do sistema de financiamento.

OS FLUXOS FISCAIS ENTRE A GALIZA E O ESTADO. Mais avancemos coas ‘verdades’ do españolismo académico e político a respecto do sistema de financiamento. No cadro anterior comprobamos que os recursos totais que o sistema de financiamento achegou á Galiza no ano 2007 foron de 8.129.1 M€. Se miramos o *Informe de Recadación Tributaria da Axencia Estatal* (AEAT) dese ano, atopámonos con que a recadación nas Delegacións galegas por todos os impostos do sistema fiscal español (que son máis do que os que se integran na cesta tributaria do sistema de financiamento)

achega soamente 6.550,1 M€. A través diso, o españolismo, incansábel, sinálanos a evidencia manifesta da 'solidariedade' estatal, xa que fronte a unhas necesidades de gasto de 8.129,1 M€, a recadación nas Delegacións galegas da AEAT é unicamente de 6.550,1 M€. *Poor academicismo españolista. Non ten remedio.*

A cuestión chave é: Reflicte este *Informe Anual* da AEAT os impostos soportados polos galegos nese ano? Reflicte realmente o que o Estado arrepaña como impostos aos galegos, para o seu financiamento que –mal que lles pese aos nosos españolistas– non lle chove do ceo madrileño? Os mesmos españolistas irredentos parecen ás veces ser conscientes de que se trata de dúas cousas ben diferentes, mais desprézanos, pasan olímpicamente diso. Non lles parece nin relevante nin importante, pois do que se trata é de afirmar contra vento e maré os feitos 'evidentes' da 'solidariedade' estatal e da Galiza 'subvencionada'. Son ben conscientes, eles si, de que se perden estas armas, perden toda a razón da súa existencia, da súa fe, das súas crenzas. Ficarían totalmente desarmados. O pobo galego tornaría máis libre, algo que non están dispostos a aceptar de ningunha maneira. Hai, pois, que manter a calquera prezo as aparencias: hai que negar a realidade, a verdade.

En troca, parecería que todo galego normal debería estar interesado en coñecer a realidade, é dicir, en coñecer, sequera for dun xeito aproximado, por non resultar fácil nin posíbel a exactitude plena neste ámbito dada a inexistencia dun sistema fiscal propio e exclusivo galego e dado o espazo estatal de que formamos parte, a unicidade do seu sistema fiscal e o comportamento de determinados impostos nun contexto de mercado máis amplo que o simplemente galego. Moitos si coñecen que as sedes das empresas públicas ou dos organismos estatais 'periféricos' da maioría das grandes empresas privadas, industriais ou de servizos con presenza na



Galiza están localizadas fóra da Galiza e moi maioritariamente en Madrid, polo que os tributos resultantes do imposto de sociedades, do IVE, das súas operacións co exterior, ou as retencións dos seus traballadores non se realizan nas Delegacións galegas da AEAT. Como exemplo extremo, desde unha perspectiva fiscal, no Estado español asistimos ao milagre fabuloso de non existiren fumadores máis que en Madrid, pois é nesta Comunidade

O que é a riqueza e a pobreza as veces depende só do que se valora e do que non, ou máis exactamente do que se pon en valor (os touros, por exemplo) e do que se menospreza (os nosos valiosos recursos naturais)



Cruceiro nunha céntrica praza madrileña, agasallo da Xunta de Galiza a Madrid, coa inscrición: "gratitud histórica y centenaria"

onde se recada o 100% do imposto que recae sobre o tabaco. Así, cando me deleito fumando a miña cachimba ou cando merco o tabaco correspondente no estanco preto da miña casa, iso non acontece na realidade: non son máis que fabulacións idealistas miñas, propias do bispo Berkeley, de facer caso aos nosos benqueridos españolistas 'galegos'. De feito, nas delegacións madrileñas da AEAT recadou en 2007, 35% do IRPF e do Imposto de Sociedades, 55% do imposto sobre a renda dos non residentes, 42% do IVE, 82% do todos os impostos especiais, 62% do imposto sobre primas de seguros. En conxunto, case 42% da totalidade da recadación derivada do sistema fiscal español. Por isto, este *Informe* da AEAT non serve nada para nos indicar cales son os impostos totais que soportan os galegos –nin os outros– como consecuencia do sistema fiscal español, por moito que as cifras agregadas dos diferentes impostos contidas neste informe sexan correctas. Vemos así que a recadación de impostos nas Delegacións galegas da AEAT significarían unicamente 3,3% da recadación total estatal. Xa nos gustaría, pensarán algúns. Do mesmo xeito que nel se reflicte que neste ano (2007) –como dixemos– nada menos que 42% da recadación total por todos os impostos se concentra en Madrid, cando o PIB deste territorio significa 17.7% do total español, case dúas veces e medio menos, tornando evidente unha incongruencia flagrante, unha anormalidade absoluta, unha imposibilita-

de, sobre todo tendo en conta o paupérrimo carácter progresivo do conxunto do sistema fiscal español.

Porén, e afortunadamente, o *Informe de Liquidación do Sistema de Financiamento*, para o caso dos impostos que se integran na cesta de tributos, non utiliza o criterio de distribución territorial que mantén o *Informe de Recadación Tributaria* da AEAT, consciente da súa irrealidade e por obedecer a outras finalidades estatísticas que resultan desapropiadas para consideraren adecuadamente os impostos realmente soportados polos habitantes dos diferentes territorios do Estado español. Deste *Informe de Liquidación* podemos obter a recadación xeográfica real da maioría dos impostos que compoñen a cesta tributaria, agás nos casos do IVE e dos Impostos Especiais, para os que, dadas as súas características ben coñecidas, utiliza para a súa distribución territorial uns índices de consumo específicos, conscientes os seus autores de que por medio deste procedemento específico se achega moito máis á carga tributaria real dos mesmos nas diferentes Nacións e Rexións que compoñen o Estado español.

No sistema de financiamento en vigor, negociado a finais do ano 2001 e resultado, basicamente, dun acordo entre o PP e CiU, os impostos que compoñen a cesta tributaria, así como a súa porcentaxe de cesión ou territorialización e volume, foron no ano 2007 para a Galiza, os que se mostran no cadro a continuación:

SISTEMA DE FINANCIAMENTO. Recursos tributarios ano 2007 (millóns de euros) GALIZA

IMPOSTO	% Ces/Terr.	SdF Rec/Terr	Resto Recad/Terr	TOTAL Suportado
Cedidos tradicionais (1)	100	1077,1	--	1077,1
IRPF	33	1195,9	2209,1	3405,0
IVA	35	1219,4	2264,6	3484,0
IIEE de Fabricación (2)	40	471,1	706,7	1177,8
IE Electricidade	100	85,8	--	85,8
IE Matriculación	100	94,5	--	94,5
V. retalista Hidrocarburos (Tramo estatal e autonómico)	100	93,9	--	93,9
SdF : T O T A L		4237,8	5180,3	9418,2

- (1) Sucesións e doazóns, Patrimonio, Transmisións patrimoniais, Actos xurídicos, Taxa sobre o xogo, e taxas afectas aos servizos transferidos (consideradas con criterio normativo)
 (2) Alcol e bebidas derivadas, Cervexa, Produtos intermedios, Hidrocarburos, Labores do tabaco

As sedes das empresas públicas ou dos organismos estatais 'periféricos' da maioría das grandes empresas privadas, industriais ou de servizos con presenza na Galiza están localizadas fóra da Galiza

Obviamente, este cadro non contempla a totalidade dos impostos soportados polos galegos, xa que fica fóra do mesmo o resto de impostos do sistema fiscal español non integrados no Sistema de Financiamento, nomeadamente o imposto de sociedades, de primas de seguros, de tráfico exterior, rendas de non residentes... De xeito aproximado, mais ben máis real do que o que indican as cifras de recadación do *Informe* da AEAT, adoptaremos o criterio de que a carga soportada polos galegos por estes impostos non integrados no Sistema de Financiamento equivale a 6% da recadación real estatal dos mesmos (52.424,6 M€), elevándose entón no ano 2007 a 3.145,5 M€.

Debemos ter en conta que, de acordo co documento do IGE *Galiza en cifras 2007*, o número de empresas con centros produtivos na Galiza mais coa súa sede localizada fóra da Galiza se eleva a 5.147, coma se mostra no cadro a continuación:

RAMA	SEDE SOCIAL	
	GALIZA	FÓRA
I. Extractiva	448	22
I. Manufactureira	15.827	337
Electricidade, Gas, Auga	308	59
Construción	30.092	676
Servizos	159.231	4.053
TOTAL	205.906	5.147

No informe da AEAT *Mercado de Trabajo e Pensións en 2007*, froito da explotación da estatística de recadación do IRPF nese ano, podemos comprobar que estas empresas con sede fóra da Galiza atinxen 150.625 traballadores asalariados, de maneira que a súa dimensión media en termos de emprego, de case 30 traballadores asalariados, é moi superior a da empresa galega en xeral. E do mesmo xeito, mentres que o salario bruto medio declarado nestas empresas con sede social localizada fóra da Galiza foi de 21.720 €, nas empresas coa sede localizada na Galiza (991.186 asalariados)

foi de 15.987 €, só 74% do anterior. Non hai que dicir, xa que logo, que estamos en presenza de empresas moi importantes que tributan fóra da Galiza por todos os impostos estatais que se derivan da realización da súa actividade, en especial o imposto de sociedades. A recadación por este imposto nas Delegacións galegas foi en 2007, segundo a AEAT, de 1.731,3 M€. Ao considerarmos que a recadación real galega debe ser como mínimo 6% da recadación total deste imposto (44.823,2 M€), é dicir, 2.689,4 €, estamos a imputar ás empresas con centros produtivos na Galiza mais coa sede localizada fóra do noso país unha recadación de 958,1 M€, o que supón unha recadación media por parte destas importantes empresas de 0,19 M€ e a maiores, simplificando a taxa neta deste imposto en 30%. Iso significaría que o beneficio medio alcanzado por estas 5.147 empresas con sede lonxe da Galiza sería de 0,6 M€ (103 M. das vellas pesetas). O que nos parece certamente unha posición que se pode cualificar máis ben como conservadora.


Pois ben, coma resultado final do devandito, obteríamos que a carga tributaria que os galegos soportamos como consecuencia do sistema fiscal español é a seguinte:

Polos Impostos integrados no S. de Financiamento	9.418,2 M €
Polos Impostos non integrados no S. de Financiamento	3.145,5
TOTAL	12.563,7 M €

Obviamente, esta é a cifra que hai que confrontar cos 8.129,1 M€ que 'achega' á Galiza o sistema de financiamento para financiar a totalidade das súas competencias, o que nos mostra un diferencial contra a Galiza de 4.434,6 M€. Unha realidade ben diferente da que nos quere presentar o españolismo académico e político a través da comparanza que saben inadecuada e anticientífica que vimos

A Mistificación dos Fluxos Fiscais I. Ano 2007

A Mistificación dos Fluxos Fiscais II. Ano 2007



* Intégranse no SISTEMA DE FINANCIAMENTO

anteriormente, no seu afán por nos manter permanentemente na situación equivalente á dos escravos satisfeitos coa súa situación, en tanto que inimigos frontais do *Denantes Mortos Que Escravos* do noso Castelao. E tamén é fácil acreditar que os recursos tributarios integrados no Sistema de Financiamento para a Galiza (4237,8 M€) significan 33,7% da carga impositiva total soportada polos galegos, quedando alegremente o nunca ben ponderado Estado español cos dous terzos dos impostos realmente soportados polos galegos.

Por outra parte, tal e como xa explicamos noutras partes, esta figura e a seguinte resumen graficamente o contraste entre a ficción implícita derivada da actual estruturación xurídico-política do Estado español que mostra a aparencia deste como o xeneroso repartidor duns recursos de orixe misteriosa, e a realidade do papel que, neste contexto específico, se lle fai desempeñar ao noso país, e na

que o sistema de financiamento cumpre un importante papel.

A maiores, e como sabemos, ademais do réxime común ao que nos referimos aquí, existe o foral vasco e navarro, cos seus sistemas de concerto e convenio. Como exemplo e no ano 2007, as tres facendas forais vascas (aquí non parece existir problema ningún co número de axencias tributarias autenticamente propias) recadaron un total de 13.772,1 M€, resultando a cota a pagar nese exercicio ao Estado español en 1.565,2 M€ para financiar os servizos competencia do Estado ou non transferidos a esa Comunidade. Unha equivalencia galega aproximada debería deixar reducida a diferenza que antes vimos de maneira radical. Mais isto é fariña doutro costal, sobre todo para o españolismo académico e político empeñado nos absurdos, nas loitas contra dos muíños de vento habituais, de inventar dezasete 'nacións' no Estado español. Eles, xa se sabe, non gustan dunha cunca de caldo ga-



lego. Toman dezasete caldos de catro variedades para xustificaren a calquera prezo a estrutura político-institucional estatal actual.

A EVOLUCIÓN TEMPORAL PERVERSA DO SISTEMA PARA A GALIZIA. Un sistema de financiamento, sobre todo tendo en conta as prédicas recorrentes relativas á 'igualdade' persoal e territorial que seica caracterizan a Constitución española se obviamos a teimuda realidade, debería fundamentarse nun principio de suficiencia que garantir os recursos necesarios para ofrecer uns servizos públicos do mesmo (o máis parecido posíbel) nivel e calidade, cuxo custo de subministración é moi diferente en cada Comunidade Autónoma, condición básica que non se tivo en conta na formulación do modelo vixente. Así, no momento de se implantar no ano base, resulta crucial que se tome en consideración na configuración do modelo a situación de partida de cada territorio, o nivel de desenvolvemento relativo, o custo real de subministración dun nivel e calidade dados de prestación dos diferentes servizos públicos e tamén a garantía dunha evolución temporal dos recursos que tornar posíbel e viábel o necesario proceso de converxencia que neste ámbito se debe producir entre as diferentes Comunidades do Estado. Malia a confusión reinante, o outro principio básico, o de autonomía, non ten a ver esencialmente con cuestións cuantitativas, senón coa cuestión principal de que a configura-

ción do modelo estea sustentada na capacidade propia de disposición do gasto e do ingreso de acordo coas eleccións propias de cada territorio. Quer dicir que exista realmente autonomía financeira, unha condición *sine qua non* da existencia de autonomía política efectiva. Aspecto este que o modelo actual contempla a niveis certamente paupérrimos (malia a recorrente propaganda de sermos 'o Estado máis descentralizado do mundo', unha 'auténtica envexa mundial') e que está e estará, por tanto, situado no cerne dos debates actuais e futuros a respecto das reformas estatutarias, por faceren causa directa da repartición vertical do poder político dentro do Estado. E non por casualidade alporizou o conxunto do españolismo académico e político e os seus transmisores mediáticos, colocándose en primeiro plano o seu empeño en couteren calquera posibilidade de permitir un avance, sequera moderado, cara a unha estrutura xurídico-política estatal que recoñecer a plurinacionalidade real existente. E nesta política coinciden esencialmente todos os partidos estatais, diferenciados unicamente en matices que non teñen ningún contido cualitativo verbo da estrutura básica inxerida nunha Constitución española, peza legal esencial declarada inmutábel e arroxada coma unha especie de Verdade Divina contra todo intento da súa modificación nestes aspectos esenciais para o Nacionalismo.

Do lado cuantitativo, se no momento inicial existen diferenzas de

Galiza sempre tivo un pulo económico propio partindo da súa iniciativa se ben sempre foi asimilada e esmagada polo Estado

RECURSOS TOTAIS (millóns de euros) DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO EN VIGOR

Territorio	A. BASE	LIQUIDACIÓNS					
	1999	2002	2003	2004	2005	2006	2007
GALIZA	4.274	5.301	5.718	6.140	6.840	7.659	8.129
Cataluña	9.188	12.111	13.342	14.794	16.787	18.920	19.295
Madrid	6.847	9.595	10.799	11.934	13.474	15.187	15.426
R. COMÚN	54.905	71.317	78.527	86.290	97.648	110.030	114.357
	SOBRE O ANO BASE (1999)						
GALIZA		24,0	33,8	43,6	60,0	79,2	90,2
Cataluña		31,8	45,2	61,0	82,7	105,9	110,0
Madrid		40,1	57,7	74,3	96,8	121,8	125,3
R. COMÚN		29,9	43,0	57,2	77,8	100,4	108,3
	DIFERENZAS DE GALIZA CON						
Cataluña		-7,8	-11,5	-17,4	-22,7	-26,8	-19,8
Madrid		-16,1	-24,0	-30,7	-36,8	-42,6	-35,1
R. COMÚN		-5,9	-9,3	-13,5	-17,8	-21,2-18,1	
	PARTICIPACIÓN DE GALIZA NO SISTEMA (%)						
	7,79	7,43	7,28	7,12	7,00	6,96	7,11

nivel e calidade na subministración dos diferentes servizos polas Comunidades Autónomas, unha cuestión indubidábel, é moi importante observar se a evolución temporal do sistema de financiamento permite dar solución gradual a esas diferenzas. Este non é o caso do modelo en vigor que, como vemos no cadro a continuación para o caso galego, está conformado estruturalmente dunha maneira que provoca un agudo proceso de diverxencia, empeorando relativamente a súa situación inicial. Xusto o contrario do que debería ser. E por tanto, a isto débese prestar unha atención preferente na negociación do novo sistema. Non se trata só de introducir garantías de suficiencia dinámica (temporal), senón de evitar que o seu funcionamento levar a unha evolución diverxente entre as diferentes Comunidades Autónomas. Mais isto non preocupa os nosos españoлисты. Pola contra, parécelles fenomenal, pois daquela se avanza cara a un mo-

delo fundamentado no principio de capitación, que en tal consiste a súa ilusión e propaganda igualitaria, mantendo unha ficción de igualdade que na realidade presupón a consolidación permanente da desigualdade. Curiosamente, de practicaren unha coherencia 'global', deberían defender coa mesma contumacia a igualdade de ingresos a nivel persoal para que todo estiver establecido en termos idénticamente iguais. Mais isto considéranlo absolutamente irracional, unha completa loucura, por razóns ben obvias: Como eles e a súa actividade improdutivo, inane, inútil, de simple sucursal do españolismo rancio ou non, van gozar dos mesmos ingresos que o común dos mortais galegos produtivos que mediante a súa actividade fai avanzar o País?

Vemos aquí de maneira nítida que a evolución do sistema, dos seus Recursos Totais que é o que realmente vale para o financiamento dos servizos e non as ficcións aritméticas, desconsiderando a situación na orixe (no ano base), é moi negativa para a Galiza. E agrávase a cada ano que transcorre, agás no último exercicio (2007), como consecuencia do mellor comportamento económico do noso país en relación coa media do Estado. Comportamento temporal negativo (a famosa 'suficiencia dinámica' no argot correspondente), nomeadamente na súa comparanza con Madrid, malia esta 'rica' Comunidade ter un Fondo de Suficiencia negativo. Reflicte isto un proceso de diverxencia ou de converxencia? Deixámolo para que se pronuncien os españoлисты, que non o farán. Para nós faise evidente que o sistema vixente é completamente desapropiado (e non asumíbel) para o noso país, mesmo deixando a un lado as importantes cuestións ideolóxicas subxacentes.

A maiores, vemos que se a Galiza representaba 7,8% dos recursos totais do sistema de financiamento de réxime común no ano base, no último exercicio liquidado (2007) só representa un escaso 7,1% (-0,7%). Pola contra,

as cifras equivalentes para Cataluña pasaron de 16,7% a 16,9% (+0,2%) e as de Madrid de 12,5% a 13,5% (+1,0%). Unha maneira de comprobar a importante perda de recursos para a Galiza que este comportamento supón consiste en comparar os recursos totais reais que lle achegou o sistema e os que resultarían dunha situación na que eses recursos totais medrasen á mesma taxa media que o conxunto das Comunidades do réxime común, é dicir, que a Galiza conservase a mesma porcentaxe de participación no sistema que a establecida no ano base coma mostraremos máis adiante.

Isto cobra agora unha maior actualidade perante a coincidencia non só do PSOE e do PP senón tamén do 'moderno' sector rexionalista á española do BNG no que a Galiza debe obter no novo sistema de financiamento unha participación de 7,1%!!, na mesma liña á baixa que fixo o 'Bipartito' na negociación sobre os novos recursos para a sanidade como consecuencia dos resultados da II Conferencia de Presidentes de setembro de 2005. Hai que ter en conta que ao se establecer o sistema actual, todas as Comunidades Autónomas contan coas mesmas competencias, ao traspasarse a sanidade a aquelas que aínda non subministraban directamente este importante servizo, deixando de lado cuestións específicas como poden ser os *Mossos d'Esquadra* cataláns que, por certo, reciben financiamento por fóra do sistema de financiamento. Por tanto, á diferenza doutros sistemas anteriores no que o nivel de competencias desempeñado polas diferentes Comunidades Autónomas era moi diferente, esa situación resolveuse co sistema en vigor igualando competencialmente todas as Comunidades do réxime común. E se no ano base deste sistema, cunha participación galega de 7,8%, analizamos como o noso país saíu malparado por mor da nefasta negociación que levou a cabo o Partido Popular, con maioría absoluta daquelas aquí e acolá, como é posíbel situar o obxec-



tivo para o País nunha diminución desta participación en nada menos que 0,7% que teñen un efecto cuantitativo notábel, coma imos ver, e que significa non só non avanzar na equiparación real na subministración dos diferentes servizos en relación coa media estatal, senón consolidar esta negativa situación de partida de cara ao futuro? Unha renuncia á que nos teñen acostumados os partidos estatais que parten sempre nas negociacións esenciais para o País dunha posición á baixa para así concretarse finalmente unha posición relativa moito peor. Propio deles que se senten tan rexionalistas á española coma os que mais! Non debe resultar estrño o contento con que asume esta posición 'galega' o ministro Chaves de Política Territorial: xa atopou un perdedor voluntario, para maior gloria de todos os outros que participarán na repartición da nova torta. Uns poucos voluntarios máis a punto e final. Todos contentos máis unha vez.

Peche no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar fronte á paralización do seu funcionamento (oposicións, convenio, etc...)
O mantemento dos servizos públicos na Galiza depende da decisión política favorable a este modelo e tamén dos recursos que permite financeiros. En ambos casos é o nacionalismo o único que ten un proxecto que aposta pola súa extensión e mellora adaptada a nosa realidade



Nenas participando no Correlingüa na Estrada. A defensa da identidade propia e a lingua é o xeito máis eficaz de defender os nosos intereses económicos para un desenvolvemento autocentrado e un financiamento axeitado ás nosas necesidades

Vexamos rápida e sucintamente as consecuencias da adopción deste 7,1% como posición de partida negociadora. Se o ano base do novo sistema fose o ano 2007 (que seguramente o será 2006) acontecería que, de non se incrementaren os recursos, a Galiza recibiría exactamente a mesma cantidade de recursos que vimos: 8.129 M€ fronte aos 8.934 M€ que significarían o 7,8% inicial. Nada menos cunha diferenza en contra da Galiza de 805 M€ (uns 134.000 millóns das vellas pesetas/ano). Quen dixo que este país non era rico!! E moito peor será a posición relativa cando se contemplaren os recursos adicionais que levará a que non fiquen como están, e que non figuran en ningún documento oficial sobre o novo sistema, mais fálase duns 9.000 millóns de euros, esquecendo do que si realmente está formulado e documentado: “A achega destes recursos adicionais realizáralos o Goberno distribuídos nos TRES ANOS seguintes á entrada en

vigor do novo sistema de financiamento autonómico”, e que “estes recursos adicionais asignaranse ás Comunidades Autónomas en función dos seguintes criterios, entre outros: o incremento da poboación axustada desde 1999, o nivel actual de poboación axustada, a poboación dependente, e os FONDOS DE CONVERXENCIA cara a axustaren diferenzas no financiamento *per cápita* e na renda *per cápita* (de nova creación)”.

Por tanto, de se manteren as posicións referidas, a Galiza sairá prexudicada por unha dupla vía: por aceptar de partida a perda na participación no sistema actual como consecuencia da súa ineficiente instrumentación da perspectiva dos intereses do noso país; e porque, á vista das variábeis que se manexan para a repartición dos recursos adicionais, estes van chegar á Galiza cunha participación mesmo inferior a ese 7,1% fatídico, que oscilará entre 1/3 e 2/3 do mesmo, mais seguro máis preto do extremo inferior segundo diferentes hipóteses realizadas sobre esas mesmas variábeis. Ao que haberá que engadir os efectos negativos que se puideren producir por mor da evolución dinámica (temporal) dos recursos do novo sistema que comezará a funcionar nunha situación de crise que chegando adiada á Galiza manifestará os seus efectos negativos máis tarde cunha contundencia superior, acorde co acontecido noutras etapas anteriores de maior ou menor semellanza que a actual.

Como introducírmonos na temática do novo sistema de financiamento levaríanos á realización dun informe de extensión moi superior ao presente que trata da liquidación no ano 2007 do sistema de financiamento actual, sobre todo dada a actual falta de concreción do lado numérico dos documentos oficiais coñecidos (de xuño e decembro de 2008), deixaremos aquí a cuestión para voltar á cuestión que nos ocupaba, referida aos efectos perversos para a Galiza da evolución temporal do sistema que sintetizamos no cadro seguinte:

							TOTAL
RECURSOS TOTAIS	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2002-2007
1. REAL do SdF	5.301	5.718	6.140	6.840	7.659	8.129	39.7862
2. S/Taxa Crecto. RC	5.552	6.113	6.718	7.602	8.566	8.903	43.454
DIFERENZA: 1 - 2	-251	-396	-578	-762	-907	-774	-3.667
							9,22

Á vista disto parecería que a nosa Galiza é tan 'rica' que se permite asinar un Sistema de Financiamento que implica estas continuas e crecentes regalías pola súa parte cara ás outras Comunidades, nomeadamente a 'pobre' Madrid e que acumulativamente, neste período, se elevan a 9,2% dos recursos recibidos polo sistema e a 6,8 % do PIB galego en 2007. Até onde chegaremos coa fachenda de tanta solidariedade que, logo por riba, se nos predica de maneira inversa! **MAIS O MÁIS GRAVE É QUE SE PRETENDE QUE ISTO MESMO VOLVA A ACONTECER CO NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO.**

Noutros informes, xa afondamos nisto tomando en conta a desagregación dos recursos totais do sistema en transferencias e ingresos tributarios. Como tamén describimos noutro lugar, iso resulta ser unha das cuestións esenciais para que o españolismo deduza os seus ideoloxemas básicos que negan as potencialidades do noso país -de deixárllelas exercer- para o manter nunha posición de permanente dependencia, como albo de xustificación e permanencia eterna do actual Estado español. Tal é a súa estruturación político-xurídica. Algo que, como non podería ser doutra maneira, dada a continuidade que representa o novo sistema a respecto do actual, se vai manifestar dunha maneira sibilina e concreta a través de varios instrumentos do novo sistema, que non vén ao caso comentar aquí -tempo habrá- mais que teñen o seu cumio na esperpéntica e fantástica definición que se fai da capacidade fiscal das Comunidades Autónomas que merecería ser espallada polo mundo enteiro para ver se así os seus 'creadores' desaparecen de vergoña nun calquera dos moitos buracos deste mundo como efecto do espectáculo recorrente dos bombardeos como deporte exemplar.

Non resultará a realidade aquí analizada suficientemente contundente para os nosos españolistas académicos e políticos? Si seguramente,

mais parécelles formidábel, por canto desta maneira poderán continuar acreditando nas súas 'teses' recorrentes da 'Galiza subvencionada', do 'Estado solidario' e parvalladas equivalentes ■

- 1 Ou 'Estado composto' como ás veces se adoita empregar dunha maneira supostamente 'neutral'.
- 2 Cualificación esta de 'cedidos' que sintetiza maxistralmente como a lingua reflicte a ideoloxía dominante.
- 3 Á que a Galiza asistiu mais non estivo, como acontecía a miúdo co Goberno anterior.
- 4 Que non o hai que dicir agacha a pregunta esencial: Quen financia ao Estado? Segundo coñecemos polos españolistas non é máis que unha especie de Espírito Santo localizado no quilómetro cero madrileño.
- 5 Nesta Comunidade como consecuencia do seu especial sistema fiscal na imposición sobre o consumo.
- 6 Coma é sabido, as porcentaxes de 'cesión' e de territorialización pasarán de 33% a 50% no caso do IRPF, de 35% a 50% no caso do IVE e de 40% a 58% no caso dos impostos especiais de fabricación.
- 7 Para a Galiza, segundo esta liquidación de 2007, iso significaría que a porcentaxe de 'cesión' de IRPF, IVE e Impostos Especiais de fabricación se situara en 82%.
- 8 A. Vilar Ponte chegou a dicir que: "os que se chaman galegos, renegando da lingua, non teñen máis dereito a chamárense así que os animais e as plantas que nacen nos nosos eidos". Son uns galegos moi raros que non son conscientes de que o son, ou peor, que son ben conscientes de que non o son.
- 9 Contémplanse como se sabe dous fondos: un de Competitividade para as Comunidades 'ricas' (e este si que resulta innovador a respecto de todos os sistemas de financiamento anteriores) e un de Cooperación para as 'rexións pobres', que no sistema actual, no ámbito das competencias comúns ou LOFCA, se denominaba Fondo de Renda Relativa, cunha contía para o conxunto desas Comunidades que cuantitativamente constituía unha esmola, sendo a súa finalidade real que non aparecen descaradamente beneficiadas no sistema en vigor as Comunidades 'ricas' coma así foi malia isto.



O Centro Galego de Madrid, coa ausencia notoria da bandeira propia e demais sinais da nosa identidade, é unha metáfora do modelo que se nos quer impoñer



OURENSE
a cidadade
da cultura



concello de
ourense 
CONCELLARÍA DE CULTURA

OURENSE CULTURAL



Desenvolvemento rural e organización do mercado

A necesidade de aproveitarmos na Galiza a cadea de valor completa

Falar de sectores agrícolas é falar da pataca, do pan, da horta, das froitas e do viño. Coas súas particularidades e diferenzas, significan unha parte importante da nosa riqueza e asentan a nosa necesaria seguridade alimentaria. O conxunto dos sectores citados suman na Galiza, só a pé de finca, algo máis de 115 millóns de euros. Mais só un sector moi pequeno en superficie como o viño factura máis de 100 millóns de euros de incluírmos, efectivamente, a industria.

IRIA VILLAR RODAL

Enxeñeira Técnica Agrícola. Na actualidade é técnica de asesoramento e xestión en agricultura sustentábel na entidade Xestión Sustentábel Galega (XESGAL)

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ VILAS.

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela. Estudos de 3º ciclo na Universidade de Córdoba sobre Agroecoloxía, Campesiñado e Historia no "Instituto de Sociología y Estudios Campesinos"



Asistentes ao acto de constitución da Federación Rural Galega

Como dicía recentemente o Presidente francés, Sarkozy: "A agricultura representaría a nosa primeira industria se puidesemos sumar produción e transformación". A riqueza non é o que nos poden pagar na porta da explotación polo saco de patacas, o quintal de pan, o quilo de cenorias ou a ola de viño, senón tanta riqueza causa no país que se poidan vender acá ou fóra das nosas fronteiras as patacas fritidas de Sarrreaus, as caixas de viño da Ribeira Sacra, os mirabeis en xarope do Rosal, as nosas mellores empanadas de millo ou a fariña de trigo e as cebolas da Limia, os pementos e os grelos enlatados, licores e moitas máis cousas. A riqueza esta na cadea de valor completa, polo que somos e xeramos riqueza. Falamos de labradores, traballadores de cooperativas, transportistas, comerciantes por xunto, expendedores, grandes superficies, enólogos, sumilleres, gastrónomos... Unha cadea de valor que parte da nosa terra e acaba en toda a xente, toda.

Aínda así, cubrimos moi pouco do noso potencial de mercado. Só no noso consumo de patacas e horta consumimos máis de 320 millóns de euros, do que cubrimos unha mínima parte. Ou xa non digamos os máis de 386 millóns de euros en pan, ou os 420 millóns de euros en froitas... Desde hai tempo, somos importadores netos de alimentos vexetais e case non vendemos fóra. Mesmo somos dos principais consu-

midores de viño dunha coñecida denominación de orixe española. Esta situación veunos dada desde hai tempo e tiveron moito que ver as políticas de desenvolvemento que se centraron máis na emigración resignada do que en organizaren o traballo no campo, xa que non faltan terras nin auga, e mesmo temos un dos mellores climas máis equilibrados do planeta.

Na actualidade, o chamado proceso de 'globalización' ou 'mundialización', conformado pola imparábel evolución do capitalismo, levou a niveis impensábeis de tránsito de mercadorías, materias enerxéticas, minerais, e como non, alimentos. Cada vez máis, a cesta da compra percorre milleiros e milleiros de quilómetros con cousas de nome raro ou non tan raro que veñen de sitios tan distantes. A concentración urbana do consumo foi a máis, polo que ficaron superadas as nosas tradicionais redes de mercados de fresco e de arrieiros e feiras comarcais.

Os tempos de crise intensifican o aumento das marcas brancas, así como a perda de identificación e desvalorización do noso traballo. A crise agudizou unha tendencia histórica que favoreceu a concentración na distribución agroalimentaria a todos os niveis, onde mesmo as industrias e cooperativas de base se ven moitas veces sometidas. As marcas brancas supoñen un salto máis na monopolización da venda ao cidadán en detrimento da santificada competencia.



Non existe, pois, tal competencia, e a consecuencia de todo isto é o aumento na presión sobre os custos e as marxes na cadea abaixo onde estamos nós, os labregos.

Non podemos parar na lameira do desánimo. É preciso enchermos coas nosas producións a cesta da compra de moitos cidadáns. A imaxe dos nosos produtos é un valor intanxíbel que ben saben aproveitar cando convén: no sector do viño xa non asombran as repetidas gabanzas de críticos a nivel mundial sobre a calidade dos caldos das nosas ribeiras. Como dicíamos: non escoitemos as sereas do desánimo recorrente. Repetimos: hai unha imaxe do produto que aínda existe; hai unha experiencia cooperativa de base que mellora a nosa organización; agora temos un tecido urbano mellor comunicado onde podemos e debemos servir máis produto, loxicamente coa debida presenza e calidade. Todo esta na nosa capacidade de nos organizar-

mos social e economicamente. Como no viño eramos pouca cousa, só tíñamos o camiño da calidade, e xa levamos algúns pasos na internacionalización do sector. Fican pendentes a tarefa de recuperación do pan artesán coa nosa fariña de trigo do país, a transformación da pataca da Limia, o relanzamento das comarcas de horta de sempre como no Rosal, a recuperación da fruticultura galega... moitas cousas

Tamén é certo que a crise vai acabar con moita loanza ao individualismo, que se dicía era unha condición social necesaria para modernizar o campo. Este ideal individualista ten outra cara non tan ideal como foi o aumento das débedas aos bancos e a dilapidación de recursos. Así se entende as millares de terras abandonadas e que non fiquen mozos e mozas no campo. Hai que acabar co estado de anarquía organizativa que precisamente alimentou este individualismo: sobre bases sustentábeis

Dirección escollida no acto de constitución o 28 de novembro de 2009, no Pazo de Exposicións e Feiras de Lugo



Xurxo Álvarez Pérez foi eleito presidente de FRUGA

debemos producir organizadamente, para tamén procesarmos e vendermos organizadamente. Está o exemplo do Xapón, onde os seus agricultores conseguen vender directamente máis de 30% da súa produción mesmo en grandes superficies propias.

Uns dos propósitos da Federación Rural Agraria (FRUGA) debería ser o apoio a iniciativas formativas e económicas que permitiren dun xeito práctico aproveitar as profundas mudanzas que operan na sociedade, incluídas as Tecnoloxías de Información e Coñecemento (TICs) e a internet, para crearmos novas situacións de mercado que até agora non tiñamos, onde se vexa e perciba o noso produto e, polo tanto, poida ser adquirido en situacións vantaxosas. Non hai desenvolvemento rural sen organización nos mercados.

Traballo e organización teñen máis que nunca que encher a noso horizonte. Como ben se viu no viño, somos e podemos ser capaces de colocarmos un produto de primeira calidade en calquera lugar do mundo, a comezar polos nosos propios cidadáns. En tempos de crise, debemos exixir por parte das nosas Administracións igualdade no tratamento, fronte a outros sectores: non queremos esmolas, senón asistencia e financiamento dos proxectos organizados nos sectores agrícolas.

Nun consumo máis urbanizado, urxe a debida preparación asociativa e cooperativa que permita reducir

segmentos de intermediación e aumentar o noso poder de negociación, sempre con regras transparentes para todos. Para iso, exiximos o funcionamento efectivo das mesas sectoriais e interprofesionais que a anterior Consellaría de Medio Rural puxo en marcha. Non debemos ficar pasivos, ao sabermos que o aumento da demanda alimentaria leva a caídas cíclicas dos prezos, como ben saben na Limia coa pataca. As crises están deseñadas por capitais especulativos e principalmente pola desregulación dos mercados que moitos gobernos permiten. Ten que haber máis normas e regras para todos/as, e no agro tamén.

Debemos seguir firmes en continuarmos coa reforma das estruturas do país: hai que crear polígonos exclusivos agrarios que aproveiten as terras parceladas e o Banco de Terras da Galiza. É unha obriga ética para os nosos gobernos preservar a capacidade produtiva da terra cultivábel, na que se debe penalizar os aproveitamentos forestais e o abandono especulativo. A quebra do modelo produtivo baseado no cemento e tixolo non pode seguir cegando máis sobre a realidade da nosa máis prezada industria e que non pode ser deslocalizada xamais.

Cumpre non deixarmos de lado as posibilidades de transformación na escala industrial ou artesanal que cubran todos os nichos; reducirmos a dependencia e os custos favorece a sustentabilidade; coñecermos, experimentarmos e exixirmos da Administración as innovacións tecnolóxicas axeitadas á nosa realidade; reducirmos o uso de insumos externos; pecharmos ciclos económicos e proxectarmos a calidade nutritiva dos alimentos que elaboramos... Certamente son moitas cousas. Desta Federación Rural Galega que comeza, agardamos poder investir os necesarios esforzos colectivos para que do que hoxe se fala tiver unha expresión práctica do futuro, que é maña e pasado. Mans á obra! ■

O lugar de Ramón Cabanillas na literatura galega

Hai escritores que se caracterizan dun xeito máis singular por manter un diálogo co seu tempo a través da súa obra, fronte a outros que producen un discurso literario aparentemente máis aséptico e descomprometido que, en moitos casos tamén deixa evidenciar certo inconformismo e actitude crítica cara á sociedade en que viven. Un mesmo autor, debido ás expectativas vitais ou aos condicionantes externos, pode alternar obra que obedeza a unha das dúas tendencias antes mencionada nun ou noutro intre. Globalmente, sempre considereirei o poeta Ramón Cabanillas un home da súa terra e do seu tempo, vocacionalmente receptivo e permeábel á sociedade en que viviu e á vangarda política e cultural do País.

MANUEL REI ROMEU

Licenciado en Filoloxía Galego-

Portuguesa pola Universidade de

Santiago de Compostela. Na

actualidade é profesor no IES

“Concepción Arenal” de Ferrol. Entre os

seus estudos e traballos destacamos os

libros *Arte e verdade. A obra literaria*

de Daniel Castelao e Castelao e

Sempre en Galiza. Así mesmo foi un

dos integrantes do Comité científico

encargado da publicación da *Historia da*

Literatura Galega (1996)



Ramón Cabanillas, nos seus últimos anos

Non podemos negarlle que a súa é obra dun poeta galego que escribiu sempre en galego sen practicamente ningunha fisura. Seguramente foi pola consciencia de participar dun proxecto de erguemento dunha literatura nacional, que non contaba cos apoios nin cos parabéns da oficialidade. Nisto mantén grandes afinidades con outros escritores coetáneos ou devanceiros seus que, malia pasaren persecucións, illamento, estreiteces económicas –que el mesmo chegou a pasar tamén– souberon manter a fidelidade á lingua propia, renunciando a outras tentacións máis doadas.

É moi chamativo, tal e como considera, entre outros, Carvalho Calero¹ que a traxectoria poética de Cabanillas se comezase a xestar na súa estadía cubana (1910-1915), nuns momentos onde aínda latexaba fortemente unha grande veneración por Curros Enríquez, o poeta morto había pouco tempo (1908). Non parece casualidade que os primeiros versos do

novo vate fosen escritos respondendo á petición de Xosé Fontenla Leal, fiel amigo de Curros e promotor de iniciativas patrióticas nese tempo desde a colectividade galega emigrada. O libro *No desterro. Visións gallegas* (1913), alentado pola comunidade galega en Cuba, responde á idea de darlle continuidade ao labor de poetas como Curros e, como tal, á literatura galega dos primeiros anos do século XX, que non andaba sobrada de aportacións deste tipo. Nesta idea volverase a incidir en 1917 cando morre Pondal, facéndose notar de novo as intermitencias da nosa literatura no abrente do século. Non abundaba con advertiren nel unha boa formación clásica e unha grande destreza na técnica versificatoria; o axitador agrario Basilio Álvarez vaino saudar no prólogo do libro como o verdadeiro sucesor: “Xa temos achado ao poeta, ao grande poeta que nos levaron o día que soterraron a Curros”.²

Como é natural, nas fases iniciais, parte da súa obra reséntese dun certo esquematismo e maniqueísmo, propios das proclamas ideolóxicas das reivindicacións agraristas, que confrontan un mundo de opresores e oprimidos. Mais a convulsión do agro galego, nas primeiras décadas do século XX, co grande problema de fondo de desposesión das terras por parte dos labregos, fai albiscar ao mellor da intelectualidade do momento o que é socialmente o país e cara onde deben encamiñarse as alternativas de futuro. A cuestión social axiña vai aparecer incardinada na cuestión nacional coa fundación das Irmandades da Fala e máis inequivocamente coa celebración da I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918. Cabanillas é dos que responde ao reclamo das Irmandades, que axiña verán nel o poeta elixido para abandeirar as reivindicacións do movemento político-cultural nacionalista. Sen desatender as facetas máis introspectivas nas temáticas que aborda a súa poesía, Cabanillas vai saber ocupar ben o seu lugar e res-

ponder ao novo compromiso político. Sitúase un tanto á marxe da dicotomía entre tradición e modernidade; non se sente atraído pola despersonalización das vangardas que percorren Europa e que chegan a assimilar algúns novos poetas galegos.

Da asunción do programa reivindicativo das Irmandades, anunciador da Asemblea de Lugo, é expresivo o seu artigo "Nazionalismo ou soberanía rexional", publicado na portada de *A Nosa Terra* (5/12/1916). Nel xa o vemos consagrado á identificación coa patria, poñendo o corazón "no altar da nosa Terra", en expresión súa; clama contra a "ferida da emigración" e atrevese a afirmar que hai que pasarlle o arado por riba ás Deputacións provinciais por seren covas de prevaricadores³. Do mesmo xeito, dá boa mostra do compromiso coa lingua propia e do poder simbólico desta.

A obra destes anos comeza xa a reproducir os referentes en torno aos cales se articula a mensaxe do nacionalismo e que, a maiores dos fundamentos que caracterizan a nación galega e o interese por momentos determinantes da historia de Galiza, se expresan nun anticastelanismo evidente, na identificación con Portugal ao que se denomina "irmán benamado" ou en aproximacións a Irlanda ("irmanciña adourada"), tal e como pode observarse nos poemas "Ós escolares lusitanos" e "¡Irlanda!" do poemario *Da terra asoballada* (1917).

Dentro da evolución literaria e ideolóxica de Cabanillas, non deixa de ser sintomático que esta -e máis concretamente a década dos vinte- sexa a etapa máis prolífica da súa vida, cando publica case a metade da súa obra máis significativa, en clara coincidencia coa manifestación máis culturalista do nacionalismo galego. Fronte a isto, chama a atención a escasa ou practicamente nula produción literaria dos anos trinta, máis explicábel noutros escritores pola súa participación política nun momento de grandes expectativas para o noso país. Polo demais, a participación po-



lítica súa nas candidaturas de comezos da República, a proposta do Partido Galeguista, non pode considerarse máis que episódica. Este retraemento vén coincidir tamén co seu nomeamento en 1927 como membro da Real Academia Española en representación da literatura galega, xunto con Cotarelo Valledor.

Cabanillas sempre puxo o límite do seu compromiso na súa condición de poeta galego; non era o que podemos chamar un home de acción. A maiores das súas peculiaridades ideolóxicas e persoais, o seu misticismo e catolicismo lévano a asinar en 1931, xunto con Risco, Pedrayo ou Filgueira, a Declaración de galeguistas católicos. Mostrárase mesmo crítico, en certas ocasións, coa estratexia definida polo Partido Galeguista en canto á acción posíbel e ás alianzas dela derivada coas forzas republicanas de esquerda, distanciándose máis -aínda que non definitivamente- de persoas como Castelao co que mantivera unha maior afinidade en anos anteriores. Cabanillas vai amosar, de xeito crecente, un claro desencanto e escepticismo pola actividade política e polo republicanismo españolista que, segundo consideraba, eran os que máis dano facían ao nacionalismo. Á altura de 1934 o republicanismo párecelle máis vello que Renovación Española e xúlgase só republicano "a medias". Se ben se manifesta a prol "dunha autonomía o máis completa posíbel", revélase un tanto inxenuo e contraditorio á hora de interpretar o

Ramón Cabanillas, segundo pola dereita, no Grande Hotel de Mondariz en 1925, á súa beira, Vicente Riestra Calderón (fillo do Marqués de Riestra casado cunha prima de Enrique Peinador), Enrique Peinador, Ramón del Valle Inclán e Victoriano García Martí. Trátase dunha xuntanza da "Sociedad de los amigos de Galicia"



1- Enrique Peinador, 2- Vicente Risco, 3- Eladio Rodríguez, 4- Antón Villar Ponte, 5- Ramón Cabanilla, 6- Adela Lezón, filla do avogado celanovés Manuel Lezón, 7- José Fernández Gallego, corresponsal do xornal ourensán *La Región*, 8- Eva Rodríguez, muller do pintor Francisco Llorén, 9- Vitor Casas, director de *A Nosa Terra*, 10- O pintor Francisco Llorén, 11- O arquitecto Antonio Palacios e a continuación os académicos, 12- Marcelo Macías, 13- Amador Montenegro, 14- Andrés Martínez Salazar, 15- Wenceslao Requejo, 16- Uxío Carré Aldao e 17- Bieito Fernández Alonso

que chama "sentimento autonómico" do pobo galego, así como a capacidade do Partido Galeguista para, sobre esta base, levar a bon termo o Estatuto sen establecer ningunha alianza: "Eu coído que si, que hai sentimento autonómico en Galiza. O que hai é que non xunguilo a certos partidos políticos. Inda é hoxe que non vos déchedes conta de que en Galiza os menos autonomistas son os da esquerda, por moito que digan. Isto non quer dicir que o sexan os da dereita; enténdeme ben."⁴

Na derradeira etapa da súa vida, conducido a un marasmo contemplativo, tamén obrigado pola forza das circunstancias que impoñen a Guerra do 36 e a Ditadura franquista, vese asaltado polas dúbidas e insatisfacción da obra realizada, chegando a ser excesivamente duro e esixente consigo mesmo ao afirmar que a súa obra debe ser peneirada e purgada, aínda que non queden máis que catro composicións ao final. Porén, o home que é consciente de que xa debe retirarse da circulación pola idade e polas circunstancias adversas, vainos legar aínda versos de grande calidade, como son os do poemarios *Camiños no tempo* (1949) ou *Samos* (1958), e que no difícil panorama de supervivencia da literatura galega de posguerra son de grande relevancia.

Nesa orientación de humildade e relativización, temos que entender tamén a teima de atribuír a publicación das súas obras a influencias de determinadas personalidades, pare-

ce que, en moitos casos, como un xeito de autoexculpación ou xustificación. Parece esaxerado termos que acreditar que sempre escribiu por encargo, tal e como lle confesa o propio Cabanillas a Carvalho Calero, con motivo da publicación -accidentada por certo- da súa *Obra completa* en Buenos Aires⁵. Así, aos xa anotados Fontenla Leal, Basilio Álvarez, teríamos que engadir os nomes de A. Villar Ponte, Henrique Peinador, o abade Gómez Pereira, Sánchez Cantón, etc.

En síntese, participamos da idea de que a totalidade debe prevalecer sobre a parcialidade. Son sempre reveladoras do sentido dun compromiso as autoavaliacións que fan algúns escritores ao remate da súa vida, para combateren esas manipulacións ou parcializacións de que xa son obxecto en vida e que non queren ver reflexadas no epitafio que leven a súa tumba. As confesións de Ramón Cabanillas son dun amor inquebrantable á lingua e a Galiza, tal e como expresa nunha das súas cartas (18/8/1948): "...a miña inqueda poética e o meu amor á fala están vivos e acesos", "...morrerei quen fun na veneración á Terra".⁶ ■

¹ Carvalho Calero, R. "Notas sobor da obra de Ramón Cabanillas", prólogo á *Obra Completa*. Eds. Galicia, Buenos Aires, 1959, p. 18.

² Id. Páx. 19.

³ Curiosamente, desde a propia redacción do xornal, tentarán suavizar o que consideran unha arrotada de radicalismo. Cando é nomeado membro da Real Academia Española en 1927 concederáselle unha pensión vitalicia de seis mil pesetas anuais con cargo ás deputacións de Pontevedra e Ourense, e co encargo de redactar un anuario do movemento artístico de Galiza.

⁴ Carta que envía desde Madrid (28/10/1934) a Otero Pedrayo. Ver Alonso Montero, X. "Don Ramón Cabanillas confésase con don Ramón Otero Pedrayo", en *Ramón Cabanillas, camiño adiante*. A Nosa Terra (Extra núm. 10), páx. 6.

⁵ Prólogo de R. Carvalho Calero, páx. 34.

⁶ Alonso Montero, X., *ibid.*, páx. 8.

Ramón Cabanillas

un soño de pombas do seu Cambados

Ramón Cabanillas Enríquez naceu o tres de xuño de 1876 “nunha casiña vella e probe, con patín, antre un pazo que fondou un coengo de Compostela e unha praia que fixo persoalmente Noso Señor, na viliña de Fefiñáns, oxe axugada á vila de Cambados”.

O galego debeu ser o idioma materno e de relación coa nai; pero como indica Luís Rei nunha excelente crónica dos destellos e saudades do poeta cambadés, poida que o galego non fose a lingua preponderante no entorno en que se movía: a decisión de educar así o seu fillo, se cadra, tivo que ver con que “era unha muller de marcado carácter que nunca aceptou que este tivese excesiva protección das persoas para as que

ela traballaba -ou ou coas que convivía- e non quixo que o neno fose criado como un ‘señorito’, porque esa non era a súa condición”.

No seminario compostelán de S. Martiño Pinarío por primeira vez Cabanillas ouviu un mestre louvar a lingua galega, tal como lembrou cando ingresou nas Irmandades da Fala e cando en 1949 redactou o colofón de *Camiños no tempo*. E como seminarista participa en maio de 1891 na

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

Doutor en Filoloxía Románica.

Catedrático da Área de Filoloxía

Románica da Universidade de Santiago

de Compostela. É membro numerario da

Real Academia Galega e do Padroado

do Museo do Pobo Galego



Retratos de labregos e labregas durante os anos nos que Cabanillas apelaba a eles como suxeitos políticos

comitiva que desfilou desde a estación do ferrocarril de Santiago ata o Panteón dos Galegos Ilustres no acto de translación dos restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio padronés de Adina.

Deixa o seminario para traballar como oficial de contabilidade dez anos en Cambados e libra do servizo militar por ser fillo de solteira pobre. A Cuba emigra no 1910 para fuxir da persecución a que o someteron por republicano e, sobre todo, por anticaciquil, tal como en 1934 lle confesará a Otero Pedrayo. Fuxía da presión ambiental da vila natal, que contaba cunha poderosa curia xudicial que se artellou na segunda metade do século XIX e que se consolidou no século seguinte. Esa inmobilista curia, como se dicía en 1907 no nº 1 do quincenario *El Umia*, que fundou e dirixiu Cabanillas, “no es una fuerza creadora sino un corrosivo que ataca todas las sustancias”, unha curia encalecida polo roce do embargo preventivo que non ve con amorosos ollos “más que el santo pagaré al 10 por 100, la hipoteca, la venta con pacto de retro”.

En *El Umia*, que só quería ser un xornal local de dinamización social, aparece por vez primeira o Cabanillas escritor anticaciquil e vagamente agrario. Nese quincenario editáanse os seus primeiros versos en galego: unhas coplas populares e a tradución dun poema de Verdaguer “Preludio. Morrerei no meu niño”. O ano en que marchou para Cuba Cabanillas fundara, tamén en Cambados, o xornal *El*

Cometa, onde mostra a súa adhesión á causa redencionista e anticaciquil do sindicato agrario Acción Gallega, que acababa de crear o crego ourensán Basilio Álvarez, que prologaría en La Habana o seu primeiro poemario, *No desterro* (1913), o que axiña contribuíu á súa difusión.

Basilio dicía que xa se encontrara “al gran poeta que nos llevaron el día que enterraron a Curros”; con todo, o eco da poesía civil de Curros só se percibe en “Camiño adiante” e nuns poucos poemas. Na obra predomina un lirismo neorromántico na liña de Rosalía e hai mostras da estética modernista que chegará ata *Samos*, o seu derradeiro poemario. En *No desterro* está moi presente o seu Cambados natal en poemas costumistas como “No pinal”, “Na ribeira”, “A traínera” ou “Na taberna”, texto este con trazos modernistas. A aparición desa obra e, sobre todo, a de *Vento mareiro* (1915), tamén en La Habana, supuxo unha sensación de alivio e de esperanza para a elite do incipiente nacionalismo galego, porque a estética moderna e universal deste poemario constituía un “aggiornamento” da linguaxe poética. Cabanillas, poeta tardío –tiña 37 anos cando publica *No desterro*–, era o “poeta arelado”, en palabras de Antón Villar Ponte, que logo o bautizaría como “Poeta da Raza”.

Entre 1915 e 1930 Cabanillas representa a estética “oficial” do nacionalismo galego. A súa obra determina a norma dominante mercé a tres

libros fundamentais e de forte impacto nesa época: o citado *Vento mareiro*, dedicado a un Cambados “probe e fidalgo e soñador”; *Da terra asoballada*, poemario de denuncia e de combate; e *Na noite estrelecida*, tres sagas sobre a busca do Grial, que Cabanillas proxectou como un mito galego e universal, como punto de encontro dos países célticos e expresión do sentimento común a Portugal, coa saudade como nexo común.

En setembro de 1930, Cabanillas participou na xuntanza da que saíu o manifesto coñecido como “Compromiso de Barrantes”, un documento que reflectía moi ben as inquietudes e arelas políticas do poeta ás portas da proclamación da II República; porén, na xeira republicana estivo lonxe fisicamente da Terra e emocionalmente afastado da causa que o movera nos anos precedentes. Dissentiu politicamente co galeguismo e distanciou de case todos os vellos “irmáns”; e polo que considera Luís Rei, dos moitos factores que influíron no roteiro vital e ideolóxico do poeta durante os anos republicanos, ningún acontecemento resultou tan decisivo na súa actitude futura como a cancelación que en 1932 fixo a Deputación de Pontevedra da subvención anual das 3.000 pts. que lle concederan cando a finais dos anos 20 o elixiran, xunto con Cotarelo Valledor, membro da RAE en representación das letras galegas.

O golpe de xullo do 36 colleo en Madrid, e no outono dese ano xa figura entre os intelectuais que o goberno republicano desloca a Valencia, onde se reencontra co seu vello amigo Castelao, do que estivera voluntariamente afastado por diferenzas políticas nos anos da República. En xuño de 1937 volve a Galicia, parece ser que coa axuda de Euxenio Montes, falanxista que fora galeguista. O poeta deixaba dous fillos nos dous bandos da guerra: José, falanxista de primeira hora; e Ramón, propagandista da causa republicana e logo exiliado en México. Agora, con 60 e tantos anos, Ca-



Cabanillas diante do monumento a Rosalía na alameda compostelá

banillas comeza unha particular peregrinaxe como secretario interino polos concellos de Meis, Silleda, Dozón, Moaña... sempre con denuncias polo seu pasado galeguista.

O 9 de xaneiro de 1944 representouse en Cambados o poema dramático *A ofrenda ás fadas no portal de Belén*, que é o primeiro texto poético de Cabanillas en moito tempo, escrito posiblemente naqueles duros anos da posguerra. Trátase dunha das primeiras representacións en galego da posguerra. Cando se pon en escena *A ofrenda das fadas* o poeta está a vivir en Cambados un dos momentos máis dolorosos da súa vida, porque unhas semanas antes morrera Eudosa, a nai dos seus oito fillos, a muller que os criara case en solitario, mentres el andaba “desterrado” por Cuba, Madrid, Mondariz... Escríbelle a Otero Pedrayo (“O 24 levoume Dios á miña santa muller...”) e quere que este seu íntimo amigo veña pasar uns días a Cambados para acompañalo.

Polo testemuño de Pedrayo e de familiares do poeta sabemos que a morte de Eudosa marcou un punto e á parte no camiño longo da súa vida, pois fai que comece a vivir nunha intensa soidade. Sempre fora un home solitario cando vivía “desterrado”, pero agora a súa soidade non era só anímica, pois a súa casa da rúa Real de Fefiñáns ficou a soas co poeta e coa filla María Luísa, que axiña marcharía da casa. A mediados dos anos 40 aquel Cabanillas loitador (e soñador)



Cabanillas no 1912 ao regreso de Cuba (con pucha, o cuarto pola esquerda)

séntese realmente triste e derrotado, a xulgar por unha carta a Pedrayo (Cambados, 3 de marzo de 1946):

Non fago nada: espero. A vida é agre. Nesta cerrazón eu non vexo nada. Esta tráxica falta de luz, nos que estamos tan preto de pechar os ollos dunha vez para sempre, é unha anguria doente.

Porén, a finais deses anos 40 Cabanillas vaise embarcar plenamente, e ata a súa morte, na loita sociocultural do galeguismo de posguerra. En 1948 practicamente tiña escrito *Samos*, un dos poemarios descritivos de maior calidade da literatura galega, que se editaría dez anos máis tarde; en 1949 publica *Camiños no tempo*, libro que inauguraba o proxecto editorial Bibliófilos Gallegos. E por unha carta a Pedrayo (Cambados, 18 de agosto de 1948) sabemos que no mosteiro de Samos ía rematar o *Alauda* e *antífona da copra*, a obra que co título *Antífona da cantiga* inaugurou en 1951 o histórico e valioso fondo editorial e o proxecto sociocultural de Galaxia.

Nese triste "inverno" sempre mantivo un inequívoco compromiso coa lingua galega, pois non usou o castelán nas súas novas publicacións. E cando en 1950 na Arxentina morre Castelao, figura que o franquismo tiña totalmente proscrita, editouse clandestinamente a fermosa elexía "¡Irmán Daniel!", asinada por Ramón Cabanillas.

O poeta faleceu o 9 de novembro de 1959 na rúa do Hospital de Cambados e enterrouse en Fefiñáns, a viliña

onde nacera. Ía facer eu sete anos cando unha tarde vin pasar unha interminable comitiva fúnebre pola Calzada, o paseo-alameda que antes fora praia e que une as viliñas de Fefiñáns e Cambados. Ningún dos nenos do barrio de Fefiñáns que esa tarde andabamos a enredar coas follas do outono que estraban todo o paseo sabíamos a quen levaban a enterrar naquela caixa.

Sóbeno moito máis tarde, cando por Defuntos fun con miña nai a levarlle un ramiño de flores a un meu irmán, que estaba enterrado no cemiterio de Fefiñáns mesmo a carón dun panteón cuns versos –posiblemente as primeiras palabras en galego que lin na miña vida– cunha palabra, *aas*, que moito me intrigaban:

Quero na lousa que me dé sosego esta palabra que ten luz: Poeta e esta palabra que ten aas: Galego.

Desde o 12 agosto 1967 as cinsas do poeta descansan na friaxe do chanco do Panteón de Galegos Ilustres. E ¡42 anos! despois da súa translación aínda non figura en Bonaval o epitafio-encomenda que lle fixera á súa muller no poema inicial de *Vento mareiro*.

Remato cunhas palabras da gabanza que Álvaro Cunqueiro, con raíces familiares en Cambados, lle dedicou a Cabanillas cando ocupou a súa cadeira na Academia Galega:

Foi un gran poeta. Cantóu o país seu na lingua propia, perpetuamente fresca, como erba de vran. Cantóu os santos, os héroes, os amadores, os mariñeiros, os labregos, os mendiños, as rosas, o viño, os piñeiros, o mar, e tamén a esperanza humana, e os soños. Era un poeta dunha calidade máis antiga da que agora se leva. Foi o derradeiro, entre os grandes poetas galegos, en empregar pra dicir a poesía voces case sacramentais, xeitos solenes e vaticinios. Díxolle ao seu pobo fermosos cantos, unhas veces irados, outras entusiasmados, e tamén íntimas confesións de corazón a corazón, e sempre pasmando a todos coa beleza descuberta no ácio, na roseira, no vento, no silencio, como un soño de pombas do seu Cambados ■

Eduardo Blanco Amor e *A esmorga*



O cincuenta aniversario d'*A esmorga* pasou con máis pena que gloria. Que eu saiba, só a Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, en mans nacionalistas, articulou unha serie de actividades en lembranza de Eduardo Blanco Amor e a súa excepcional novela, alén dun acto illado noutra cidade (Ferrol) por conta da Sociedade Cultural Medulio. Sen dúbida, todo un síntoma de como anda a promoción da literatura nacional, nomeadamente os clásicos, por conta da oficialidade e da carencia de espallamento e actualización que sofren na práctica cultural popular.

FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. É autor dunha ampla obra de investigación e ensaio en temas lingüísticos, literarios, históricos, culturais e políticos. Destacamos o libro "Eduardo Blanco Amor, o desacougo da nación negada"



Retratos de Eduardo Blanco Amor

Porén, como xa escribín noutra ocasión, a súa persoa e a súa obra expresan, con todas as súas contradicións, a maneira na que a Galiza viviu o século XX. A novelística de Blanco Amor resulta especialmente senlleira pola súa grande coherencia como imaxe do mundo, pola súa veracidade profunda en relación co devir histórico do noso país e as súas perspectivas de futuro. Así, *La catedral y el niño* (1948) é a xustificación da fuxida do país. *A esmorga* (1959) desvenda a opresión, a represión e a violencia sobre as clases populares dunha nación colonizada, coa consecuencia ás veces da propia autodestrución. *Los miedos* (1963) simboliza o suicidio ou a agresión contra o igual como dinámica individualista nun contexto de represión social. *Xente ao lonxe* (1972) significa o esforzo por se integrar na loita pola dignidade dunha nación en marcha cara ao futuro. Todas estas dinámicas, que non son máis que as posíbeis para os galegos

como individuos e como colectividade, experimentounas Blanco Amor. Coñecía no seu cerne a nosa sociedade. Efectivamente, malia todas as súas contradicións, a liña determinante da súa obra é a perspectiva dun futuro certo para a Galiza.

Eduardo Blanco Amor, após anos na emigración americana (1919-1964), comezou a preparar o seu regreso definitivo á Galiza desde 1956, cando menos. Nesta preparación, cumpriu unha función catártica, do punto de vista persoal, e expresou a súa disposición a contribuír de novo ao fortalecemento e á modernización da literatura nacional galega desde dentro, *A esmorga*. Este 2009, concretamente en abril, hai 50 anos que foi publicada esta novela, non aquí senón na editorial Citania de Bos Aires. No entanto, a intención fora editala en Galaxia xa en 1956. Nunha autocrítica publicada en abril 1959 no número 506 da revista *Galicia* do Centro Galego da capital arxentina e da que

era director, Blanco Amor deixou constancia de que saía alí pola mestura de dous impedimentos: "Os criterios que até agora funcionaron arredor da ineditéz d'A esmorga foron dous: o moi honroso ditame do Consello de Redacción da Editorial Galaxia -Vigo- para a cal foi escrita, e o non, mondo e *lirondo*, sen sequera os habilidosos (até parecer cortesés), pretextos de todo xesuitismo, da censura española que prohibiu a súa publicación". Aproveitaba a ocasión para denunciar que, na España franquista, funcionaba un aparato policial para a persecución das obras literarias e os seus autores, exercida por un dos organismos máis "arbitrarios, sinistros e corruptos". O organismo censor, tamén por aquelas datas, impedía a impresión da *Obra Completa* de Ramón Cabanillas, entón octoxenario e enfermo. As dilacións na publicación da novela, desde que fora escrita, seguramente xa ao longo de 1954, indicaban as dificultades para o retorno. As previsión e cautelas a respecto da súa situación económica, das súas posibilidades de subsistencia como escritor tamén en galego, colaboraban a demorar a realización do arela de volta definitiva á patria que abandonara, mozo de 22 anos, en 1919.

A aparición da novela tivo eco na Galiza. A recepción crítica (casos de Fernández del Riego ou Ánxel Fole, en *Faro de Vigo* e *El Progreso*, respectivamente) subliñou o acento orixinal e insólito d'A *esmorga* dentro da literatura galega e mesmo que era "unha das mellores novelas nosas". A edición d'A *esmorga* na Galiza debeu esperar 1970, cando xa estaba o noso autor aquí instalado. Novamente catalogouse como unha das novelas máis importantes dos últimos anos. Para o portugués Rodrigues Lapa, "unha pequena obra mestra". Mais comeza a subliñarse un suposto carácter picaresco, ao que xa aludira un crítico anónimo de *La Región* de Ourense co gallo da primeira edición en Bos Aires. A maiores, atribuíuselle un suposto ton humorístico e irónico. A



Eduardo Blanco Amor co presidente Manuel Azaña na radio nos anos da república

novela era así reconducida a tópicos, non xa reducionistas, senón infundados e desviadores. Esta operación de asimilismo, de intencionalidade moralista e ideolóxica, non favorecía unha correcta análise do sentido da novela e da súa carga reveladora. A editorial Galaxia, nas lapelas desta súa edición, falaba do "humor" que caracterizaría unha boa parte da obra e "dun mundo de picaresca" que sería a súa materia fundamental. Ficaba convertida *A esmorga* así "na primeira narrativa da picaresca galega, feita con ar trouleiro que se axeita ao temperamento do pobo, retranqueiro e ledó". Novamente, unha obra mestra, xenuína, reducíase a enxebrismo ou tipismo retranqueiro. Nada de realidades nacionais, de problemáticas sociais e psicolóxicas, de dialécticas históricas, ideolóxicas e morais, de estruturas de poder e a súa manifestación artística, de traxedias de fundamentación material humana... Iniciouse así unha avaliación con xuízos



Representación da obra "A Esmorga" da man de Sarabela Teatro

ben lonxe da verdade, acomplexadamente mimética e servil do canon literario castelán-español. En todo caso, vale a pena lembrar a súa *Autocrítica* (orixinal en español no número 506 de *Galicia* de 1959): "Certo é que [o autor] quixo construír un relato tráxico, mais sen reminiscencias escolares ou académicas a respecto do valor inamovíbel de tal concepto [...]. O tráxico galego vai igualmente, pode ir, embebido da totalidade da continxencia humana –a tenrura, o humor, mesmo a liberdade de elección– cara á fin aniquilante duns suxeitos. Mais non como postos ao servizo do capricho dos deuses ou do irracionalismo inescrutábel da xustiza de Deus, senón como resultado coherente do xogo vital e dunha ética da coexistencia que inclúe a terra –a os seus accidentes– como un personaxe máis, ás veces decisiva. No caso de *A esmorga*, a chuvia –non a chuvia simplemente meteorolóxica, senón a chuvia galega nunha cidade galega– representa ou quer significar algo así como as moscas n' *As moscas* de Sartre. Esta comparanza xorde ao autor *a posteriori*, como resultado desta indagación autocrítica".

O significado de *A esmorga* é crucial no contexto da obra de Blanco Amor e na historia da literatura galega. Foi produto da súa decisión de se enfrontar a unha realidade opresiva, violenta, represiva e destrutiva da que el fuxira aos 22 anos. Resulta da catar-se do autor para obxectivar un sistema colonial que aniquila os marxina-

nados a través da violencia institucional, representada pola Garda Civil e a Xustiza. Son os marxinaados producidos pola opresión económica, cultural e lingüística, nunha sociedade rexida pola alienación e pola desintegración e atomización sociais, sen clases dirixentes. Nela, as clases populares viven como unha especie de criaturas estrañas ao mundo oficializado. En efecto, os protagonistas son tres xornaleiros, traballadores eventuais nas estradas. Dous deles xa caloteiros e *lumpen* (O Bocas e o Milhomes). O outro, O Castizo, aínda aspira a vivir do traballo e a se integrar socialmente, pensando no matrimonio cunha ex-prostituta da que ten un fillo. El é o protagonista narrador, nunha situación de declaración como acusado, perante un xuíz que está, mais que non ouvimos, indo e vindo desde o cuartel da Garda Civil para cada interrogatorio (os 5 capítulos da novela). O ambiente é o propio dunha urbe galega na transición finisecular; arrabaldes, rúas, espazos concretos de Ourense. Nel móvense estes personaxes, caracterizadamente individuais, mais simbolicamente arquetípicos. Cada un deles é representativo dunha conduta sexual: o homosexual (O Milhomes); o 'bisexual' machista, de aspecto viriloide, necesitado do efecto da bebida para se achegar ás mulleres (O Bocas); o heterosexual (O Castizo). No seu percorrido de 24 horas sen acougo, co alcol e a chuvia lenta e insistente como compañía, chegarán ao punto climático ascendente: a viola-

ción da pobre Socorrito, a toliña, polo Bocas, o asasinato deste por Milhombres, entolecido por tanto sufrimento consoante cunha relación sadomasoquista, e o desfalecemento do Castizo, incapaz de impedir o suicidio de Eladio Vilarchao. O único sobrevivente será aniquilado polo poder establecido, após narrar os sucesos como acusado perante o xuíz, desde a súa peculiar interpretación e moralidade. Mais esta historia non pode chegar a nós se non hai autor-cronista para dar voz a estes personaxes oprimidos, sen voz na historia, nunha nación negada. Tamén, para darnos conta do final desta historia (o narrador-protagonista, asasinado pola Garda Civil), que descoñeceríamos, como tantas outras anónimas, que suceden nos países colonizados, 'sen historia', se alguén nos furgase nos papeis e na tradición oral, como historiador, para elaborar máis tarde esta obra literaria. A estrutura global da novela é tan simbólica e representativa que dela se deriva toda unha imaxe do país, precisamente pola súa fragmentariedade e pola presenza ameazante dun poder extraño. O que non está, podemos intuilo por indicios, por derivacións implícitas, por palabras que non ouvimos mais que están poderosas e represivas... Nunha entrevista en español en *La Región* do 1 de decembro 1958, aludía con estas palabras á novela que estaba a pique de editarse: "Ambas as dúas utilizan o tema ourensán máis fragmentariamente que *La catedral y el niño*. *A esmorga*, que está sendo editada agora en Bos Aires, acontece en 24 horas sobre un itinerario de catro rúas: comeza fronte ao antigo Mesón da Cristalina, logo pasa ao barrio da Burga, Pazo do Castelo, estrada até a estación, Campo das Bestas e As Lagoas, que é onde remata. A outra en castelán, *El Miedo (sic.)*, xa sucede na periferia rústica, entre o alto señorío dos pazos."

É unha moi boa oportunidade para espallar novamente a narrativa de Blanco Amor en xeral, mesmo a que está escrita en español, outra cara da



Orador en Compostela diante do monumento a Rosalía no día da patria galega do ano 1934

realidade da nación colonizada, tan anulada e desconsiderada na literatura española, e tan descoñecida por nós. Acredito en que a lectura d'*A esmorga* pode resultar hoxe un descubrimento para moitos. A nosa política cultural non pode prescindir da continua revalorización e espallamento dos nosos escritores clásicos. Convenzámonos de que a súa capacidade para engaiolaren lectores de hoxe é potente. Tampouco podemos esquecer as súas figura humanas, a súas achegas intelectuais, os seus esforzos contra vento e maré en contextos nada favorábeis, como acontece sempre nas culturas periféricas, a dos países colonizados, nas que os compromisos do escritor resultan ineludíbeis. Os de Blanco Amor foron múltiples e moi valiosos, de forma especial aqueles que asumiu, malia a unha certa indixencia, á volta á patria e, nomeadamente, na transición do franquismo á actual democracia, até a súa morte o 1 de decembro de 1979 ■

Arte literaria e arte cinematográfica: Da plasticidade d' *A Esmorga* (1959)

DIEGO PARDO AMADO

Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade da Coruña con Premio extraordinario e Premio nacional de educación universitaria. Foi profesor de Lingua galega e Literatura de Secundaria e Bacharelato no Colexio Fingoi (Lugo) e no Colexio Santa María do Mar (A Coruña). Interesado pola literatura galega do século XIX, é autor do ensaio *Rosalía de Castro. A luz da ousadía*, colaborando con artigos e traducións en prestixiosas publicacións periódicas. Na actualidade é contratado predoutoral da Universidade da Coruña, onde desenvolve tarefas de investigación e docencia ao abeiro do Programa María Barbeito

Só coa perspectiva temporal necesaria decatouse Blanco Amor da plasticidade cinematográfica das súas novelas, sensibilidade que non sorprende se tivermos en conta a íntima relación do escritor galego con esta arte.

Apenas unha década após a invención do cinematógrafo e con apenas dez anos de idade, o autor de *Poema en catro tempos* (1931) entra en contacto coas cintas documentais dos irmáns Lumière que precedían os primeiros filmes que o autor pode ver no seu Ourense natal, ao tempo que grandes intérpretes do cinema silente como Max Linder ou Francesca Bertini serán decote lembrados por Blanco Amor. Mais, como xa advertimos, a súa relación coa nova arte é profunda e o seu papel excede o dun mero espectador: na capital arxentina escribe comentarios e críticas sobre cinema, exerce docencia sobre guión na Escuela Superior de Bellas Artes da Universidad de La Plata e demostra o dominio deses conceptos na creación de catro guións cinematográficos: *Juan Car...*, *El teléfono*, *Emigrantes gallegos* e *Parranda* (Cfr. Ruiz de Ojeda, 1994: 159, 160).

É precisamente a adaptación cinematográfica d' *A esmorga* (1959) o

centro do noso interese no presente artigo, proxecto que se materializa despois de pasar por innúmeras dificultades.¹ Así, interésanos considerar o proceso de transposición múltipla que conduce da novela blancoamoriana e dos relatos de Guy de Maupassant "Une ruse" e "La question du latin" para o filme *Parranda* (1977), dirixido por Gonzalo Suárez. Por isto, resulta esencial definirmos a perspectiva de aproximación á cal nos adherimos para o estudo da relación literatura-cinema canto ao problema da adaptación textual, enunciándonos os principais puntos de converxencia e diverxencia entre novela e filme. Asemade, co obxectivo de demostrarmos a dialéctica entre ambas creacións, propomos a microanálise comparativa dun fragmento da novela e a súa correspondencia fílmica, exame que confirma a excepcional versatilidade da obra de Eduardo Blanco Amor, a súa natureza plástica e unha radical forza expresiva.

BREVE APROXIMACIÓN TEÓRICA Á RELACIÓN LITERATURA-CINE-MA.

No estudo da relación literatura-cinema somos conscientes de que a adaptación cinematográfica se constitúe como un campo de estudo cuxo obxecto é concreto, mais coa carencia dunha ferramenta metodolóxica que se lle poida aplicar. Por esta razón, tórnase necesario considerar os postulados que Zumalde Arregi plantea arredor dos conceptos de guión cinematográfico e tradución/adaptación (partindo da idea da hipertextualidade de Gérard Genette). A súa pretensión é a de analizar a dialéctica textual entre a obra literaria e a súa tradución/adaptación cinematográfica a partir do establecemento de determinados límites impostos á hipertextualidade genettiana. Zumalde define a tradución/adaptación como unha transformación que actúa sobre un texto A e que desemboca nun texto B, onde o paso de A para B non é única e forzosamente a troca de lingua senón unha muda de linguaxe ou forma de expresión. O texto traducido/adaptado, acrescenta este autor, será hipertexto autorizado polo seu hipotexto, sobre o cal se establecerán relacións, delimitacións e demarcacións (Zumalde, 1996: 205-219). Así, *Parranda* (1977) será o hipertexto ou texto traducido/adaptado, correspondéndose o seu hipotexto co *A Esmorga* (1959) e os relatos "Le ruse" e "La question du latin", polo que nos interesa a transposición múltipla que conduce da novela e dos relatos para o filme.

No presente artigo servímonos da noción de transposición, defendida por diversos autores. Sergio Wolf considera este concepto como a designación da "idea de traslado pero tamén la de transplante, de poner algo en outro sitio, de extirpar certos modelos, pero pensando en outro registro o sistema" (Wolf, 2001: 16). Tamén Alonso Fernández defende a validez da noción de "transposición" face á de "adaptación", como "un proceso de transformación de un siste-

ma comunicativo artístico en outro sistema semiótico de natureza tamén artística y ficcional" (Alonso, 2004: 34). Así, é conveniente prescindir da idea de que a transposición é unha tradución, xa que non estamos perante un mesmo código nin unha mesma disciplina. Dous textos que se transmiten por medio de distinto soporte responderán a obxectivos estéticos autónomos, de modo que a adaptación literaria ao cinema constitúe un elemento de fusión de dúas linguaxes, a literaria e a cinematográfica, que pode ser concibida como o punto de partida para unha exploración que permita establecer de que maneira un texto que emprega a linguaxe escrita pode ser presentado noutro texto que utiliza a linguaxe audiovisual.

De por parte, algúns autores teñen sinalado a tendencia sospeitosa na crítica cinematográfica consistente en xulgar os resultados estéticos dun texto en función da súa adecua-

Cartel da versión teatral da novela de Blanco Amor





Fotogramas da película de Gonzalo Suárez "La Parranda" baseada na novela de Blanco Amor

ción ao texto literario de onde procederen. Existe un tipo de preconcepto estético que parte da base de que unha función primordial de certo tipo de textos fílmicos consiste en seren fieis ao espírito da obra literaria que os inspirou, debate que procede de antano. Como apunta Rodríguez López Vázquez, xa está na orixe do teatro, cando case todas as obras teatrais europeas, nos séculos XVI e XVII, eran transmodalizacións de textos narrativos. Así, só se poderá xulgar a adecuación a aquel criterio se o traballo cinematográfico do director estiver guiado pola idea de respectar o texto literario previo (Rodríguez López Vázquez, 1999:271-272), principio que suscribimos e aplicamos á nosa análise neste traballo. Con efecto, non podemos esquecer que a narración literaria conta con palabras, en canto a cinematográfica utiliza imaxes, entre outros elementos. Así, Peña Ardid (1999: 155-160) salienta que o cinema ten de ser estudado desde a heteroxeneidade dos seus materiais de expresión (imaxe, palabras, música, ruídos), xa que só considerádomos a información que se transmite a través destas canles, é posíbel o establecemento de comparacións xerais coa novela. Así, xa for coa "importación" de temas, coa aportación de teorías e técnicas literarias, xa for coa transposición de xéneros ou formas narrativas, é posíbel o establecemento dunha relación entre literatura e cinema.

A ESMORGA (1959) E PARRANDA (1977). A estrea de *Parranda*, o 17 de marzo de 1977, supón a continuación do camiño que Gonzalo Suárez iniciara coa adaptación de *La Regenta* (1974), en que o director asturiano tivera de se enfrentar a un guión de existencia previa, á sombra da tendencia do cinema dos anos setenta, en que foron prolíficas as producións relacionadas coa literatura. Tamén en *Parranda* (1977) terá de traballar cun guión semi-estabelecido, acadando co produto final un relativo éxito e transcendencia, xa que a cinta foi preseleccionada para o *Festival de San Sebastián* e para os *Premios Oscar* de Hollywood (Martínez, 2000:33-36), suceso sen dúbida relacionado cun elenco de actores e actrices da altura de Fernando Fernán Gómez como profesor de linguas clásicas, José Luis Gómez no papel de Bocas, José Sacristán como Cibrán, Antonio Ferrandis interpretando a Milhomes, Marilina Ross como Socorrito ou Isabel Mestre e Fernando Hilbeck no papel dos señores do pazo de Andrada.

O celebrado filme comeza coa imaxe de Socorrito aproximándose á roda en que unhas nenas cantan, orde de aparición que revela a maior relevancia que a este personaxe feminino é concedido no desenvolvemento dos acontecementos, á diferenza d'*A Esmorga* (1959). Como se dunha ave de rapina se tratase, Socorrito faise sitio no corro, observa con verdadeiro desexo a súa presa e, por último, ataca con rapidez, roubando unha das bonecas con que as crianzas xogaban. A seguir, móstranse imaxes dos fornos de coque e preséntasenos o personaxe de Cibrán,² que proporciona os seus datos persoais para se inscribir nunha listaxe de traballo. Obviamente, os fornos de coque remítennos para Asturias,³ en canto Blanco Amor sitúa os acontecementos en Auria, trasunto literario de Ourense. Non obstante, no filme encontramos constantes referencias a Galiza, como as vellas enloitadas do

prostíbulo da Matildona, a queimada que esta lles ofrece aos protagonistas ou a cidade de procedencia do profesor de linguas clásicas: Lugo.

Cibrán abandona os fornos e agarda pola Raxada, a quen roga que abandone a casa da Monfortina, proclamando a súa intención de traballar e vivir con ela. A Raxada accede e regálalle uns zocos, xa que sabe que lle mancan os pés, elemento este fundamental no tecido simbólico do filme, ao igual que acontece na novela. Neste punto, asistimos a un *flash-forward* consistente na inserción da imaxe dun morto a ser carrexado envolto nun plástico, que se inclúe para ligar coa historia do profesor de linguas clásicas. Un primeirísimo plano de Cibrán declarando, con ton canso e a cara repleta de sinais de violencia, recibe a orde de falar por parte dunha voz en *off*. Só agora somos conscientes de que a narración fílmica consiste na declaración de tres días que Cibrán está a realizar á Garda Civil, dúas xornadas na novela de Blanco Amor. O procedemento utilizado é o *flash-back*, correlato da analepse narrativa anunciada no inicio d' *A Esmorga* (1959): “-Eu, como xa dixen, que eí non o apuntaron, ía pra o meu traballo. Ía pra o meu traballo, eisé Deus me dea, que endexamais saíra da miña casa, ou da casa da Raxada, que pra o conto vén sere o mesmo, tan determiñado a ir pro traballo” (Blanco Amor, 1996:11), estratexia a respecto da que Paz Gago pondera:

“Aspecto central en la configuración del texto narrativo son las manipulaciones del orden temporal del relato con respecto a la historia, entre las cuales es la analepsis, introducción de acontecimientos anteriores al momento de la historia desde el que se cuenta, la modalidad más frecuente. La analepsis, que responde pues al mecanismo propio de la narración de hechos sucedidos con anterioridad al acto narrativo, encuentra su correspondencia en un procedimiento fílmico fundamental, el *flash-back* o retrosección temporal magistralmente



inaugurada por Orson Welles en Ciudadano Cane” (Paz Gago, 2004: 211).

A historia está contada desde a subxectividade de Cibrán, quen organiza a maior parte das secuencias. Ora ben, Gonzalo Suárez concédelle unha maior relevancia no sistema de valores do hipertexto ao papel desenvolvido por Bocas, fronte á que se lle atribuíu no hipotexto, xa que neste era Cibrán o protagonista indiscutíbel. Por outro lado, o final da trama, debido á propia situación e pésimo estado físico do declarante, prefigúranos como inminentemente desgrazado. Nótese tamén como o estilo telefónico que Blanco Amor utiliza n' *A Esmorga* (1959) é trasladado ao filme mediante a inserción estratéxica de cinco primeirísimos planos de Cibrán prestando declaración, ningún deles seleccionado como secuencia inaugural de *Parranda* (1977). Distinto o inicio d' *A Esmorga* (1959), xulgamos a opción cinematográfica de introducir aquel elemento unha vez avanzada a historia altamente produtiva, xa que consegue causar a sorpresa que se perdería se existise maior fidelidade co texto literario.

Continuándonos co *flash-back* agora explicitado, na floresta o Cibrán encóntrase co Milhomes e co Bocas, quen lle pide que non o deixe só co seu amigo. Uns arrieiros descóbrenos a pelexaren, o que os fai dirixírense á taberna da tía Esquilacha, que aprecia o estado dos pés de Cibrán e aconséllalle voltar para a casa, recomendación que na secuencia do prostíbulo

O director de “La Parranda”, Gonzalo Suárez, coa actriz Maribel Verdú



“A Esmorga” de Blanco Amor prestouse tamén para outro tipo de recreacións artísticas a maiores da teatral e cinematográfica como é o caso que aquí reflectimos da banda deseñada. Na seguinte páxina vemos a Blanco Amor diante da tumba de Rosalía de Castro

Enriba, Fernando Fernán Gómez, un dos actores da película “La Parranda” e tamén doutras adaptacións cinematográficas de literatura galego como foi “A lingua das bolboretas”



da Matildona tamén repite a Centola. Deste modo, consolidanse toda unha serie de motivos simbólicos (dor de pés de Cibrán, os zocos, o “pensamento”, o alcohol...) que se axustan aos motivos d’A *Esmorga* (1959), coa excepción do protagonismo que Blanco Amor concede á chuvia como motor da traxedia. Con todo, a través de elementos visuais moi puntuais construírá Gonzalo Suárez a rede simbólica de *Parranda* (1977), introducindo algúns aspectos novos a respecto da novela, tales como o plano de detalle dun ollo de coello⁴ (natural a ligazón entre o órgano da vista e o presaxio) con que se inicia a secuencia do prostíbulo da Matildona ou o plano de conxunto de tres vellas enloitadas, de entre as cales a Centola, nun primeirísimo plano, agoira: “Caballos, caballos, caballos! Ni de corral, ni de cuadra, ni de hierba, ni de montaña! Caballos de matadero. Eso sois, y allí acabareis!”. Aínda na taberna, Bocas é retado a un xogo de naipes por un dos arrieiros que pouco antes acharan na floresta. Observamos os planos de detalle da partida de cartas a través da ollada do arrieiro e do Bocas nun proceso de ocularización primaria, cun xogo de planos e contraplanos de ambos personaxes. Neste proceso, Bocas repara na carta dous de espadas, -detalle que permite unha lectura simbólica-, xa que instantes despois cravará fondamente a navalla no estómago do contrincante, máis tarde dará morte ao conde e, finalmente, el mesmo será asasinado por Milhomes.

De por parte, a decisión do Bocas de iren ao pazo de Andrada ten como punto de partida os contos sobre a súa dona, fantasías populares que tamén achamos no texto literario (Cfr. Blanco Amor, 1996: 31), representante a dona de Andrada dun construto ideal que aglutina cualidades hiperbólicas, que non excede os límites da imaxinación de Bocas e cuxa procura significa a súa destrución (Cfr. Blanco Amor, 1996: 89,90); por contra, a boneca d’A *Esmorga* (1959) cobra vida no texto fílmico, converténdose nunha muller de carne e óso con aspecto inerte.⁵ O outro personaxe feminino de peso, Socorruto, é presentado paulatinamente, desde a secuencia inaugural e até o acceso ao interior da súa casoupa, que significa tamén a entrada no seu particular mundo interior, dominado pola obsesión de posuír descendencia. Representada por Marilina Ross, a súa ollada perdida eríxese como o principal mecanismo para a plasmación da súa loucura: “Disque se puxera tola dende que a botara de perda un serranchín portugués, que a forzou sendo aínda unha cativa, aló no seu logar, que era por Lobeira, ou cousa eisi...” (Cfr. Blanco Amor, 1996: 99).

Na procura de alcohol, os nosos protagonistas diríxense á adega vella, onde sorprenden un profesor de linguas clásicas (maxistralmente interpretado por Fernando Fernán Gómez cun certo paralelismo con Pepe o Cabito no texto literario) acompañado dun cadáver. O profesor relátalles co-




Tanto no texto literario como no fílmico, Bocas caracterízase pola ausencia de remorso polos seus actos, a se debater entre a negación da atracción que sente por Milhomes e mais a obsesión pola dona de Andrada

mo unha dama alumna súa, en apuros porque tiña o seu amante morto no leito e o seu marido estaba a piques de voltar, pídelle axuda. Entre os dous conseguen burlar o esposo, mais instantes despois descobre que o amante fora asasinado cunha agulla de facer punto. O pracer do profesor por esta actividade, de todos coñecida na súa cidade, convérterao no principal sospeitoso do crime, de modo que adoptara a decisión de se desfacer do corpo deitándoo nunha balsa de ácido.

Esta historia correspóndese coa fiel transposición dos textos de Guy de Maupassant, “Une ruse” e “La question du latin”. Do primeiro dos relatos tírase o corpo estrutural da historia, empregando o segundo só para obter o perfil do profesor de linguas clásicas. En consecuencia, “La question du latin” consiste nunha transposición puntual, mentres que en “Une ruse” a transposición é literal do punto de vista cualitativo, agás o personaxe protagonista tirado do outro relato, e integral desde unha perspectiva cuantitativa. Tamén Martínez Delgado pondera que “(...) parece cabal dicir que o texto de Maupassant –“Une ruse”- é unha parodia, isto é, que está desviado, ademais de transposto nunha linguaxe diferente, do seu sentido orixinal porque cumpre un papel dentro do marco da historia na que se insire: o profesor convence a Bocas, Cibrán e Milhombres de que o axuden a desfacerse do cadáver meténdoo nunha balsa de ácido” (Martínez Delgado, 2000: 118). A

transposición dos relatos de Maupassant comporta unha leve alteración do hipotexto axial do filme, xa que involucra os protagonistas d’*A Es-morga* (1959), constituíndo o *flash-forward* inicial e a secuencia derradeira do filme, -en que se corrobora que o profesor de linguas clásicas é na realidade o escribán do xulgado-, dous elos da mesma cadea. Ademais, cómpre salientarmos o tratamento diferenciado que Gonzalo Suárez imprime á secuencia da historia da adega vella, cun difuminado de imaxes simultáneo á narración dos feitos pola voz en *off* do profesor e banda sonora propia do acompañamento musical do cinema silente.

Relacionado con isto, especialmente significativa resulta a escena que segue á visita da casa da Monfortina e á igrexa de Santa Eufemia. No prostíbulo da Matildona oferécesenos un primeiro plano de Milhomes, cuxa expresión muda radicalmente, ao tempo que escoitamos a banda sonora do relato do profesor da adega vella, que se converte en *leit-motiv* musical. A través dun espello situado en fronte do Milhomes contemplamos, resultado dunha ocularización primaria, o rostro sorprendido e a incomodada actitude do profesor, que acaba de estar cunha das prostitutas. A cámara desce para mostrar a reacción do Bocas, que se acha debaixo do espello observando directamente a escena e, describindo un movemento circular, volta ao punto de partida, que é a perspectiva de Milhomes. Nótese que o espello



Blanco Amor, cuxo pai abandonou o fogar cando só tiña tres anos, foi un neno enfermizo que non recibiu unha educación formal, pero que aprendeu pola súa conta lendo xornais. En 1915, á idade de dezasete anos, comezou a traballar como secretario de dirección en El Diario de Orense. Durante esta época frecuentou os faladoiros de Vicente Risco, de quen tamén foi alumno na Escola Normal, figura que tivo unha importancia decisiva na súa futura defensa e promoción da cultura galega. En 1919, moi novo, emigrou a Bos Aires, onde continuou en contacto con intelectuais galegos da emigración, tomando parte activa na Federación de Sociedades Galegas, fundada en 1921, que pretendía aglutinar tódolos inmigrantes galegos e da que chegaría a ser director do seu órgano *El Despertar Gallego*. No 1924 coñece a Ramón Suárez Picallo, que había ser o seu gran amigo. En 1923 fundou con Ramiro Isla Couto a revista *Terra*, en lingua galega. Participou tamén noutra publicación galeguista chamada *Céltiga*

cumpre un papel de especial relevancia, desdoblado a realidade e desvelando a verdadeira identidade do profesor de linguas clásicas, porque o que nel vemos reflectido é xa o escribán do vulgado.

A obsesión do Bocas por estar coa dona de Andrada condúceos máis unha vez ao pazo, mais o seu incendio e o asasinato do señor frustran as súas intencións. Tanto no texto literario como no fílmico, Bocas caracterízase pola ausencia de remorso polos seus actos, a se debater entre a negación da atracción que sente por Milhomes e mais a obsesión pola dona de Andrada. Ora ben, face á novela, é en *Parranda* (1979) o líder indiscutíbel, garantido o avance dos acontecementos pola constancia dos seus máis vehementes desexos. Con efecto, a recorrente máxima por el repetida, "Parranda sin mujeres no es parranda", fai que pense en Socorruto, cuxa violación constitúe o corolario que demostra a súa ausencia de es-

crúpulos. Neste sentido, cómpre sinalar que na escena da violación se emprega o ralenti,⁶ de igual maneira que acontece na violación da dona do pazo polo señor de Andrada, interrelacionándose estas dúas secuencias nunha sorte de significado completo. Ademais, a violación de Socorruto é tamén o desencadeante dos ciumes de Milhomes,⁷ que corre para a casoupa e asasina o Bocas.

Na secuencia derradeira reaparece o profesor de linguas clásicas, agora coa súa verdadeira identidade, escribán do vulgado. Redixe o informe en que recolle a morte de Cibrán perante os rostros do fillo e da Raxada, defendendo que foi debida ao suicidio, para finalmente sentenciar: "Si es que las cosas, de hacerlas, hay que hacerlas bien", en clara alusión sarcástica ao episodio da balsa de ácido. A presenza do profesor de linguas clásicas e, sobre todo, a súa intervención final como escribán, supón unha clara relectura d' *A Esmorga* (1959). O final que Blanco Amor propón é aberto, pondo en cuestión a morte por suicidio que defendía o seu tío (Cfr. Blanco Amor, 1996: 106), deixando aberta a posibilidade da morte por maltrato no cuartel. En troques, *Parranda* (1979) decántase por un final menos aberto, xa que o carácter duplo e enganoso do personaxe representado por Fernando Fernán Gómez, así como as súas derradeiras palabras, conducen á interpretación de que Cibrán morreu na realidade debido ás malleiras propinadas pola Garda Civil.

MICROANÁLISE COMPARATIVA (reproducimos o fragmento sobre o que baseamos a análise). "Arrodeamos o paredón, que dá alí unha volta, e a pouco andar vimos, coasi tapado por unha morea de terra de obra, un grande furado, arrente ó chao, que se metía polos alicerces do muro, coma si estivesen facendo unha mina. Non había alí ninguén traballando, sen dúbida por mor da chuvia. Dempoís de cavilar un instante en que sería aquilo, decatámonos que era pra meter as

augas do canal novo, como estaban a facer noutras moitas casas, que disque agora a xente rica vai ter a fonte na súa casa, que eu non o crerei até que o vexa... Conque, anque nos iamos enfouzar de lama, pois estaba aquilo perdido, metímonos polo furado, e ás poucas pasadas vimos o ceio enriba de nós e as gallas duns arbres por outro furado que subía a pique.

-“Ponte ti eiquí”, ordenou o Bocas, co aquela súa maneira de mandar, cando andaba nelas, que non ademi-tía outra resposta que obedecere. Acrequeñeime un pouco, e logo de botarme a manta por enriba das costas, subiuseme ós ombreiros até acadar a parte de enriba do furado sosténdose nos cóbados. Estivo un pocuo axexando e baixou dun chou-to, pra quedárese estantío, arrimado á parede e cos ollos fitos en nós.

-“¡Está eí!”, tateou moi asustado.

-“¿Quen, hom?”.

-“A muller, a dona isa...”.

-“¿Non volo decía eu?”, argallou o Milhomes, coma pesaroso de que fora certo. “¿Pro vichela ben?”.

-“¡Sandiós, non somella cousa diste mundo! Quedei sen folgos...”.

-“Déixate de coñas... Xa xhe teño vintecatros anos e pasoume o tempo de crer en bruxas”.

-“...sandiós!”, seguiu a falare, coma se non nos tivese ouvido. “Ponte eí; déixame vela outro pouco”.

-“Daquela eu tamén quero ver o que é iso...”.

Sacou o Aladio unha botella de augardente, que roubara no mesón e que traguía no peto da zamarra, e pegámoslle uns bos grolos para nos animar. Logo apañamos uns paus que alí había e fúmolos espetando, a modo de apeas, na terra mol da parede, até facer coma uns banzos de escada. Eu saquei as chancas, amalloeinas pra colgalas do colo e subín o primeiro. O furado daba a un soutiño de camelias, tan escuro que as frores somellaban luciñas de coor. Naquil istante tiven medo, máis que a cousa diste mundo, pois non son eu dos que lle fuxen ás cousas diste mundo, a calis-

quera cousa que podía vir de non sei onde. As pingotadas da grosa chuvia de tronada daban na follax dos camelios cun bruído de redoblante. Non me quixen erguer até que non chegasen os outros, e aínda tiven gañas de baixar sen ter visto nada. Pro nesto chegaron e quedaron a par de min tumbados.

-“¿Qué?”, rosmei polo baixo, dándolle co cóbado ó Bocas.

-“Ollade por eí”, e acenou para un porteliño que había nunha sebe de buxos.

Eisí o fixemos... Aló na galería, que tiña unha das ventás erguidas, víase a máis belida muller que nen pintada eu tiña visto. Lucía mesmamente coma a Virxe do ceio, sen ofender a ninguén. Era branca, branca, co cabelo negro... Tiña os brazos núos, cheios de alfaías, botados para fóra da fiestra, coma si quixera que se lle mollasen coa iauga da chuvia, e tiña posto un vestido, branco tamén e livián para o tempo que facía, coma se non lle importara ren do frío. E polo meio da cabeza víñalle un manteliño ou un veo de coor azul, e os cabos dil saían poa fiestra e arrandeábanse co vento, e como a dona estaba tan queda, somellaban ser a única cousa que tiña vida de seu. Sorría, fitando para onde nós estabamos, pro sen pestanexar, cos ollos mouros, grandes e moi abertos, que aínda puñan seu aquel medo...

Nisto, ó traveso dos cristas embazados, viuse vir pola galería un vulto de home, e acurrunchámonos de novo sen deixar de fitare. Dapouco, chegouse á fiestra e púxose a par da señora un cabaleiro outo, moi fraco, de barba vermella e comprida, fardado cun capildó coma de crego ou fraude. Fumaba un longo puro e tiña ollos inquedados, espantados, coma de tolo. Albiscou para o xardín e púxose a esbardallar nunhas falas que non se entendían, e cando baixaba a voce non deixaba bulir cos beizos, fala que fala...Púxolle unha mau na cabeza á belida dona e acenou coa barba cara o xardín coma si lle amosase algo, sen

O final que Blanco Amor propón é aberto, pondo en cuestión a morte por suicidio, deixando aberta a posibilidade da morte por maltrato no cuartel. En troques, Parranda (1979) decántase por un final menos aberto



Aínda que Blanco Amor xa compuña poesía na súa mocidade, non publicou a súa primeira obra ata 1927, *Os Nonnatos*. Ao ano seguinte seguíuna o libro de poemas *Romances gallegos*, encadrado dentro dunha estética modernista cunha forte influencia dos romances casteláns e de Luís Amado Carballo.

En 1928 retornou durante un ano a Galiza como correspondente do diario *La Nación*. Durante este primeiro regreso coñeceu a Castelao e a varios intelectuais do Partido Galeguista e do grupo Nós, e escribiu *Poema en catro tempos*, que publicaría posteriormente na Arxentina en 1931. Dende Bos Aires colaborou máis tarde coa revista *Nós* con varios poemas e tres capítulos da súa novela inconclusa *A escaleira de Jacob*. Volveu a instalarse no Estado Español como correspondente de *La Nación* entre 1933 e 1935, e coñeceu en Madrid a Federico García Lorca. É salientable o feito de que Blanco Amor foi o responsábel de convencer a Lorca para que publicase os *Seis poemas galegos* (1935)

deixar de barballoar con falas que non tiñan fin e moi anoxadas, anque a fermosa dona non lle contestaba ren, nen deixaba de sorrir... Nunha destas pegou nela forte, colléndoa por un ombreiro, e botouna para atrás dunha pancada, sen guindala, coma si a dona estivese sentada nalgo con rodas. Logo asomou de novo, bulindo a falar, a falar, agora xa berrendo, e púxose a ripar, a tirós, os pelos da barba, soplándoos logo da palma da mau, bafexando forte... E coa mesma, ceibou unha tremendísima gargallada, fixo un corte de mangas cara o ceio e baixou a ventá dun saque tan forte que non sei como non se escachizaron os vidros.

A min todo aquilo apúxome tanto que coasi sen pór pé na apea, vinme no fondo do furado, co cu na lama e tramando coma si tivese perlesía. Os outros baixaron tamén máis ou menos, e todos tres sudabamos coma na porta dun forno. E sen falar verba, erguímonos, pegámoslle

outro bo grollo á botella, e cando nos dispúñamos a liscar ouviuse un escopetazo e caíronnos enriba os retrincos das follas dos camelios..." (Blanco Amor, 1996: 33-36).

O episodio fílmico que se corresponde coa transposición do que acabamos de transcribir iníciase con Bocas e Milhomes no bico do valado que cerca o pazo de Andrada. Existe unha primeira diferenza entre o texto fílmico e o literario no modo en que se accede ao xardín, xa que n' *A Esmorga* (1959) é a través dun "(...) grande furado, arrente ó chao, que se metía polos alicerces do muro, coma si estivesen facendo unha mina" (Blanco Amor, 1996: 33), e en *Parranda* os protagonistas gabéano. A orde de acceso ao recinto resulta reveladora e é plenamente deliberada: Bocas é o primeiro en acadar o cume do muro e tamén o primeiro en saltar ao xardín; Cibrán é o último e ademais ten de ser axudado polos dous compañeiros para o sortear. O plano de detalle dos seus zocos, -responsabilidade do narrador implícito fílmico ou cinerrator-, redunda na idea de debilidade física e psíquica deste personaxe, plano de detalle que constitúe un plus significativo importante. Ao mesmo tempo, os zocos constitúen un *leit-motiv* no tecido simbólico de *Parranda* (1979), en diálogo con secuencias como a da casa da Raxada ou a derradeira no xulgado.

O valado que os tres esmorguistas sortean derrega dous mundos en que o real e o fantástico coliden. A súa é pois unha incursión no descoñecido, acentuada no texto literario por medio da escuridade do día, a chuvia constante e a soidade das rúas: "Non había alí ninguén traballando, sen dúbida por mor da chuvia" (Blanco Amor, 1996: 33); "O furado daba a un soutiño de camelias, tan escuro que as frores somellaban luciñas de coor" (Blanco Amor, 1996: 34); "As pingotadas da grosa chuvia de tronada daban na follax dos camelios cun bruído de redoblante" (Blanco Amor, 1996: 35). En *Parranda* (1979) os elementos so-

noros desenvolven un papel similar; na banda de ruídos destacamos o son da vexetación en contacto co vento e co avanzar dos personaxes, os chíos dos paxaros, as sonoras gargalladas do conde e os perdigóns que este finalmente dispara, contribuíndo para a creación dunha sensación de misterio no espectador e imprimindo tamén sentido de continuidade á secuencia, a realzar a sensación de tempo e espazo. Naturalmente, a música acentúa o efecto de unidade máis que ningún dos outros elementos sonoros, xa que aparecerá noutras secuencias en que faga aparición a dona do pazo. Juan José García Caffi compón unha melodía con dúas partes perfectamente diferenciadas para esta secuencia. O primeiro movemento, coincidente coa incursión dos esmorguistas no xardín, consiste nunha melodía espida de acompañamento que redundará na sensación de penetración no prohibido e descoñecido. O segundo movemento acompaña a visión da dona de Andrada e comporta unha mudanza do punto de vista instrumental. Ademais, a melodía posúe agora acompañamento e a súa textura evolúe *in crescendo* para indicar o desasosiego e brusquidade que significa a aparición do Conde, rematando coa súa sonora gargallada. Téñase tamén en conta que os enunciados verbais, deste episodio redúcense a tres producións: "¡venga, salta!", "¡ya voy, ya voy!", e "¡Déjame ver!, ¿La veis?", pertencentes a Cibrán e Milhombres, en canto Bocas garda un silencio absoluto, mesmo cando é interrogado por Milhombres, porque o seu é un estado de ensimesmamento que chega a dificultar a comunicación. Alén disto, cómpre non esquecermos que estamos perante un personaxe bifacial, xa que se debate entre a negación da súa homosexualidade e a obsesión pola dona de Andrada. Engadimos ademais neste punto a produción intelixíbel do señor de Andrada, en correlación co texto literario: "(...) e púxose a esbardallar nunhas falas que non se entendían, e cando baixa-

ba a voce non deixaba de bulir cos beizos, fala que fala...". Esta ausencia de producións verbais, en consonancia co silencio que a acción que se está a desenvolver require, contribúe para a creación dun ambiente de misterio acentuado pola banda sonora; elídense pois, con este obxectivo, diversos diálogos do texto literario, así como a inicial expedición en solitario de Bocas.

De por parte, o fragmento d' *A Esmergorga* utilizado como punto de partida para a transposición cinematográfica desta secuencia válese da perspectiva de Cibrán, que é no texto literario quen ocupa a posición primeira: "**Eu** saquei as chancas, amalloeinas pra colgalas do colo e subín o **primeiro**"(38), "Aló na galería, que tiña unha das ventás erguidas, **viase** a máis belida muller que nen pintada **eu tiña visto**"(53). Ademais, o texto literario concédelle especial relevancia aos ollos tanto na caracterización dos personaxes como na narración dos feitos, recurso que *Parranda* (1977): "Estivo **axexando** e baixou dun chouto, para quedárese estantío, arrimado á parede e cos **ollos fitos** en nós", "**Ollade** por ei", "Sorria, **fitando** para onde nós estabamos, pro sen pestanexar, cos **ollos** mouros, grandes e moi abertos", "**viuse** vir pola galería un vulto de home", "acurrunchámonos de novo sen deixar de **fitare**", "tiña **ollos** inquedos, coma de tolo", "**Albiscou** pra o xardín e púxose a esbardallar". Porén, á diferenza do texto literario, no texto filmico é Bocas quen ocupa a primeira posición, privilexiándose o seu punto de vista. Desta maneira, Bocas convértese no líder indiscutíbel, garantindo a constancia dos seus desexos o avance dos acontecementos. Con efecto, a secuencia anterior ao episodio que estamos a analizar remata coa súa afirmación, "Lo que es yo, no me quedo con la duda", para se referir á intención de descubrir en primeira persoa se as historias populares sobre os señores do pazo de Andrada son ou non verdadeiras.

O valado que os tres
esmorguistas sorteán
derrega dous mundos
en que o real e o
fantástico coliden.
A súa é pois unha
incursión no
descoñecido



Eduardo Blanco Amor defendeu dende Arxentina a legalidade republicana cando se produciu o estalido da guerra civil española. Durante os 20 anos seguintes utilizou unicamente o castelán na súa obra literaria, con obras como *Los miedos* (1936) ou *La catedral y el niño* (1948). En 1956 volveu ao galego con *Cancioneiro*, e en 1959 publicou a novela que aquí se comenta: *A esmorga*.

En Bos Aires fundou e dirixiu o Teatro Popular Galego, que puxo en escena obras de Lúgrís Freire, do propio Blanco Amor e doutros autores. Tamén foi director da revista *Galicia*, publicada pola Federación de Sociedades Gallegas de Arxentina.

Retornou a Galicia o 16 de xaneiro de 1965, e publicou outra obra que tivo gran repercusión, o libro de relatos *Os biosbardos* (1962), relatos en primeira persoa con protagonista e narrador infantil distinto en cada conto. A súa última etapa foi moi fecunda, a pesar de ser postergado pola cultura oficial: en 1970 alumeou unha nova edición de *A esmorga*, e en 1972 apareceu a extensa novela *Xente ao lonxe*, onde a través dos avatares que lle ocorren a unha familia de clase obreira, retrata a sociedade urbana, moi estratificada, do Ourense de principios de século. Nos seus últimos anos prestou unha grande atención ao xénero teatral, con obras como *Farsas para Títeres* (1973) e *Teatro prá xente* (1975).

Finou en Vigo no ano 1979. Foi soterrado na cidade que o viu nacer no cemiterio de San Francisco

O fragmento xira pois fundamentalmente arredor da figura desta personaxe, cuxa ollada é materializada mediante o encadre, aínda que tende para un certo multiperspectivismo visual, ao nos mostrar secundariamente o punto de vista de Milhomes e de Cibrán. Ora ben, achamos que Bocas e Milhomes constitúen un binomio indisoluble que se verifica nos diversos planos en que se nos mostran as súas caras mentres axexan desde o chan. O contraste entre ambas expresións resulta evidente e pon de manifesto as diverxencias no modo de vivir a experiencia. Bocas permanece inmerso no fantástico da descuberta, "sen deixar de fitare", e polo tanto illado de todo o demais. En troques, Milhomes sorrí e procura a reacción do seu compañeiro no rostro. Desexa ver e sentir o que Bocas olla e sente e, por tanto, gusta da experiencia en tanto que aventura compartillada. Ademais, o contraste Bocas / Milhomes será tamén explotado polo narrador implícito filmico ou cinerador noutras alturas da secuencia; así, após a aparición do Conde no balcón, oferécesenos un primeirísimo plano da cara de Milhomes que contrasta coa reacción no rostro de Bocas, buscada explicitamente polo movemento horizontal da cámara.

Os sucesivos planos xerais do pazo, da responsabilidade enunciadora de Bocas, permíntennos a visión do ruinoso predio primeiro e da dona despois. Naturalmente, a aproximación dos esmorguistas ao pazo com-

porta a evolución na toma e planos de fechamento da balaustrada, -galería no texto literario-, en que se encontra a muller, descrita n' *A Esmorga* da seguinte maneira: "Lucía mesmamente coma a Virxe do ceo, sen ofender a ninguén. Era branca, branca, co cabelo negro... Tiña os brazos núos, cheios de alfaias, botados para fóra da fiestra, coma si quixera que se lle mollasen coa iauga da chuvia, e tiña posto un vestido, branco tamén e livián para o tempo que facía, coma se non lle importara ren do frío. E polo meio da cabeza viñalle un manteliño ou un veo de coor azul, e os cabos dil saían poa fiestra e arrandábanse co vento, e como a dona estaba tan queda, somellaban ser a única cousa que tiña vida de seu. Sorría, fitando para onde nós estabamos, pro sen pestanexar, cos ollos mouros, grandes e moi abertos, que aínda puñan seu aquel medo..." (Blanco Amor, 1996: 35), idealización en que o único que parece ter vida son os cabos do veo de cor azul e cuxa procura significa simultaneamente a súa destrución: "-¡Malia a nai que a pariu! ¡Grandísimo fillo de puta de tolo!, berrou o Bocas. E dándolle un tremendo couce á cadeira, guindou coa dona no chau, que alí quedou do mesmo xeito que estaba sentada, cos ollos estantíos brilando co luar. Logo de dare dúas pasadas aínda voltou, cheio de caraxe, i afundiou o tacón dúas ou tres veces na cara da boneca que quedou feita un buraco, mouro e témero, coma unha calivera escachada" (Blanco Amor, 1996: 89,90).

A boneca con aparencia de muller d' *A Esmorga* (1959) cobra vida en *Parranda* (1977), converténdose nunha muller de carne e óso con respecto de boneca, diferenza fundamental entre o texto filmico e o literario. Talvez por esta razón se prescindira de elementos que pretendían humanizar a boneca, tales como o sorriso permanente ou o movemento do manteliño azulado. Con todo, mantense o traxe branco, -símbolo de pureza e virxindade, en claro contraste co vermello

A boneca con aparencia de muller d' *A Esmorga* (1959) cobra vida en *Parranda* (1977), converténdose nunha muller de carne e óso con aspecto de boneca, diferenza fundamental entre o texto fílmico e o literario

da capa do conde-, como única vestimenta da muller. Por último, convén sinalar a introdución da balastrada do balcón como elemento semántico novo e innovador no texto fílmico, selecciónándose, reforzándose e interrelacionándose desta maneira contidos determinados. Da nosa óptica, a súa presenza non é meramente decorativa, senón que cumpre un papel activo ao se interpor nos planos en que a muller se nos mostra desde a perspectiva dalgún dos protagonistas, constituíndo unha metáfora do seu particular encarceramento en vida, sinalado en diversos tramos do texto literario: "Algúns decían que a tiña fechada a cal e canto, por mor dos ciumes que tiña até do aer que a tocaba, que din que lle faltara cun amigo nesas terras de por eí adiante, e que a trouxera á forza pra tela, de por vida, metida na casa coma nunha cadea" (Blanco Amor, 1996: 31).

A súbita irrupción do conde no balcón descóbrenos "(...) un cabaleiro outo, moi fraco, de barba vermella e comprida fardado cun capildó coma de crego ou frade" (Blanco Amor, 1996: 35), representado por Fernando Hilbeek. A súa actitude resulta na esteira da descrición de Blanco Amor, se ben no texto fílmico se incorporarán novidades: "Nunha destas pegou nela forte, colléndoa por un ombreiro, e botouna pra atrás dunha pancada, sen guindala, coma si a dona estivese sentada nalgo con rodas" (Blanco Amor, 1996: 36), "E coa mesma, ceibou unha tremendísima gargallada, fixo un corte de mangas cara o ceio e baixou a ventá dun saque tan forte que non sei como non se escachizaron os vidros" (Blanco Amor, 1996: 36).

Após un curto primeirísimo plano do rostro de Bocas, oferécesenos un plano medio-longo da dona de Andrada, simbolicamente "encarcerada" polos balaústres. A seguir, irrompe unha cámara subxectiva que propón un percorrido de lectura deseñado polo seu desprazamento vertical. O plano de detalle da alfaiada man do

señor de Andrada, -nótese o papel da música neste punto-, deixa paso á visión da manga da súa capa de veludo, cuxos pregos vermellos ocupan agora por completo o noso campo de visión. Ademais, intercálanse varios primeirísimos planos do rostro de Bocas, establecendo o narrador implícito fílmico unha clara ligazón entre este personaxe e o simbolismo representado polo vermello, que simultaneamente denota perigo e sensualidade. Tamén o tratamento da luz redundará na noción de perigo, ao mudarmos dunha relativa claridade no exterior do xardín para unha maior enfatización das sombras no seu interior, insitíndose na creación dunha atmosfera misteriosa.

O punto de chegada da viaxe proposta polo movemento vertical da cámara é o perfil da cara do conde, cuxos ollos resultan fundamentais para a súa caracterización, de igual modo que na novela: "(...) tiña ollos inqueados, espantados, coma de tolo" (Blanco Amor, 1996: 35). A perspectiva de Bocas substitúe novamente a cámara subxectiva, véndomos fóra do campo de visión, -determinado polo encadre da pantalla-, a man do señor de Andrada a deitar diñeiro sobre o corpo "inerte" da dona. A plasmación desta acción no episodio cinematográfico significa a verificación de dita historia popular, -a diferenza do hipotexto-, en que esta comprobación non se produce: "Algúns decían que a tiña fechada a cal e canto, por mor dos ciumes que tiña até do aer que a tocaba, que din que lle faltara cun amigo nesas terras de por eí adiante, e que a trouxera á forza pra tela, de por vida, metida na casa coma nunha cadea. Outros decían que entolecera de vérese tan dispreziada, que hastra disque que lle pagaba cando estaba coela en matrimonio, coma si fora unha churriana, e outros aseguraban que lle dira morte e que a enterrara no hortal" (Blanco Amor, 1996:31).

Finalmente, os dous planos finais do señor de Andrada disparando perdigóns desde o balcón do seu pazo



mentres os esmorguistas foxen, demostran como a arte cinematográfica ora elide aspectos do texto literario, ora privilexia e explicita o que na obra narrativa unicamente intuimos: "E sen falar verba, erguímonos, pegámoslle outro grollo á botella, e cando nos dispuñamos a liscar ouviuse un escopetazo e caíronnos enriba os retrincos das follas dos camelios" (Blanco Amor, 1996:36).

CONCLUSIÓN. Fica demostrado que é posíbel abordar o estudo d' *A Esmorga* (1959) a través de fragmentos mínimos extraídos da súa transposición ao cinema en *Parranda* (1977). Na microanálise comparativa proposta partimos da premisa de que a cinematografía é unha linguaxe, de modo que é necesario repararmos nos elementos fundamentais para a súa expresión, na súa estrutura, no seu funcionamento e nas diversas canles de información, cotexando texto literario e fílmico en orde a detectarmos puntos de converxencia e de diverxencia. Considerándonos a validade da noción de "transposición" (Cfr. Wolf, 2001: 16) como o proceso de transformación dun sistema comunicativo artístico noutro de natureza igualmente artística e ficcional (Alonso Fernández, 2004: 34), exporemos algunhas reflexións necesarias.

Como comprobamos, Gonzalo Suárez concédelle unha maior relevancia no sistema de valores do hipertexto ao papel desenvolvido por Bocas, face á que se lle atribuíu no hipotexto, xa que neste era Cibrán o protagonista. Así mesmo, o estilo telefónico que Blanco Amor utiliza n' *A Esmorga* (1959) é trasladado ao filme mediante a inserción estratéxica de cinco primeiros planos de Cibrán prestando declaración, estratéxicamente inseridos. Consolida o cineasta asturiano toda unha serie de motivos simbólicos visuais moi concretos, para alén dos contidos na novela; abre unha nova vía no tratamento da dona de Andrada e acerta ao incluír a transposición

dos textos de Guy de Maupassant "Une ruse" e "La question du latin", ao tempo que se serve de recursos como o *ralentí*, de enorme expresividade para a arte cinematográfica.

De por parte, en base aos elementos finais resultantes da comparación entre texto literario e fílmico, concluímos que *Parranda* (1959) é unha transposición integral d' *A Esmorga* (1959) do punto de vista cuantitativo, xa que se considera esta obra na súa totalidade. As mudanzas que detectamos a respecto da novela, así como as modificacións na transposición do espazo, do tecido simbólico, da priorización do papel de determinados personaxes, da interpretación final determinada polas palabras do escribán do xulgado etc., non comportan unha alteración substancial do esqueleto argumentativo nin estrutural; cualitativamente non estamos perante unha transposición totalmente literal, xa que se rexistra certo grao de liberdade, polo que consideramos que se trata dunha transposición múltipla.

Por último, debemos notar que *Parranda* (1977) foi obxecto de numerosas críticas debido, entre outros aspectos, a que o xenotexto orixinal ubica a historia en Auria, trasunto literario de Ourense, mentres que a súa transposición cinematográfica a sitúa en Asturias. Con efecto, os fornos de coque remítennos indubidabelmente para este territorio do norte de España, aínda que no filme encontramos constantes referencias ao noso país, tales como as vellas enloitadas do prostíbulo da Matildona, a queimada que esta lles ofrece aos protagonistas ou a cidade de procedencia do profesor de linguas clásicas, Lugo. Aínda que debemos evitar o preconcepto estético que parte da base de que unha función primordial de certo tipo de textos fílmicos consiste en unicamente seren fieis á obra literaria que os inspirou, -principio que limita as posibilidades do cineasta-, tamén resulta lícito valorarmos até que punto o resultado final con-

Non podemos finalizar
estas liñas sen concluír
que a proposta de
Gonzalo Suárez dista
moito de ser a obra
mestra das letras
galegas que é *A
esmorga* (1959)

serva o espírito da obra literaria de que se serviu.⁸ En definitiva, sen deixar de louvar os interesantes acertos de *Parranda* (1977), non podemos finalizar estas liñas sen concluír que a proposta de Gonzalo Suárez dista moito de ser a obra mestra das letras galegas que é *A esmorga* (1959) ■

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Allegue, G. (1993): *Eduardo Blanco Amor (biografía). Diante dun xuíz ausente*. Editorial Nigra, Vigo.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria A. (Ed.) (1994): *Entrevistas con E. Blanco Amor*. Editorial Nigra, Vigo.
- Aumont, J. e Marie, M. (1990): *Análisis del film*. Paidós Comunicación, Barcelona.
- Carballo Calero, R. (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo.
- Freixanes, V.F. (1982): *Unha ducia de galegos*, Galaxia, Vigo.
- Martínez Delgado, A.B.(2000): *A Esmorga de Blanco Amor e Parranda de Gonzalo Suárez*, Edicións do Castro, A Coruña.
- Paz Gago, J.M. (2004): "Propuestas para un replanteamiento metodológico en el estudio de las relaciones de literatura y cine. El método comparativo semiótico-textual" in *Signa*, nº13 (Madrid).
- Peña Ardid, C.(1999): *Literatura y cine*, Cátedra, Madrid.
- Rodríguez López-Vázquez, A.(1999): "Thérèse Raquin: texto literario y texto fílmico" in Castro de Paz J.L., Couto Cantero, P. e Paz Gago, J.M. (eds.), *Cien años de cine. Historia, Teoría y análisis del texto fílmico*, Visor, Madrid.
- Rodríguez Sánchez, F. (1993): *Eduardo Blanco Amor, o desacougo da nación negada*, Edicións do Cumio, Pontevedra.
- Rus Gascón, P. (1997): *Imaxe do mundo en Eduardo Blanco Amor*, A Nosa Terra, Vigo.
- Wolf, S. (2001): *Cine/Literatura. Ritos de pasaje*, Paidós, Buenos Aires.
- Zumalde, I. (1996): "Adaptación cinematográfica y teoría de la traducción" in *Letras de Deusto*, vol.26, nº 70.

¹ O propio Blanco Amor, preguntado acerca da posibilidade de levar *A esmorga* ao cinema, respondía en 1974: "Esta es una posibilidad que empezó en el año 70, por una intervención de Francisco Cerecedo con el

director Yagüe, que movilizó a Nuria Espert; yo hablé de hacer gestiones con el mejor joven argentino, que es Halcón; escribí un guión que ahora roba todo el mundo (...). De manera que la situación es esta; yo no sé lo que va a ocurrir. El guión anda por ahí; yo lo dejé, como el Arcipreste de Hita dejó el *Libro de Buen Amor*, para que lo leyese todo el mundo y le pusiera cosas o le quitara, pero ya no quiero oír hablar de eso, porque me fastidia (Ruiz de Ojeda, 1994: 157, 158). Segundo Rodríguez Sánchez (1993: 141), existiran tamén as tentativas de Velo e Querejeta, baseadas nun guión diferente ao escrito por Blanco Amor e fanadas pola certeza de que a censura non ía permitir a difusión do filme; e aínda o cineasta galego Eloi Lozano apostara pola adaptación cinematográfica d'*A esmorga* a través dun guión en que Blanco Amor recoñecía o espírito da súa obra.

² Cfr. coa opinión de Blanco Amor a respecto do tratamento fílmico deste personaxe, de quen pensaba que lle faltaba violencia, xa que era un tipo tráxico (Allegue, 1993: 328).

³ Cfr. coa carta de Blanco Amor a Gonzalo Suárez datada o 5 de agosto de 1976: "Gonzalo Suárez presenta algúns problemas respecto de *La Parranda*: «Os produtores obstínanse en facela en Asturias, (teñen unha casa para o Pazo de Andrade que non lle custa diñeiro). Agora, fíxense á idea –a teor dunha boa contestualización carbonífera, na conca mineira- dunha boa versión da película: anos 30 e telón de fondo máis social e racial... Quede claro que *La Parranda* non é cine galego, nin asturiano, nin chinés. O cine galego non se reivindicou, faise de dentro para fóra; eu xa dixen algún día: o pescozo da xirafa crece dentro e non porque lle tiren das orellas»" (Allegue, 1993: 328). Considérese tamén a opinión de Rodríguez Sánchez (1993: 142), que expón o malestar de Blanco Amor durante a rodaxe asturiana, en que a súa opinión non é tida en consideración, ao tempo que o estudioso ferrolán afirma o grave erro cometido coa localización do filme, xa que non se respectaba nin comprendía atmosfera empírica da novela, para alén doutros despropósitos consumados.

⁴ Téñase en conta o seu extraordinario peso na cultura popular. Pénsese na utilización das súas patas como amuleto ou nos ditos



Sinalización do roteiro d' *A esmorga*. Unha ollada viaría á obra de Blanco Amor

populares como "Ainda o demo ten cara de coello" para significar que nada sae ao dereito.

⁵ A este respecto é interesante a misiva que Blanco Amor escribe a Gonzalo Suárez con data de 3 de agosto de 1976, citada por Gonzalo Allegue: "Parécelle ben o dualismo muller-moneca, «que xa che propuxen en varias conversacións», co engadido, que me parece xenial, de que poidan ser figuracións do opio. Hai que informar ao espectador de que aquilo é opio xa que na novela non se di expresamente" (Allegue, 1993: 328).

⁶ Martínez Delgado define o ralenti como o alongamento na duración do tempo que só pode ser asumido polo narrador implícito filmico e acrecenta que "O concepto é de Raymond Bellour. A acepción que lle dá este crítico, moi xeral, refírese a certos efectos de simetría analizables nunha secuencia de *Los Pájaros* (*Cahiers du cinema*, 216, 24-38, París, Outubro 1969). Eu recóollo de Juan M. Company que o empregará á súa vez nun artigo sobre *La Plaza del Diamant* de Francesc Betriu para explicar imaxes idénticas que se producen ó longo do relato –un oso de xoguete, unha pomba, unha estrela- e que son testemuñas privilexiadas do paso do tempo" (Martínez, 2000: 37,38).

⁷ Milhomes, representado por Antonio Ferrandis, presenta unha homosexualidade que no filme toca a misoxinia, xa que chega a afirmar que sente noxo de todas as mulleres. Do punto de vista da caracterización física son notábeis as diferenzas entre texto literario e filmico, xa que en *Parranda* (1977) Milhomes posúe unha voz grave e maneiras masculinas, mentres que n' *A Esmorga* a súa caracterización é ben outra: "(...) da gargallada dos tres saía a voce do Milhomes que cando ri somella unha galiña, que por iso non me gusta rir coíl onde hai xente, porque chama moito a atención. E moitas veces, cando andábase por eí co dälle que tienes, dunha taberna noutra, eu non ría para que il non ceibase aquel carexo de madamiña que todos ollaban por onde saía e coñeábanse de nós" (Blanco Amor, 1996:18).

⁸ "Blanco Amor, que consideraba esencial para a representación do teatro de temática galega de Valle a súa montaxe por coñecedores da nosa sociedade, mellor se eran galegos, vía como non se respeitaba

nen entendía a atmosfera empírica, nen a económico-social nen a psicolóxico-cultural da novela. A semellanza entre *A Esmorga* literaria e *La Parranda* cinematográfica fica en pura anécdota, e nen así. O ambiente de Asturias das minas de carbón, o simplismo individualizador dos tres personaxes –convertidos en rateiros e enfermos psiquiatrizados-, o esquematismo clasista, o simplismo co que aparece retratado o poder, a atmosfera ruralizante, nada simbiótica, todo, converte o filme nunha "españolada" curiosa, nunha traxedia estraña" (Rodríguez Sánchez, 1993: 142). Cfr. coas palabras de Blanco Amor a respecto do resultado final do filme, advertindo que o seu discurso "oficial" a respecto distaba bastante das opinións manifestadas no ámbito privado, máis próximas das conclusións formuladas por Rodríguez Sanchez; así, en misiva a Gonzalo Suárez datada o 3 de agosto de 1976, manifesta: "En xeral estou de acordo, porque o que se perde de "racialidade" gáñase en "universalidade" (Allegue, 1993: 328). Un anos despois, en entrevista realizada en 1977 pregúntaselle acerca do modo en que se pode trasladar a un guión cinematográfico a densidade da narración da súa novela, ao que responde: "La realidad del cine no es la palabra, sino la imagen. Los factores esenciales, no documentales, de la película son: una tipología entre la rudeza y una especie de ternura sofocada; la acción, veloz e inexorable; el sentido hedonista de la vida en los tres parranderos, convertido en un impulso primario hacia la aniquilación. O sea, una tragedia realizada por antihéroes. Este contenido, por encima de la situación ambiental y del documento comprobable al punto de una raza y un paisaje, queda totalmente a salvo en la película"; na mesma entrevista, á pregunta "*¿Y Galicia y lo gallego?*" comenta: "*La parranda*, dirigida por Gonzalo Suárez, llega, quizá sin saberlo, a la realización de esta premisa [*Galiza, célula de universalidade*"]. Si las cosas resultan como debieran resultar, nadie podrá ya evitar que una de las películas representativas de un cine español desmitificador y maduro haya encontrado su célula en un texto escrito inicialmente en gallego" (Ruiz de Ojeda, 1994: 158, 159)

O embargamento da biblioteca de Castelao

apuntamentos para a historia dunha infamia



Que a figura senlleira de Alfonso R. Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950) foi, é e será obxecto de estudo, desde moi diversos prismas e enfoques, resulta unha cuestión indiscutíbel. Non podería ser doutro xeito se temos presente que falamos dunha das personalidades máis prolíficas e relevantes de toda a historia da Galiza. A súa arte, os debuxos humorísticos, a ficción (novela, teatro, contos...), o ensaio e, por suposto, o

seu nidio compromiso co seu país, coa súa liberdade e, máis adiante, contra a barbarie xurdida do golpe de Estado do 18 de xullo 1936 –que o levará ao exilio e que asolagará a Galiza en sangue e lume, rematando cos cinco anos de democracia republicana– son estudados por dúzias de investigadores ao longo de centos de traballos que tratan de esculcar unha traxectoria marcada cunha dimensión infinda, dificilmente repetíbel, e su-

FRANCISCO XAVIER REDONDO ABAL

Licenciado en Xeografía e Historia e bibliotecario na USC. Dende 1991 traballa na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. Publicou artigos -sempre coa recuperación histórica como eixo- así como media ducia de libros entre os que destacan *Botarse ao monte: censo de guerrilleiros antifranquista na Galiza (1936-1965)* e o recentemente saído do prelo *O fulgor e as tebras: creación de bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil*



A década dos 80 ocupou ao nacionalismo intensamente no rescate dun Castelao secuestrado polos seus inimigos e que tivo o seu punto máis crítico coa traída dos seus restos mortais da man dos que tiñan retirado os dereitos parlamentares aos deputados dun BNG herdeiro do seu ideario

bliñada polo amor e o compromiso á patria que o viu nacer. Ducias de autores, todos ben coñecidos, cuxa relación excedería os límites deste relato e que desde análises ben diferenciadas enchen as páxinas de monografías, congresos, homenaxes e publicacións periódicas: desde biografías e bibliografías até a actividade política e social de Castelao (desde as Irmandades da Fala até o Partido Galeguista), pasando pola lingua, a arte, a escrita, a oratoria...

E malia todo, hai un aspecto cando menos pouco coñecido e estudado sobre a vida de Castelao. Un episodio doloroso, cronoloxicamente extenso, tanto que vai máis aló da presenza física do rianxeiro neste mundo, e que supera os lindes da propia figura do galeguista: falamos da incautación dos seus bens privados unha vez iniciada a Guerra Civil e, máis concretamente, do embargamento da súa prezada biblioteca particular, instalada xunto co resto das súas propiedades

no número 4 da pontevedresa rúa da Oliva. Unha biblioteca coidada con agarimo desde 1916, ano no que Castelao se instala na capital do Lérez para tomar posesión da praza gañada por oposición no Corpo Estatístico. Unha biblioteca que, como veremos, foi obxecto da cobiza por parte de moitos, pasou por diferentes mans, estivo agochada como se de algo perigoso se tratase, causou fonda preocupación entre altos funcionarios do Ministerio de Facenda franquista na segunda metade dos anos 50 e rematou en 1970 sendo trasladada da Biblioteca Pública pontevedresa ao Museo Provincial da cidade, institución que na actualidade acolle o que quedou daquela biblioteca (que foi moito, mais non todo) xunto cun bo número de cadros, debuxos e diversa documentación. Un Museo o de Pontevedra que, debemos lembrar, fora fundado nos anos 20 do pasado século por, entre outros, o propio Castelao.

Se anteriormente afirmamos que esta paréntese escura que supón a incautación dos bens particulares de Castelao –e xunto a estes, a biblioteca– representa algo que vai máis alá da personalidade egrexia do galeguista é por unha cuestión ben doada de entender: xunto á represión física contra os homes e mulleres que na Galiza permaneceron leais ao goberno legal e constitucional saído das eleccións do 16 de febreiro 1936, existiu outra represión –a económica– que amosa ben ás claras a xenreira e os desexos de aniquilación dos vencidos por parte dos sublevados do 18 de xullo. Non se trataba só de rematar coa República, coa democracia, co tecido asociativo, co laicismo, co ensino público, coa igualdade de oportunidades... As dilixencias incautadoras, as multas, os embargamentos de propiedades e bens particulares aos familiares dos perseguidos, dos 'paseados' e dos fusilados despois da celebración daquelas pantomimas chamadas 'consellos sumarísimos', evidencian un plan metódico de extermínio contra unha poboación in-

defensa e aterrorizada até límites insospeitados. E no caso de Castelao, cuxa significación política era notoria á fronte do Partido Galeguista, e malia o feito de se atopar no momento da sublevación en Madrid presentando o Estatuto plebiscitado en xuño (o que sen dúbida lle salvou a vida) non ían variar en absoluto os plans contra a súa facenda.

No 2000, Ano de Castelao, o Colexio de Avogados de Pontevedra publicou, a xeito de facsímile, o Expediente de Responsabilidades Políticas instruído ao rianxeiro. Cun limiar de Modesto Barcia Lago, o documento dá as claves dun proceso vergoñento e asombroso: Castelao, “home de mala conduta pública” segundo o informe de FE de las JONS, votara afirmativamente como deputado ás leis de reforma agraria, a de Largo Caballero, e, por se isto fose pouco, aparece cualificado como “separatista e de esquerdas”. E naquel expediente atopamos todo o proceso que levou á incautación dos seus bens para así satisfacer a sanción imposta, nun primeiro momento, de dez millóns de pesetas, logo rebaixada a 75.000. Un proceso, iniciado en febreiro de 1937 e rematado un mes máis tarde, marcado polo rancor, pola sede de vinganza, onde non faltan episodios grotescos, até incluso esperpénticos, como aquel onde se recollen na diligencia de embargamento diversos bens como “dúas lámpadas” ou “un calzón corto de cabaleiro”. E tamén a biblioteca. Libro a libro.

Hoxe coñecemos o percorrido daquel fondo bibliográfico pertencente a Castelao. Percorrido noxento que pasou por diversas mans e que agora podemos desentrañar grazas á documentación atopada no Arquivo Xeral da Administración de Alcalá de Henares, no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e no Museo Provincial da mesma cidade. Esta é a súa historia.

1. A BIBLIOTECA AGOCHADA. Entre 1937 e 1940 a biblioteca privada de Castelao permaneceu agochada

nas instalacións do Museo de Pontevedra, facendo compañía a once cadros do rianxeiro que desde 1928 se atopaban naquel centro. Os cadros, cuxa taxación ascendeu a 4.100 pesetas, pronto foron adxudicados ao Estado franquista que optou por deixalos en depósito no propio Museo. Non ocorreu o mesmo cos libros, e o fondo bibliográfico do galeguista ficou agochado até que unha resolución xudicial do presidente do Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas da Coruña ditou sentenza. Entrementres, un personaxe ben coñecido en Pontevedra, bibliotecario e arquivista de profesión, comezou unha ‘cruzada’ na procura da biblioteca de Castelao. Non para salvala nin, moito menos, para devolvela ao seu lexítimo propietario. Máis ben para depurar os seus fondos e evitar a lectura de “literatura perigosa, atea e antiespañola”, segundo expresións usadas polos censores da época.

No verán de 1930 chegou a Pontevedra para se facer cargo do Arquivo de Facenda e da Biblioteca Pública da cidade do Lérez ese personaxe fundamental nesta historia: Enrique Fernández Villamil y Alegre.

Enrique Fernández Villamil naceu en València o 4 de decembro 1904. Tras licenciarse en Filosofía e Letras na Universidade de Madrid e cursar estudos de dereito (que non remata), oposita á cátedra de Literatura sen éxito, superando pouco tempo despois o seu ingreso no Corpo Facultativo de Bibliotecarios, Arquivistas e Arqueólogos. Membro da Real Academia da Historia e da Real Academia Galega, galardoado coa Cruz de Afonso X o Sabio, Villamil é autor de máis dun cento de traballos de investigación histórica, moitos dos cales teñen Pontevedra como obxecto de estudo.¹

Villamil tivo tempo abondo para exercer de concelleiro e acadar o cargo de tenente de alcalde do concello de Pontevedra o 24 de febreiro 1943, traballar na Comisión Provincial de Monumentos de Pontevedra, ser

Hoxe coñecemos o
percorrido daquel
fondo bibliográfico
pertencente a Castelao.
Percorrido noxento que
pasou por diversas
mans e que agora
podemos desentrañar



membro do Padroado de Formación Profesional, colaborar no Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, integrar o Consello Nacional de Lectura desde o 17 de maio 1960, etc. Moitos dos que nalgún momento se referiron a el, como Fernández del Riego no seu *Diccionario de escritores en lingua galega*, sitúan a data da súa morte a finais de 1968. O certo é que Fernández Villamil finou en Madrid o 20 de decembro 1967.² Só así pode explicarse que o 2 de xaneiro 1968 o entón alcalde da cidade pontevedresa, Xosé Filgueira Valverde,³ loase nun *Discurso necrológico pronunciado en la sesión plenaria del Ayuntamiento de Pontevedra*⁴ a figura do falecido con “palabras empañadas de tristeza”, coas que lembraba o home “que sirvió con máxima eficacia a la ciudad como bibliotecario de excepcional valía”. Filgueira Valverde non esqueceu o tempo como concelleiro do valenciano, “en una etapa decisiva para la vida espiritual y para el desarrollo de nuestra ciudad”. Por suposto, o alcalde reiterou a “eficacia como bibliotecario” do homenaxeado, para o que chega con “indicar que la Biblioteca de Pontevedra, pasó, bajo su regencia, de 8.000 a 45.000 volúmenes”. O malo foi que non explicou como o fixo.

O relato comeza o 25 de febreiro 1937. Aquel día, Fernández Villamil solicita á Comisión de Incautación de Bens da provincia de Pontevedra “que acordase el ingreso en esta Biblioteca Pública de mi cargo de todos cuantos

objetos como libros, grabados, obras de arte y otros semejantes se hubiera incautado.”⁵ Loxicamente, Villamil facía referencia ás propiedades dos “que integraron el Frente Popular”. A resposta da Comisión Provincial, dada o 6 de marzo, manifesta que non entra nas súas facultades resolver tal pretensión do bibliotecario.

Este, unha semana máis tarde, elevará as súas queixas ao mesmo José María Pemán, presidente da Comisión de Cultura y Enseñanza. Farao aludindo ao artigo 2º do coñecido Decreto 108, de 13 de setembro 1936, da Junta de Defensa Nacional, un artigo que decretaba a incautación de bens móbeis, inmóbeis e documentos que pertencesen aos partidos e agrupacións políticas integrantes da Fronte Popular, agora declarados fóra da lei. Todos aqueles bens pasarían ás mans do novo Estado, e Villamil entendeu que os bens atopados “a los integrantes de aquella nefasta alianza política” debían ser administrados por organismos facultativos, é dicir, entidades técnicas especializadas nas materias e bens incautados.

Dun xeito asombroso, o bibliotecario estima que, desta maneira, se compensarían “los atentados y depredaciones en nuestra riqueza artística y bibliográfica.”⁶ En definitiva, o que Fernández Villamil propón é que os obxectos de índole bibliográfica pasen á custodia “en establecimientos regidos por el Cuerpo Facultativo”, neste caso o de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos.

Un ano máis tarde do inicio da Guerra Civil, o responsábel da Biblioteca Pública de Pontevedra advertía do problema de espazo na mesma ante o crecente aumento de fondos, un incremento que vén “determinado en manera sobresaliente por el ingreso de fondos incautados a sociedades del funesto Frente Popular”. Isto provocou un alarmante problema no centro de lectura, pois non había lugar onde colocar os centos de volumes incautados, “muchos de ellos de gran interés para el servicio de lectura.”⁷

Atendendo á petición de Villamil sobre que facer cos libros incautados ás organizacións e particulares que simpatizaran coa Fronte Popular, o inspector xefe de Arquivos e Bibliotecas, radicado en Zaragoza, solicitou ao presidente da Comisión de Cultura y Enseñanza, José María Pemán, agora instalado en Burgos, que ditase unha orde segundo a cal os libros e obxectos artísticos incautados "pasen provisionalmente a las Bibliotecas, Archivos o Museos del Estado y definitivamente cuando sobrevenga el fallo condenatorio."⁸ Este informe, escrito a mediados do último mes de 1937, terá a súa concreción en termos moi similares na Orde de Vicepresidencia do Goberno do 10 de xuño 1938.

Cando remataba marzo 1938, Fernández Villamil informou o xefe do Servizo Nacional de Arquivos, Bibliotecas e Museos, o sevillano Javier Lasso de la Vega y Jiménez-Placer, sobre o ingreso e custodia na Biblioteca Pública de Pontevedra de outras 1.142 obras incautadas polas novas autoridades. A continuación, o bibliotecario deu a noticia de que colocou:

al servicio del público aquellos libros que por su carácter no ofrecían peligro para los lectores corrientes, **colocando los peligrosos por sus tendencias morales o sociales** en la parte de Depósito al que el público no tiene acceso...⁹

Sobre estes volumes "perigosos", Villamil resérvase o dereito a servilos, "de acuerdo con el espíritu que informa al nuevo Estado", e remata solicitando "estar investido de cierta misión inspectora" para, así, poder investigar todos os fondos bibliográficos de librerías e quioscos, algo para o que non están preparados nin libeiros nin axentes da policía, pois, "salvando la competencia cultural de las personas", carecen de autoridade científica.¹⁰ En boa lóxica, a resposta dada por Lasso de la Vega case un mes máis tarde está chea de parabéns e de agrado non disimulado. En relación ao desexo de Fernández Vi-

llamil sobre aquela "misión inspectora", o xefe do Servizo de Bibliotecas promete estudar "tan loable iniciativa". Mentres non chegue unha disposición oficial, Lasso prégalle a Villamil que "se sirva actuar con cuantos medios crea Vd. más procedentes" para conseguir a depuración de todas e cada unha da bibliotecas pontevedresas.¹¹

E chegado este punto, onde estaba a biblioteca de Castelao? Onde se agochaban os libros saídos da rúa da Oliva?

A partir do verán de 1938, os acontecementos na procura da biblioteca do rianxeiro precipítanse nunha marea de cartas, informes, recomendacións e ordes. Será unha loita incesante para que a biblioteca de Castelao que, como sabemos, repousaba nas instalacións do Museo de Pontevedra, for depositada na Biblioteca Pública baixo o control e a inspección do celoso bibliotecario. Fernández Villamil enviará dous oficios (23 de xuño e 6 de agosto) á Comisión Provincial de Incautación de Bens, solicitando información sobre as bibliotecas recollidas a persoas perseguidas polo seu pasado demócrata e republicano. A resposta dada foi que "no se ha procedido a la incautación de ninguna biblioteca", algo que seguramente debeu facer entrar en cólera ao valenciano que, de xeito inmediato, comunicou con Lasso de la Vega nun duro informe datado o 24 de agosto 1938.

Nel, o responsábel da Biblioteca de Pontevedra amosa a súa sorpresa ao afirmar que é "verdaderamente asombroso que en toda una provincia no se halle un solo libro en poder de ninguno de los sancionados con incautación", para a continuación sentenciar que "por indudable error de la Comisión [de Incautación]" iso é imposible e, polo tanto, ten que haber bibliotecas incautadas nalgues. E a primeira, a de Alfonso R. Castelao. Escribe Fernández Villamil:

Debo advertirle que me consta la existencia de los libros que pertene-

Entre 1937 e 1940 a biblioteca privada de Castelao permaneceu agochada nas instalacións do Museo de Pontevedra, facendo compañía a once cadros do rianxeiro que desde 1928 se atopaban naquel centro



Noticias do comezo da súa carreira artística que sería fundida e condicionada coa súa traxectoria política



cieron al diputado galleguista de izquierda Alfonso R. Castelao, actualmente depositados en el Museo de Pontevedra¹².

Comeza así unha teima que durará moito tempo na procura da biblioteca do rianxeiro. Mais non será a única. No mesmo informe, Villamil fai referencia a outras bibliotecas particulares da provincia: a que pertencu ao “también diputado y subsecretario de Gobernación marxista en los primeros días del Movimiento, Bibiano F. Ossorio [sic] Tafall”, que o bibliotecario sitúa no propio domicilio do agrónomo pontevedrés e da que, como no caso da biblioteca de Castelao, “existe inventario en poder del Juzgado de 1ª Instancia de esta capital”. Así mesmo, Fernández Villamil asegura ter noticias da existencia doutras bibliotecas privadas, que el mesmo menciona, como foron as dos médicos Celestino Poza Cobas e Amancio Caamaño Cimadevila. Tamén a de “otro en Tuy”, posibelmente Darío Álvarez Limeses, fusilado nesa vila de Tui o 30 de outubro 1936.

No remate do mencionado informe, o bibliotecario Fernández Villamil solicitará “que las bibliotecas referidas y otras que puedan existir se adscriban al servicio de este establecimiento de mi cargo”. Na marxe esquerda, unha nota manuscrita asinada polo propio Lasso di: “Dar cuenta o denuncia razonada al Presidente de la Audiencia [de Pontevedra]. Lasso”¹³.

O que realmente pretendía Fernández Villamil, e así o entendeu o

Xefe do Servizo Nacional de Bibliotecas, era a aplicación estrita da Orde da Vicepresidencia do Goberno do 10 de xuño 1938, que viña perfeccionar e aclarar os artigos 2º e 6º do xa referido Decreto 108 do 13 de setembro 1936. A Orde, en definitiva, explicitaba que toda biblioteca embargada ou incautada a particulares ou asociacións sinaladas no Decreto 108 (é dicir, integrantes ou simpatizantes da Fronte Popular) tiña que ficar baixo o coidado e a vixilancia dun funcionario do Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos. Tal funcionario, nomeado polo Ministerio de Educación Nacional, faría proposta á Comisión Central Administradora de Bens Incautados dunha serie de actuacións dependendo do valor e contido da biblioteca obxecto de incautación. Por último, cando o alleamento dos bens fose firme por incorreren os procesados no que os sublevados denominaron “responsabilidade civil” (eufemismo de “lealdade para co Estado legalmente constituído”), e entre eses bens houbera unha biblioteca, antes de proceder á venda, habería que informar ao Ministerio de Educación Nacional para que determinase o valor bibliográfico dos volumes cun dobre fin: impedir a transacción dos mesmos e ver en que biblioteca pública serían depositados.

Por todo isto, o último día de agosto 1938 a Inspección Xeneral de Arquivos, Bibliotecas e Museos do Ministerio de Educación Nacional cualificará de “error, negligencia u ol-

vido de las disposiciones legales" por parte da Comisión pontevedresa Administradora de Bens Incautados todo o acontecido coa biblioteca de Castela. Ademais, aquela Inspección ordenará ao Xefe do Servizo de Bibliotecas (Lasso) que comunique a Fernández Villamil que se dirixa ao Gobernador Civil de Pontevedra dando información sobre aquela e outras bibliotecas incautadas, e tamén sobre aquelas nas que non interviñera a autoridade xudicial. Para finalizar, o bibliotecario debería detallar ao Fiscal da Audiencia Provincial a relación de persoas cuxas bibliotecas xa foran embargadas para, desta maneira, dar cumprimento á Orde de Vicepresidencia do Goberno de 10 de xuño 1938¹⁴.

Noutra comunicación de Fernández Villamil a Lasso de la Vega de principios de setembro, aquel informa "confidencialmente sobre bibliotecas pertencentes a marxistas de esta provincia". E o primeiro deses 'marxistas' é, novamente e a xuízo do bibliotecario, o propio Castela. Escribe Villamil:

Los libros que pertenecieron al dibujante Castela, uno de los más destacados representantes del separatismo gallego y diputado del Congreso rojo de Valencia, están depositados en el Museo de la Diputación de esta capital [Pontevedra], obrando su inventario, en el que al parecer constan también grabados y dibujos japoneses, en el Juzgado de Instrucción de la capital¹⁵.

Villamil repite, unha vez máis, que é coñecedor da existencia dunha biblioteca do "diputado azañista" Bibiano Fernández Osorio-Tafall, que "poseería libros referentes a Ciencias". Por outro lado, o bibliotecario comunica que grazas ás informacións subministradas por un avogado do Estado, apelidado Álvarez de Toledo, sabe da "existencia de abundantes obras de Medicina, pertencentes a un médico de Tuy". E, como remate, por se quedase algunha dúbida, escribe Fernández Villamil:



Es de suponer que habrá más libros entre las muchas personas de cuyos bienes está incautando el Estado por su actuación antipatriótica, no siéndome posible detallar su existencia ni circunstancias, en vista de la negativa de la Comisión de Incautación de la provincia, cuyo error es bien evidente¹⁶.

Este informe, insistimos "confidencial", inclúe outra nota manuscrita do Xefe do Servizo Nacional de Bibliotecas: "Llevar a una carpeta especial y hablaremos de esto. Lasso".

E, por suposto, Lasso de la Vega falou do asunto. Sen perda de tempo, comunicou co Presidente da Comisión Central Administradora de Bens Incautados polo Estado para que ordenase ao seu subordinado da Provincial de Pontevedra que "faciliten al citado Funcionario [Fernández Villamil] el cumplimiento de su misión, de acuerdo con lo dispuesto en la Orden de Vicepresidencia del Gobierno de 10 de junio último."¹⁷ Tres días máis tarde, Lasso de la Vega obtivo a resposta da Comisión Central. Segundo a citada Comisión, xa ordenara á Provincial de Pontevedra "que es necesario coadyuvar al cumplimiento de la finalidad cultural" [sic] que aparece recollida na mencionada Orde do 10 de xuño. En consecuencia, afirmaba aquela obriga de que se facilitasen aos funcionarios designados (neste caso, Villamil) os datos e informacións que posúan sobre bibliotecas incautadas¹⁸.

Pero o asunto demorábase sen resposta por parte da Comisión Pro-

Actos en Pontevedra denunciando os atrancos para colocar un monumento na memoria dun dos que fóra un dos seus veciños máis notorios



vincial pontevedresa, a pesar de que Fernández Villamil, home previsor, xa comunicara ao Presidente da Comisión Central o 6 de setembro (o mesmo día do informe “confidencial” enviado a Lasso) que a súa obriga era ordenar:

a la Comisión provincial la entrega de los libros que pertenecieron al diputado galleguista Castelaño que, con una serie de grabados de la misma procedencia, han sido indebidamente depositados en el Museo de Pontevedra...¹⁹

O caso foi que, “transcurridos ya más de dos meses sin haber obtenido contestación alguna”, Fernández Villamil acudiu novamente a Lasso, “a fin de que de una vez se cumpla lo legislado (...) y puedan los libros a que me refiero ser custodiados en esta biblioteca”²⁰. Lasso contactará, novamente, co Presidente da Comisión Central e alegará, en termos moi duros, que todo este proceso representa “una evidente violación de lo dispuesto en la Orden de 10 de junio”, polo que definitivamente solicita “la entrega de los fondos de referencia al funcionario legalmente encargado de su custodia”, e que non era outro que Enrique Fernández Villamil²¹.

Finalmente, o 24 de maio 1940, o Xuíx Civil Especial de Responsabilidades Políticas da Coruña ordenará o traslado da biblioteca privada de Castelaño ás dependencias da Biblioteca Pública de Pontevedra. Alí repousarán os libros do galeguista até retornaren en 1970, nunha viaxe de volta, ao Museo pontevedrés.

2. A BIBLIOTECA SEN DONO. Mais o certo é que un novo proceso se abre en 1956 para dilucidar quen era o “propietario legal” dos libros intervidos ao galeguista en 1937. E para obter unha resposta satisfactoria temos que analizar o expediente que sobre esta cuestión atopamos no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Fondo Facenda, Caixa 7104.²² Alí, no inicio da documentación, unha nota

manuscrita –escrita con seguridade cando todo rematou– di literalmente: “Demostración de que la biblioteca de Rguez. Castelaño no ha sido adjudicada al Estado”.

Todo comeza o 17 de novembro 1956, cando Leonardo Escribano Monge, Xefe de Sección na Dirección Xeneral de Propiedades e Contribución Territorial do Ministerio de Facenda, remite desde Madrid unha carta dirixida a Luis Gutiérrez y Fernández-Luanco. Este era o Administrador de Propiedades da Delegación Provincial de Facenda en Pontevedra e, na carta recibida, Escribano exponlle que no seu Ministerio existe unha abundante documentación “respecto a la incautación de pinturas, carteles, láminas y libretas procedentes de don Alfonso Rodríguez Castelaño”. Mais o problema xorde axiña porque, curiosamente, “no consta nada sobre los libros procedentes de su biblioteca”, uns libros dos que “ahora nos llegan noticias de que están depositados en la Biblioteca Provincial”. O asunto era que, desde altas instancias do Ministerio de Facenda, precisaban “tener confirmación de esto último y el detalle de la fecha en que se entregasen [sic], por quién, y si fuese posible conocer el detalle del inventario”. Todo o expresado, advirte Escribano, inscríbese nunha cuestión “que se presenta como muy urgente”, polo que solicita a máxima e rápida colaboración. Nunha segunda carta de Escribano a Luis Gutiérrez, datada o 24 de novembro, aquel escribe: “Este asunto, parado tanto tiempo, parece que ahora se quiere remover y por eso precisamos la información solicitada”.

Ese mesmo día 24, o Delegado de Facenda en Pontevedra envía a Madrid as dúas contestacións obtidas da Directora da Biblioteca Pública de Pontevedra, Mercedes Alsina Gómez-Ulla, que substituíra Fernández Villamil á fronte do establecemento en 1955. Na primeira das respostas dadas pola bibliotecaria, asinada o 22 de novembro, Alsina confirma a entrega da biblioteca privada de Caste-

lao a Fernández Villamil o día 28 de maio 1940 e, por outro lado, manifesta a imposibilidade de enviar o inventario, xa que unicamente dispón do orixinal. Mais é no informe do día seguinte, 23 de novembro, cando Mercedes Alsina manifesta:

Como ampliación de la carta que ayer le escribí referente a la biblioteca del Sr. Rodríguez Castelao, le comunico que el número de volúmenes de que consta es, aproximadamente, de 1.090 (...).

Debo advertir que al hacerme yo cargo de esta Biblioteca Pública de Pontevedra, en abril de 1955, al **hacer el recuento anual a que nos obliga el Reglamento, encontré ciertas faltas**, hecho que puse en conocimiento de quien correspondía ²³.

Tras este primeiro informe sobre a localización, data de entrega e estado dos fondos da biblioteca de Castelao, Escribano Monge solicitará un segundo para coñecer se a biblioteca segue á disposición do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, ou se pola contra é a Facenda do Estado quen pode dispor daquela de acordo cunha posíbel adxudicación xa realizada.

O primeiro día de decembro de 1956, Luis Gutiérrez procura despejar todas as dúbidas e chega á conclusión de que "la citada biblioteca fue entregada al Bibliotecario Jefe en virtud de exhorto, cuya copia le acompaño para su mejor conocimiento del asunto". Con todo, a copia do exhorto non só non despexa as interrogantes, senón que as incrementa. Desde Madrid, o funcionario do Ministerio de Facenda entende que "se trata de biblioteca embargada y no (como suele ser corriente) adjudicada al Estado por la responsabilidad del responsable político". E continúa Escribano Monge:

Para disponer de ella [da biblioteca] necesitaríamos tener auto de adjudicación al Estado [...] o auto condenándole [a Castelao] a la pérdida de todos los bienes que poseyese.

Escribano non entende como, tras o tempo transcorrido, aínda permanezan bens en situación de embargamento, e menos cando, como no caso de Castelao, hai autos de adxudicación ao Estado doutros bens do rianxeiro, mais non da súa biblioteca.

Mais existe un outro punto destacado sobre o que Escribano Monge pretende deitar luz: asombrado porque a entrega da biblioteca "se hizo en forma un tanto personal, puesto que se cita su nombre", e ese non é outro que o xefe do Arquivo de Facenda en Pontevedra, é dicir, Fernández Villamil, o funcionario de Madrid non entende que sexa agora a directora da Biblioteca Pública pontevedresa a persoa que responda sobre a situación da biblioteca de Castelao.

Esta última cuestión ficará resolta o 17 de decembro cando Luis Gutiérrez aclare que Enrique Fernández Villamil era, naquela época, xefe do Arquivo de Facenda e, ao mesmo tempo, director da Biblioteca Pública. O rechamante vén a continuación. Segundo as explicacións de Gutiérrez, cando Fernández Villamil cesou dos seus cargos por traslado a Madrid, designáronse dúas funcionarias para cada un deles, e:

como quiera que las relaciones con las mismas no eran muy cordiales, no les puso en antecedentes de la situación en dichas dependencias. Por estas razones, tanto la actual Jefe del Archivo de Hacienda como la Directora de la Biblioteca Provincial, es ahora precisamente cuando se han informado de lo relativo al asunto que nos ocupa.

Sobre cal era a situación 'legal' da biblioteca pola que preguntaba Escribano Monge, o funcionario da Facenda pontevedresa creu atopar a resposta definitiva no Boletín Oficial do Estado, número 88, do 17 de abril 1951. Nel especificase que, ao ficar satisfeita a sanción económica imposta a Castelao, os bens embargados que non fosen obxecto de venda ou

O día 10 de xaneiro 1970, en Pontevedra, a directora da Biblioteca Pública e o secretario do Museo de Pontevedra asinaron a acta da entrega ao Museo da biblioteca particular de Alfonso R. Castelao



Cartelería do nacionalismo que fai referencia a Castelao ou usa directamente algún dos seus deseños

adxudicación ao Estado quedan á súa libre e total disposición (neste caso, da súa viúva, Virxinia Pereira). Entre aqueles bens adxudicados ao Estado (máis de vinte cadros saídos do embargo do domicilio, xunto a ducias de debuxos, láminas e carteis, todos eles depositados no Museo de Pontevedra) non aparece a biblioteca privada de Castelao. Tras coñecer o contido do BOE mencionado, Escribano Monge conclúe:

Es bien claro que la biblioteca se constituyó en depósito, del que responderá personalmente el Archivero D. Enrique Fernández Villamil ante el Juez que se lo reclama o ante la representación del Sr. Castelao.

En consecuencia, Facenda non ten nada a ver co asunto da biblioteca privada de Castelao. E remata o funcionario desde Madrid: "Es mejor que sea así y más con el antecedente de que han desaparecido algunos volúmenes".

3. A FIN DA VIAXE. Podemos rastrexar o derradeiro percorrido dos libros pertencentes a Castelao, da Biblioteca Pública pontevedresa ao seu actual destino, o Museo de Pontevedra, estudando a documentación conservada nesta última institución.²⁴ Coa súa análise, moito máis sinxela que nos capítulos precedentes, pecharemos o círculo procesual ao que se viu sometida a biblioteca privada do galeguista, unha biblioteca que nunca debeu traspasar a porta do fogar da rúa da Oliva.

Primeiro día de outubro de 1964. Esa foi a data na que Virxinia Pereira Renda asinou o documento segundo o cal, e por diversas razóns, cedeu ao Museo de Pontevedra os libros que no seu día pertenceron ao seu marido. Libros que, como ben sabemos, permanecían agochados na Biblioteca Pública pontevedresa. Nos motivos polos que a viúva de Castelao realiza tal cesión debeu pesar (e moito) o feito de o rianxeiro ter sido no seu momento patrón fundador do Museo. E nós atrevémonos a sospeitar que as actitudes e os comportamentos amosados durante tanto tempo por Enrique Fernández Villamil, documentados en páxinas anteriores, deberon levar Virxinia ao convencemento de aqueles libros non poderen permanecer por máis tempo no organismo do que aquel foi responsábel.

O caso é que, en cumprimento dos desexos da viúva de Castelao, o 5 de agosto 1968 Xosé Fernando Filgueira Valverde, "en nombre del Patronato del Museo de Pontevedra", contacta mediante oficio con Mercedes Alsina Gómez-Ulla, directora da biblioteca pontevedresa, e que xa coñecemos como a persoa que substituíse Fernández Villamil. O director do Museo solicita a aquela "que se sirva ordenar la entrega a esta entidad de los libros que pertenecieron al que fue Patrono Fundador de la misma", lembrándolle que os volumes "obran en depósito en esa biblioteca de su digna dirección."²⁵ Filgueira Valverde insiste no feito fundamental segundo o cal:

Na actualidade, esta colección continúa nas instalacións do Museo de Pontevedra xunto a moitos outros obxectos de Castelao (cadros, gravados, textos literarios orixinais...)

Dichos libros no quedaron suxetos por el expediente de responsabilidades políticas del referido artista, según consta en la resolución [judicial] de 26 de febrero de 1951.

O director do Museo remata a súa argumentación cunha cuestión non menor: a da dispoñibilidade dos fondos da biblioteca de Castelao que, ao seu xuízo, debe estar aberta a todos:

La ampliación de nuestras instalaciones y la frecuencia con que son requeridos por los investigadores esos fondos, nos inclinan a su incorporación a nuestra Biblioteca.

Pasou máis dun ano cando, o 7 de outubro 1969, Filgueira Valverde contactou novamente con Mercedes Alsina, solicitándolle que "autorice la recogida en esa Biblioteca Provincial de los libros que pertenecieron a D. Alfonso Rodríguez Castelao". O Presidente do Padroado do Museo insiste en que os libros do galeguista non están suxeitos a ningún procedemento xudicial nin de responsabilidades políticas. Mais o responsábel do Museo realiza unha pirueta dialéctica cando sostén que:

El Museo, que los había recibido en depósito de la familia, los adquirió en propiedad, con las obras pictóricas y originales literarios del artista, adquisiciones realizadas a su viuda, D^a. Virginia Pereira, en fecha 1-X-1964, y completada posteriormente con la realizada a sus hermanas D^a. Josefina y D^a. Teresa, en fecha 25-X-68, adquisición esta última, cuyo plazo final de pago se ha entregado en el día de ayer [o 6 de outubro 1969]...

Non. En marzo de 1937 aqueles libros nin foron "recibidos en depósito" nin saíron do fogar pontevedrés de Castelao coa autorización "da familia". Bastante tiveron con salvar as súas vidas nuns tempos onde os 'paseos' e os fusilamentos eran moeda corrente. Outra cousa ben diferente foron os acordos acadados *a posteriori* entre o Museo e Virxinia Pereira primeiro, e, tras a morte desta en Madrid, coas irmáns Xosefina e Tareixa

despois. Ese último pagamento xa realizado implica que "no pudiendo producirse, por lo tanto, ninguna reclamación en cuanto a la propiedad de los libros referidos", estes deben trasladarse ao Museo de Pontevedra.

Un mes máis tarde desta comunicación entre Filgueira Valverde e Mercedes Alsina, o 8 de novembro 1969 o director do Museo remite á bibliotecaria unha documentación "a fin de que pueda justificarse plenamente la devolución de libros" que pertenceron a Castelao. Aquel expediente contiña a seguinte información:

- Copia do auto do expediente de responsabilidades políticas, onde non estaban incluídos os libros da biblioteca privada do rianxeiro;
- Acta de incautación dos seus bens, na que loxicamente tampouco aparecen;
- Copia da carta asinada por Virxinia Pereira, con data do 1 de outubro 1964, onde fai doazón ao Padroado do Museo de Pontevedra dos libros que pertenceron ao seu marido;
- Por último, coa mesma data e como anexo do anterior, a autorización que a viúva de Castelao realiza para retirar da Biblioteca Pública pontevedresa os libros e trasladalos ás instalacións ampliadas do Museo.

Co envío desta documentación, Filgueira Valverde pretendía, por un lado, demostrar "la libre disposición de dichos bienes por sus propietarios" e, por outro, verificar unha dupla constatación: primeira, que a biblioteca de Castelao fose xa adquirida polo Museo; e, segunda, que o Padroado ten a capacidade legal para recoller os fondos que integraron aquela biblioteca privada.

O primeiro informe (que saibamos, polo menos documentalmente) asinado por Mercedes Alsina é o dirixido ao Director do Museo con data do 17 de decembro 1969. Nel, a bibliotecaria comunica a chegada do oficio favorábel do Director Xeral de Arquivos e Bibliotecas,²⁰ oficio que reflicte a dispoñibilidade da biblioteca de Castelao a favor do Museo de Pontevedra.



Varela Buxán, quen fóra membro da Irmandade Galega de Bos Aires e correligionario de Castelao no exilio pratense, xunto co daquela portavoz nacional do BNG Xosé Manuel Beiras nun acto en Pontevedra na defensa da memoria de Castelao fronte aos que impedían que se colocase un monumento na súa lembranza na vila de Pontevedra

E o círculo desta historia péchase e remata. O día 10 de xaneiro 1970, en Pontevedra, Mercedes Alsina Gómez-Ulla, directora da Biblioteca Pública, e Alfredo García Alén, secretario do Museo de Pontevedra e en representación do mesmo, asinaron a acta da entrega ao Museo da biblioteca particular de Alfonso R. Castelao.

Segundo menciona o documento, a entrega consta de 1.768 volumes, entendidos como unidades físicas onde suman tanto os tomos de obras presentadas en varios volumes (por exemplo: obras completas, enciclopedias...) como os números de publicacións periódicas (dez números dunha revista suman dez volumes no cómputo global).

Na actualidade, esta colección continúa nas instalacións do Museo de Pontevedra xunto a moitos outros obxectos de Castelao (cadros, gravados, textos literarios orixinais...). Os libros están catalogados, ordenados e postos ao dispor de quen quixer achegarse ao que foi unha biblioteca suxeita a proceso nuns tempos onde os libros foron considerados "materiais perigosos" e as bibliotecas responsábeis da "catástrofe actual", segundo escribiu en 1937, en plena Guerra Civil, Enrique Suñer Ordóñez, man de dereita de José María Pemán na Comisión de Cultura y Enseñanza da Junta Técnica del Estado franquista ■

¹ Entre eles podemos citar: *La Puente Vieja pontevedresa* (1944); *Pontevedra: historia sucinta del nacimiento de una capitalidad*

(1946); *La escuadra de Galicia* (1952); e, sobre todo, *Juntas del Reino de Galicia: historia de su nacimiento, actuaciones y extinción* (3 volumes, 1962).

² ABC (Madrid). 21 de decembro 1967.

³ Filgueira Valverde ocupou a alcaldía de Pontevedra entre os anos 1959 e 1968.

⁴ Publicado en *El Museo de Pontevedra*, volume 22 de 1968. P. 57-70.

⁵ Arquivo Xeral da Administración (Alcalá de Henares). AGA. Educación. 31/4755.

⁶ AGA. Educación. 31/4755.

⁷ Ídem. Informe de Enrique Fernández Villamil ao Inspector General de Bibliotecas, o 20 de agosto 1937.

⁸ Ídem. Informe do 11 de decembro 1937.

⁹ Ídem. Informe de Fernández Villamil ao Xefe do Servicio Nacional de Archivos, Bibliotecas y Museos, o 29 de marzo 1938. Os subliñados son nosos.

¹⁰ Ídem.

¹¹ Ídem. Contestación de Lasso de la Vega a Fernández Villamil, o 23 de abril 1938.

¹² AGA. Educación. 31/4654. Informe de Fernández Villamil a Lasso de la Vega, o 24 de agosto 1938.

¹³ Ídem.

¹⁴ AGA. Educación. 31/4654.

¹⁵ AGA. Educación. 31/4753.

¹⁶ AGA. Educación. 31/4753. Informe de Fernández Villamil a Lasso de la Vega, o 6 de setembro 1938.

¹⁷ AGA. Educación. 31/4654. Data do informe: o 14 de setembro 1938.

¹⁸ AGA. Educación. 31/4753. Data do informe: o 17 de setembro 1938.

¹⁹ AGA. Educación. 31/4654.

²⁰ AGA. Educación. 31/4654. Informe de Fernández Villamil a Lasso de la Vega, o 18 de novembro 1938.

²¹ AGA. Educación. 31/4654. Informe do 28 de novembro 1938.

²² De agora en diante, todas as citas textuais proceden da citada documentación.

²³ O subliñado é noso.

²⁴ Museo de Pontevedra. Arquivo. Cast. 6-4-12. Desde agora, todas as citas textuais proveñen de aquí.

²⁵ O texto en negra é noso.

Este artigo é un resumo do libro *Proceso a unha biblioteca* que, próximamente, publicará a Fundación Castelao e o Concello de Rianxo.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Ribadeo

CONSTRUÍNDO GALIZA

DESDE OS CONCELLOS



Império & Imperialismo

Uma leitura crítica de Michael Hardt e Antonio Negri



O imperialismo de hoxe non é o mesmo do de hai trinta anos. Mudou, mais non se tornou no contrario do que era, como nos propón a mistificación neoliberal, dando lugar a unha economía “global” onde todos somos “interdependentes”. Continua existindo e oprimindo pobos e nacións, e sementando por onde pasa dor, destrución e morte. As súas mutacións, a súa volátil e perigosa mestura de persistencia e innovación requiren a construción dunha nova abordaxe que nos permita captar a súa natureza actual. A este propósito dedicou Atilio Boron o seu libro cuxo título é o mesmo que o do presente artigo, facendo unha contundente crítica á obra de Hardt e Negri. Pretende demostrar que, así como as murallas de Xericó non cairon polo son das trompetas de Xosué e dos sacerdotes, a realidade do imperialismo tampouco se desvanece ante as fantasías dos filósofos.



Atilio Borón, autor deste texto, con Fidel Castro, símbolo da resistencia contra o imperialismo no mundo. Atilio vén de publicar “Crisis civilizatoria y agonía del capitalismo” un libro de conversas co líder da revolución cubana

O IMPÉRIO ÉTICO, OU A MISTIFICAÇÃO PÓS-MODERNA DO IMPÉRIO “REALMENTE EXISTENTE”. A esta altura do percurso Michael Hardt e Antonio Negri (H&N) transpassaram, claramente, un punto sem volta, e sua análise do “império realmente existente” cedeu lugar a uma construção entre poética e metafísica que, por um lado, mantém uma leve semelhança com a realidade, e por outro, e exatamente devido a essas características, oferece pouca ajuda às forças sociais interessadas em transformar as estruturas nacionais e internacionais do capitalismo mundial. O diagnóstico geral é equivocado, devido aos fatais problemas de análise e interpretação que infestam o esquema teórico de nossos autores, ao que se agrega uma série de observações pontuais e comentários extremamente infelizes que um leitor paciente poderia coleccionar sem grande esforço, e que, caso tratasse de refutá-los um a um, o obrigaria a escrever uma obra de extraordinária magnitude. Como não é esta a nossa intenção, prosseguiremos com nossa análise centrada nas debilidades do esquema teórico interpretativo geral.

Para começar, que nos seja permitido reafirmar um ponto de partida muito elementar mas extremamente importante: é impossível fazer boa filosofia política e social sem uma sólida análise económica. Tal como já demostramos, foi este exatamente o caminho escolhido pelo jovem Marx como filósofo político, uma vez que

compreendeu precocemente os limites de uma reflexión social e política que não estivesse firmemente ancorada em um rigoroso conhecimento da sociedade civil (Borón, 2000[a]). A ciência que desvelava a anatomia da sociedade civil e os segredos mais íntimos da nova organização económica criada pelo capitalismo era a economia política. Esta foi a razão de o fundador do materialismo histórico ter dedicado suas energias a nova disciplina, não para passar de uma para a outra, mas para firmar suas reflexões e sua crítica na ordem social existente, e sua antecipação da futura sociedade na rocha viva de uma profunda análise económica. Esta ancoragem na boa economia política, excelente caminho para chegar a um conhecimento profundo da sociedade capitalista, é precisamente o que está faltando em *Império*. De fato, o livro tem pouco, muito pouco, de economia, e o que tem é, na grande maioria dos casos, a versão convencional da análise económica que se ensina nas escolas de administração de empresas ou o que propalam os grandes publicistas da globalização neoliberal, combinado com alguns fragmentos isolados de economia política marxista. Em resumo: má economia para analisar um tema como o do sistema imperialista, que requer, inapelavelmente, um tratamento bastante rigoroso do assunto, apelando para o melhor que a economia política pode oferecer.

Nos encontramos, em consequência, diante de um livro que tenta ana-

ATILIO A. BORÓN

Profesor titular de Teoría Política e Social do Curso de Ciencia Política da Faculdade de Ciencias Sociais da Universidade de Bos Aires (UBA)



Atilio Borón é Professor Regular Titular de Teoría Política e Social, Faculdade de Ciências Sociais, Universidade de Buenos Aires desde 1986. Investigador Principal do CONICET. Secretario Executivo do Conselho Latinoamericano de Ciências Sociais / CLACSO

lisar a ordem internacional supostamente um império, e no qual apenas vez por outra o leitor tropeçará em instituições tais como o FMI, o Banco Mundial, a OMC e outras agências da atual ordem mundial, chame-se império ou Imperialismo. A palavra “neoliberalismo” por exemplo, que refere-se nada menos que a ideologia e à fórmula político-econômica predominante durante o último quarto de século, quando a atual ordem econômica foi reconstruída dos pés a cabeça, quase não aparece ao longo do livro. O mesmo acontece com o Acordo Multilateral de Investimentos (MIA) e o Consenso de Washington. A impressão que o leitor vai formando à medida que avança na leitura do livro é a de estar diante de dois acadêmicos muito bem intencionados mas completamente distantes do barro e o sangue que constituem a vida cotidiana das sociedades capitalistas, principalmente na periferia, e que se lançaram a navegar pelos mares do império unidos de mapas muito defeituosos e contando com instrumentos muito pobres de navegação. Assim, como Quixotes desorientados, tomam as aparências por realidades. Por isso, quando descrevem a pirâmide da constituição global do império, nossos autores afirmam que:

“(N)o cume estreito da pirâmide está a única superpotência, os Estados Unidos, que detêm a hegemonia sobre o uso global da força –uma superpotência que pode agir sozinha mas que prefere fazê-lo em colaboração com outros, debaixo do guarda-chuva das Nações Unidas” (pp. 330-331).

Torna-se muito difícil compreender um comentário tão ingênuo e inocente quanto este, no qual a sofisticação que se espera de uma análise científica está completamente ausente. Para começar, é inadmissível a redução do conceito de hegemonia ao uso da força. A hegemonia é muito mais do que isso. Referindo-se aos temas do império e do imperialismo, Robert Cox escreveu certa vez que a

principal ameaza para o Estado de Dereito e a Democracia. A desestabilización democrática e a convulsión social non se atopan en primeiro lugar no fantasma que vén de Sudamérica, nin sequera na delincuencia, nin menos nos sectores da resistencia que se manifestan nas rúas das cidades hondureñas. O perigo de desestabilización non hai que buscalo fóra do Estado de Dereito ou fóra dos partidos políticos. Está dentro. Os antidemocráticos son os grandes dirixentes dos partidos políticos, funcionarios públicos, empresarios e militares que utilizan o Estado de Dereito e a democracia como mero instrumento para as súas propias vantaxes, sendo eles os que teñen a máis alta responsabilidade da crise de gobernabilidade e de convulsión social actuais.

A CAÍDA DUNHA CONCEPCIÓN E UNHA PRÁCTICA POLÍTICA. Ao longo de case trinta anos, o Estado

hondureño estivo baixo o estrito control do modelo político bipartidista cunha alianza estratéxica de cogoberno liberal-nacionalista, a través da cal unhas poucas familias mantiveron o control do Estado e utilizaron os seus bens e posicións para fortaleceren os seus negocios particulares.

Ese modelo caeu, e ese afundimento é o que ficou en evidencia co golpe de estado do 28 de xuño e o que tratan de salvar as grandes e poucas familias ricas do país, aínda á conta de confrontacións e represións en contra dos sectores populares opostos ao réxime de facto.

O modelo político bipartidista non se afundi a partir do golpe de estado. Xa estaba afundido, só que co golpe de estado esta realidade ficou plenamente ao descuberto. Moito antes do 28 de xuño, diversos estudos serios do país establecían que os partidos políticos eran as institucións máis desacreditadas de cara á sociedade. E a tendencia cara ao crecente abstencionismo electoral é un dato que ninguén pode ocultar.

Máis de fondo aínda: Non só caeu o modelo bipartidista, senón tamén a concepción do Estado e a política que teñen as pouquísimas familias que se expresan politicamente a través das estruturas de dirección do Partido Liberal e do Partido Nacional. E cal é esa concepción? Que o Estado e os seus recursos son a propiedade dunhas cantas familias, e a política é a oportunidade, o que facer e a práctica para ostentar os cargos públicos aos que han de chegar aquelas persoas que ofrecen a seguridade de conducir o Estado conforme a esta concepción.

O que caeu, a final de contas, é esa cultura patrimonial que levou moita xente sinxela ao costume de votar por tal ou cal candidato porque prometeu regalar o centro de saúde ou construír a estrada ou dar emprego a un familiar. Quer dicir, caeu esa idea de a propiedade do Estado se poder usar ao gusto e antollo dos políticos para as repartiren entre os seus achegados e correligionarios coma se

fose súa, a cambio de lealdades a un caudillo.

Honduras precisa de construír unha nova oportunidade na súa historia, e esa ocasión nunca se terá con maior claridade como na crise actual. Unha crise pode conducir a destruír-nos ou pode ser unha oportunidade para nos refacermos como persoas e como sociedade. Hoxe, cando o modelo bipartidista coa súa concepción patrimonial do Estado caeu, ábrese a enorme oportunidade para definir a ruta cara á construción dun novo modelo político e unha concepción da política a partir da cidadanía que emerge desde abaixo.

Como nunca antes, Honduras atópase hoxe ante a oportunidade de reconstruír o espazo do público e a política como bens que se estenderen e beneficiaren a moitos máis sectores, no canto de ficaren como propiedade e patrimonio de moi reducidas familias e é unha oportunidade para facer fronte á verdadeira polarización social e económica que establece desigualdades extremadamente insultantes.

A RESISTENCIA. A repudiación e a oposición ao golpe de estado foron universais e nunca como no caso hondureño se logrou tanta unanimidade na condenación e o rexeitamento. Con todo, non é o mesmo rexeitar o golpe de estado que apoiar e valorar positivamente a administración de Zelaya. O que une a rebeldía hondureña non é o apoio a Zelaya Rosales, senón o repudio ao golpe de estado.

Nestes catro meses de loita contra o golpe, as rúas, estradas, pontes, parques, montañas, vereas e prazas estiveron cheas de pobo en resistencia. Mais non toda a resistencia respira os mesmos intereses. Os medios golpistas afánanse en denominar a toda a poboación que se opón ao golpe como a resistencia zelayista, e os liberais zelayistas afánanse porque toda a resistencia se agrupe ao redor da única consigna de 'urxe Mel'. Con todo, nada máis afastado da realida-



de que unha resistencia coa soa e única cor zelayista.

A resistencia é un fenómeno nacional que soubo recoller e espertar a rebeldía contida e reprimida por moitos anos. Ademais, permitiu unir amplos sectores populares que previamente non tiveran unha experiencia organizativa con outros movementos organizados tradicionalmente en gremios, sindicatos, asociacións, fronte de loita, movementos sociais de base, movementos políticos ou padroados. A resistencia é un fenómeno social que se fraguou ao redor da reivindicación política pola restitución constitucional e que logrou articular antigos actores sociais e políticos con ese novo actor social, que é a xente que espontaneamente sae ás rúas a se manifestar e a expresar a súa repudiación da violencia e das maquinacións dos ricos do país.

Poderíamos considerar a resistencia nacional como o novo suxeito político que brotou desta tormentosa e prolongada conxuntura de golpe de estado, que está chamado a vertebrar unha proposta política para romper finalmente co modelo bipartidista hondureño, avanzando cara á construción dunha nova proposta de país que articula as demandas dos diversos sectores comunitarios organizados nos seus territorios coa loita ao redor dun modelo político de democracia participativa, con control dos recursos naturais e con novas e soberanas relacións coa comunidade internacional ■

Honduras

Análise dun golpe político-militar



SUYAPA G. PORTILLO VILLEDA

Hondureña e profesora de historia latinoamericana no Pomona College de California

O *Terra e Tempo* púxose en contacto con ela como especialista na situación política de Honduras para que nos respondera a un inquerito que reproducimos neste texto

Creo que o Golpe de estado en Honduras dáse por varias razóns históricas. Honduras tivo unha invasión sistemática de comercio norteamericano, nunha relación inequitativa con Estados Unidos desde que chegou a Rosario Mining Company, a United Fruit Company e todas as pequenas compañías bananeiras heí aventureiros e negociantes norteamericanos. Para as primeiras décadas de século XX vemos a prepotencia e poder destas compañías monopolísticas no país. O departamento de estado de EU tamén se ve involucrado intimamente asegurando a produción sen obstáculos en Honduras. Como dixen anteriormente, esta relación foi desigual e problemática porque fomentou en Honduras o desenvolvemento dunha elite moi arraigada ao sistema económico e cultural de Estados Unidos. Tanto así é alcance da cultura estadounidense que na costa Norte de Honduras, como o describe un historiador hondureño, existiu unha cede do grupo racista contra negros, Ku Klux Klan, nos anos 1930s.

Estados Unidos tivo un dominio extenso no comercio, o desenvolvemento dos militares e na cultura do noso país que naturalmente o ven como o país fácil de dominar comparado a outros países latinoamericanos e un, que aparte diso, é extremadamente útil xeopolíticamente. Honduras foilles útil a Estados Unidos xeopolíticamente para levar cabo monitoreo de American Latina. Non fai falta ver moito atrás, senón aos 1980s, á inva-

sión de Granada, ou á organización dos Contras en Honduras.

Este escenario histórico crea entón intereses moi complicados entre os crioulos Hondureños e afiliados ao comercio estadounidense, os donos de comunicación e os fundadores do sistema bipartidista, a esta relación, únense os sectores dos Árabes Hondureños (turcos/turkos), donos de medios de comunicación que asegura un bloqueo intenso mediático. Tamén se engaden os militares que tamén teñen intereses económicos e políticos ligados aos partidos políticos e o sector político en poder, que neste caso era o Partido Liberal. O importante tomar nota, é que todos estes sectores beneficiáronse dalgunha forma ou outra polas súas relacións co sector de negocios e política de Estados Unidos. Cando o Presidente Zelaya entra á presidencia, o campo de xogo esta ditado por estas relacións complexas, oligarcas e interesadas en manter o status quo.

Isto é unha pequena resposta para as razóns históricas. Pero miremos o contexto do Presidente Zelaya e o seu gabinete, que é importante ver non só a Zelaya pero a un sector do partido Liberal como parte disto. O intento era de modernizar ao país para que fose menos oligárquico, quen sabe, pero si para que puidese funcionar e equípase nas políticas correntes. En agosto do 2008, Honduras entra ao Alianza Bolivariana polas Américas, unha alianza económica con intereses de unir e facer mellor o uso dos recursos

en Latinoamérica. Creo que isto alerta a certos sectores conservadores aliados a Estado Unidos dentro e fóra do país. Zelaya tamén se opuxo a privatizar os portos, estíbese opondo á destrución de bosques e a principios do 2009 subiu o salario mínimo para traballadores das industrias nacionais substancialmente. É importante ver estes actos dentro do marco histórico porque se un só ve estes últimos actos como as causas do golpe entón non poderemos entender o escenario onde está situada non só Honduras pero toda América Latina nestes días. En Honduras non se era posible soñar unha sociedade diferente sen o permiso de Estados Unidos. Zelaya e a Resistencia atrevéronse a facelo.

Pero, por que Zelaya? Ben, creo que Zelaya sempre foi fiel ao partido Liberal e nunca un esquerdista. Aínda que sectores no seu gabinete sexan progresistas, o goberno de Zelaya era o máis típico nos nosos países, un liberal con tendencias populistas. Creo que cando o goberno de Zelaya empeza querer entrar ao mercado latinoamericano dáse conta que non son compatibles coas economías e sociedades Latinoamericanas. Simple e sinxelamente, Honduras, antes de entrar ao ALBA, tería que responder aos cambios iniciados nas Américas por gobernos máis desenvolvidos socialmente e politicamente, como é o caso en países sudamericanos. Se Honduras, ao entrar ao ALBA debía, ou ía, a competir cos comercios de países sudamericanos, entón tería que facer cambios sociais e políticos. Estes cambios terían que dar espazo a que a sociedade enteira fose integrada-non só os sectores ricos e oligarcas das vellas economías-porque unha economía non se mide só polo poder e diñeiro dos ricos pero tamén polos sectores do medio e os sectores laborais. O goberno de Zelaya viuse confrontado con esta situación e trato de actuar para promover cambios que axudarían a Honduras a entrar nunha relación económica e social máis equitativa co resto de Latinoamérica



do mesmo xeito que menos dependente no comercio estadounidense.

O goberno de Zelaya intentaba modernizar a relación entre o estado e o seu pobo, que en realidade non debe de ser nada revolucionario e máis ben algo moi necesario no caso de modernizar o comercio e sociedade en Honduras. Pero o partido Liberal parte en dous porque estes cambios afectan as súas ganancias, porque por exemplo, o aumento de salario mínimo afecta só ás industrias nacionais e non os sectores de libre comercio. Zelaya logra anoxar estes sectores nacionais, que vivían afeitos a ter a porta á casa presidencial aberta para eles. De súpeto estes sectores usan como bandeira e escusa a retórica anticuada da época de McCarthy, a doutrina de seguridade nacional regresa a Honduras e o partido Liberal, chegou a perder credibilidade para sempre.

Estes grupos de poder que promoven o golpe de estado divídense nos seguintes: están os grupos crioulos (ou sexa as familias adifeiradas que están no territorio desde a colonia); están os grupos de Árabes Hondureños e está o sector militar. Lvos crioulos e os Árabes Hondureños teñen un dominio por ser donos de medios de comunicación, donos de industrias nacionais e os parques industriais do mesmo xeito que a industria farmacéutica, telecomunicacións que os pon en contacto directo co capital estadounidense e os investimentos de libre comercio como son as zonas de libre comercio. Este sector, enriquecido,

Outra vez volvemos a ver esta imaxe de Latinoamérica que resulta tan familiar durante décadas. O exército contra o pobo



Mobilizacións e cartaces de protesta contra o golpe

ten conexións coa elite estadounidense en Miami, Novo Orleans por razóns históricas relacionadas ás bananeiras. A clase militar, ten unha relación formal con Estados Unidos desde os anos 1950s, por exemplo, de Honduras sae a invasión que derroca ao Presidente Arbenz Guzman en 1954 en Guatemala (a cal interesadamente o Presidente Clinton admitiu foi erro de Estados Unidos e pediu perdón a Guatemala durante o seu termo). Os militares Hondureños, moitos que proveñen desta clase de crioulos, foron adestrados en escolas como Escola das Américas en estados Unidos, o Caribe e Panamá. Igualmente, nos 1980s viuse bastante adestramento en Honduras por medio de axencias estadounidenses que buscaban derrotar o novo goberno en Nicaragua e os movementos sociais no Salvador. Entón estes sectores confabulan xuntos para dar un golpe de estado. Pero aquí non hai que esquecer á embaixada de Estados Unidos e as conexións e relacións entre elites Hondureñas con sectores do departamento de estado e elites estadounidenses, do mesmo xeito que as conexións militares. Ou sexa que Estados Unidos, tivo tanto poder en a rexión que este sector non actuaría sen a aprobación destes sectores conservadores.

RESTRICIÓN DAS LIBERDADES DEMOCRÁTICAS. A análise da Resistencia Hondureña é moi acertado, o golpe de estados é un 'golpe en proceso' que se concreta ao levar a cabo

tres etapas (eu engadiría outro proceso que é o traballo de emisarios de Estados Unidos por detrás das escenas): Primeiro é o golpe e secuestro do presidente Zelaya o 28 de Xuño, 2009. O segundo, dáse cando se dan as eleccións baixo ilegalidade e represión o 25 de Novembro do 2009 e termínase de concretar na toma de posesión de Pepe Lobo a finais de Xaneiro en 2010 seguido polo recoñecemento por certos sectores nacionais e internacionais. A pesar da resistencia de máis de 190 días, a pesar da represión e a pesar dos reclamos internacionais de todas as nacións democráticas no mundo enteiro-a política dereitista actuou como un buldozer arrasando coa democracia con intereses apoiados pola política conservadora de Estados Unidos.

Por outra banda, eu engadiría, que Estados Unidos, intentando arrasar e empezar de novo en Honduras despois de que a administración do Presidente Obama esvarou nos momentos máis críticos do golpe, agora manda os seus emisarios a convencer aos países latinoamericanos a aceptar as eleccións ilexítimas e conta nova. E outra vez, para países que teñen relacións económicas e diplomáticas con estado Unidos fáiselles difícil dicir que non acordémonos da historia deste país en América Latina. Entón o golpe de estado se concretiza cando se dan estas tres etapas e terminará por consumarse cando as nacións internacionais recoñezan a Pepe Lobo como presidente. Estaremos falando entón dun golpe de estado político-militar, apadrinado por Estados Unidos, unha vez máis na nosa América Latina.

A RESISTENCIA. A Resistencia contra o golpe de estado en Honduras é unha das repostas mais fenomenais deste século, e que se dea en Honduras é aínda máis incríbel. Dígoos porque Honduras tivo un sector popular cun gran corazón pero non era moi forte. As guerras sucias dos 1980s, o libre comercio, a desigualdade e todos os problemas de corrupción e ilegalidade

romperan o poder de traballadores, sindicatos, sectores xuvenís... Pero dáse algo moi interesante co internet, redes internacionais, e desenvolvemento de grupos e movemento alternativos, como son as redes feministas, redes campesiñas internacionais, redes étnicas da comunidade Afro-indíxena Gariganu, redes da comunidade Lesbiana Gai Bisexual e Transxénero en Honduras. A base destas redes, o internet, celulares, youtube, skype, o gran rol de Telesur TV e Cuba Visión do mesmo xeito que outros servizos gratuítos de internet e púidose crebar o cerco mediático desde o primeiro día. Sabemos a diario, no momento de represións, de secuestros, de abusos, arrestos e todo o que pasa no país nas fóra do país. Ademais, cando lles cortaban a luz e estes servizos por medio destes medios o mundo internacional puido manterlles informados do que acontecía fóra de Honduras. Isto foi fenomenal e único, xa que se reúnen todos os medios alternativos por todas partes do país e une esta tecnoloxía ás relacións humanas creadas en encontros internacionais, redes internacionais e listas internacionais.

A Resistencia entón pódese dicir que se divide en tres partes, a primeira é a Zelayista, ou sexa o sector do partido liberal, activistas e funcionarios aliados a Zelaya que se unen. O segundo grupo de igual ou máis poder é o sector da Fronte Contra o Golpe de estado en Honduras, este grupo esta composto por sindicatos, organizacións gremiais e os sectores populares máis fortes do país como son os sectores organizados de campesiños, étnicos como a comunidade Gariganu, os sindicatos bananeiros, da bebida etc. Dentro deste sector únense os grupos que se organizan a mulleres, a comunidade LGTB e a mocidade. O terceiro sector é aínda máis interesante, este sector é o sector das comunidades, pobos e aldeas veciños, nais e persoas que talvez nunca antes se involucraron e de súpeto forman a súa propia Fronte de Resistencia. Durante as noites de to-

que de queda, todos tiñan que estar nas súas casas para as 9 pm, pero tal e tal veciñanza organizábase e saía ás rúas en grupo, mandábanos fotos como con pancartas que dicían 'o barrio tal e tal en resistencia'. Este fenómeno creo que é o que ninguén, especialmente os Golpistas, agardaban porque esperaban que o pobo Hondureño non fose capaz de entender as mentiras. Creo que a estes sectores caéuselles a venda dos ollos, xa non se lles poderá enganar outra vez.

Creo que se creou unha infraestrutura que cada días é mais e mais eficaz onde hai representación de todos os sectores e áreas do país nas fronte máis poderosas, a capital e a costa norte, do mesmo xeito que o sur do país. A nova meta é organizar para a constituínte, ou sexa a Asemblea Constituínte, onde se poida escribir unha constitución que inclúa aos sectores marxidados. Nesta meta as tácticas cambian a ser de prazo longo e consistente. E o máis importante é que llo sistema bipartidista perdeu a confianza do pobo, creo que os seguintes anos veremos cambios e novos partidos emerxer que rompan esquemas típicos e tradicionais.

É importante notar a gran represión ante a cal viven as comunidades en resistencia. Ata agora houbo máis de 42 mortes de líderes da resistencia, desaparicións, mais 4000 abusos aos dereitos humanos, mais de 3033 arrestos ilegais, mais de 18 mortes na comunidade LGTB especialmente a comunidade transxénero. Agora estase vendo unha procura e asasinatos selectivos a persoas que son líderes ou simplemente participan ou se identifican coa resistencia. empezaron con sectores percibidos como marxidados, como son os mozos, mulleres e nenos e as comunidades lesbica, gai, transxénero e bisexual. Ao atrapar ás persoas, baixo intimidación e tortura, preguntanlles por nomes de membros da resistencia. Desde as eleccións vemos que 130 persoas seguen con procesos xudiciais, 5 actualmente detidos con cargos serios e 100 con medidas

A Resistencia contra o golpe de estado en Honduras é unha das repostas máis fenomenais deste século, e que se dea en Honduras é aínda máis incrível



O golpe en Honduras puxo en evidencia os ataques contra os gobernos progresistas da rexión que se lles acusaba de autoritarios.

Abriuse un debate interesante sobre o que é ser democrata realmente

de substitución. Os corpos atopados mortos demostran medidas de tortura, como decapitación, mazaduras, queimaduras no corpo e balazos na cabeza estilo execución. Perigan os líderes campesiños, quen teñen moito que perder xa que os seus dereitos foron violados terras roubadas. Estes abusos son extremos e preocupantes, e deben selo para a comunidade internacional.

O PAPEL DA COMUNIDADE INTERNACIONAL. Creo que os movementos sociais en Estado Unidos teñen o deber de colaborar en varios xeitos. Primeiro usando os recursos acá en EEUU para seguir crebando o cerco mediático dentro dos propios Estados Unidos. Segundo, utilizando as nosas relacións con oficiais electos e progresistas para decatalos do que pasou e segue pasando en Honduras. Creo que o esencial é conectar a situación aos movementos sociais acá. Terceiro, creo que debemos de contribuír con delegacións entre os diferentes estados e Honduras-para concientizar aos diferentes estados, primordialmente os estados con altos índices de comunidades inmigrantes, sobre as consecuencias graves que implica deixar este golpe de estado así en Honduras. E o máis importante, avogar en todo o mundo por os dereitos humanos, que se respecten os dereitos humanos e buscar que as cortes internacionais investiguen as máis de 4000 violacións, mais de 3000 arrestos ilegais, as máis de 42 mortes, as violacións e mortes á comunidade Transxénero, violación a

mulleres. Estas tácticas de guerra sucia agora son realidade en Honduras e debemos esixir que nunca máis se abusen as nosas vidas así.

Finalmente, creo que a comunidade internacional debe de avogar e presionar a Estados Unidos a que respecte e teña pólizas máis xustas en toda América Latina, especialmente dado o seu historial de abusos ás democracias no mundo. Creo que a nosa responsabilidade como comunidade internacional demandar a Estados Unidos a ser máis xusto nas súas relacións con América Latina e o mundo.

O FUTURO. Creo que o futuro de América Latina vese en perigo. Os sectores conservadores organizáronse en contra dos pobos que loitan por auga limpa, un mellor ambiente, democracia participativa, salario xusto, etc. Os sectores conservadores, que inclúen sectores militares, empresariais e mediáticos, fano coa nova doutrina desta época de xustificación por abusos aos dereitos humanos e civís do pobo--o libre comercio promovido por Estado Unidos. O golpe en Honduras é parte do plan para derrotar sistemas progresistas e efectivos como o ALBA e os movementos progresistas en Sudamérica e o Caribe.

Pero vendo o vaso medio cheo no canto de baleiro eu diría que os movementos sociais agora son máis sofisticados e lograron concientizar os pobos de América Latina. Creo que a loita para estes movementos é dura e longa. Aínda que agora vemos que os move-

mentos sociais renaceron e cambiado tamén asegurando a súa sustentabilidade. Agora vemos que o liderado tamén cambiou facendo estes movementos máis consistentes das diversidades que os fan máis efectivos. Nos anos que veñen veremos un aumento no recoñecemento e participación do liderado dos sectores tradicionalmente marxinalizados aínda dentro dos movementos sociais, como as mulleres, a mocidade, a comunidade LGTB, as comunidades indíxenas e afro-indíxenas e en fin os sectores máis amplos e diversos que traen non só os seus corpos ás diferentes loitas, pero tamén os seus xeitos de pensar e consciencias diversas e amplas, que se atreven a imaxinar un mundo onde as diferenzas empoderan e dan alimento á forza do movemento. Isto, por fin, vímolos e estámolo vendo no contexto de Honduras onde grupos anteriormente antagónicos agora traballan xuntos polo cambio, e un cambio a longo prazo.

AS ELECCIÓNS. As eleccións do 25 de Novembro dánse baixo un marco de violacións e abusos aos dereitos humanos e civís da poboación. Para esta ocasión o goberno de facto desato á forza militar por todas as esquinas do país (militares que non ha regresar aos seus cuarteis e son estas forzas armadas que agora 'buscan' líderes da resistencia). Dentro deste marco de ilegalidade, entón vaíse o goberno de facto ás eleccións, e é que parece un pesadelo:

O presidente lexítimo está encarcerado na embaixada de Brasil onde a diario recibe barullo a todo volume dun aparello detonado fóra da embaixada Brasileira, luces apuntan a todas as fiestras, francotiradores asómanse por todas as fiestras e toda a cuadra está cercada por soldados armados. Dáse un abstencionismo de 65% do todos os sectores en resistencia do país.

En San Pedro Sula, unha marcha pacífica convértese en sangue e represión, con varios mortos e aínda máis feridos e arrestados. Unha nena de 4 anos desaparece e 4 hai mortes apare-

cen días despois no río Ulúa de zona norte. Baixo toda esta represión e abusos, levan a cabo eleccións onde só os sectores ricos ven e senten seguros de ir votar sabendo que todo está arraxado para que gañe o partido Nacional e un candidato mediocre que nunca lograra gañar anteriormente.

Radio Progreso informou que cando foi a votar Micheletti ás 9am só había 5 persoas na fila. Cada urna por todo San Pedro e Tegucigalpa do mesmo xeito que pobos ao redor informa que só 100 a 130 persoas votaron en todo o día, estamos falando dun país de máis de 7 millóns de persoas. Non se necesita ser matemático para saber que as eleccións son nulas, xa que non participou suficientemente poboación. Na tarde, o TSE, e unha persoa non cualificada, fixo o ridículo e dixo que 70% voto-cando sabemos que dar unha porcentaxe non é o mesmo que dar unha cantidade fixa dentro do marco dun total de persoas nese distrito ou sector. Pero como o Presidente Obama e o seu departamento de estado, sabendo a corrupción problemática porque llos fixemos saber nós os académicos expertos en América Latina e Honduras, decide recoñecer o goberno ilexítimo de Pepe Lobo. Máis que unha vitoria para o golpe de estado en Honduras é unha ameaza para toda América Latina. O precedente que se establece é que un sector da elite empresarial e os militares poden dar un golpe de estado e saírse coa súa, co apoio de Estados Unidos, por medio de represión ao pobo.

As eleccións, en todo caso, son ilegítimas e serán na historia o momento máis triste na loita para as democracias novas e fráxiles en América Latina porque en realidade empodera aos sectores máis corruptos. Quero recalcar a influencia solapada de Estados Unidos porque estes sectores, ao contrario da resistencia, non fan nada sen o permiso de Estados Unidos. Son sectores servís ás políticas deste país-se fosen patriotas por Honduras- verían o gran erro que cometeron para as súas futuras xeracións ■



Un dos lemas da campaña de solidariedade con Honduras dicía: "Honduras sangra, queres ser cómplice?" Un lema que a pesares da manipulación mediática se puido comprobar numerosas veces que se correspondía coa realidade



Hortas municipais no Parque de Belvís



Espectáculo de danza no Parque de Bonaval

CONCELLO DE
SANTIAMO

compostela
VIVA

compostela natural
capital

Pola sustentabilidade

Val do Mao, o noso anfitrión

My Host the Word
(George Santayana)


Casa natal da autora, no Val do Mao

Falar do Val do Mao, da furia verde dunha vexetación que non renuncia a ser autóctona. Explicar o seu colo inmenso, o útero que cerran as estrelas nun mes de agosto, cando as Perseidas destelan os froitos das galaxias. Vendimar as cores do outono para a paleta imposible de todos os ocre, vermellos e amarelos. Caer deliberadamente na falacia patética, a que nos leva a transmitir os nosos sentimentos ás cousas. Percibir, neste engano, unha man a facer cunca como quere a imaxinación popular cando pescuda as orixes do nome. Descubrir o carácter sagrado da fraga antes de existiren os deuses. Achar a morada duns seres que son, mais non viven alén dos soños. Cribar a néboa e a escuridade para atopar, como pebidas de ouro, anacos de tempo ido. Abrirnos á hospitalidade do val, á suxestión dos seus camiños, porque el ha ser o noso anfitrión. Será o centro do mundo a se expandir malia que o círculo que imos percorrer sexa ben pequeno e nos afaste pouco deste ónfalo que quen traza os itinerarios quere tal. Non en van naceu aquí e aquí configurou o seu universo simbólico. Déixense, pois, guiar por esta cega de paixón nativa para caer no foxo infinito da nostalgia.

MARICA CAMPO

Estudou Teoloxía na Universidade Pontificia de Salamanca. Foi mestra até 2008 data na que se xubilou. Ten publicado tanto no ámbito da poesía como da narrativa, teatro, ensaio e artigos de prensa. Letrista de *Fuxan os Ventos* e *A Quenlla*

Ventos e A Quenlla



Fervenza en Lóuzara

Estas son terras prologais se se ollan desde os confíns orientais do país ou un espazo de transición entre a dondeza do Val de Sarria e a maestosidade do Caurel. Ao igual que as terras do Barbanza debuxan o tránsito entre as Rías Altas e as Rías Baixas, a que Ánxel Fole bautizara como Terra Brava, O Incio ao que pertence o Val do Mao, é a pasarela entre dúas comarcas ben definidas. E estamos, talvez, a maltratar un chisco a descrición porque, a dicir verdade, esta é unha das terras coa personalidade xeográfico-paisaxística-cultural máis acusada, de maior beleza, e que conserva aínda o rostro do que a Galiza foi e do que pode volver ser nunha ordenación do territorio humanizadora e respectuosa coa súa esencia.

Trataremos, xa que logo, de dar conta sumaria deste cosmos particular. Os itinerarios, como xa se suxeriu, partirán todos do Val do Mao, mais o sentido práctico do viaxeiro ou viaxeira pode aconsellar outras opcións.

Podemos chegar desde a A-6, na saída de Nadela, dirección Monforte – Ourense, accedendo á estrada de Sarria ou pola vía rápida. Xa nesta vila, collemos a estrada de Samos (C-633) e á altura de Tebilide, uns oito quilómetros despois, atoparemos un enlace que vai ao Incio (C-641). A seis quilómetros, aproximadamente, está o Val do Mao.

Quen viñer do Sur de Galiza preferirá pasar por Monforte de Lemos e a capital do municipio, O Incio, para coller desde alí a estrada C-641.

O Val do Mao é unha veiga regada polo río que lle dá nome. O río é alí pequeno e vai case oculto pola vexetación que inza na súa canle. Acaba de nacer en San Salvador, ao pé do Oribio, e medrará camiño do encoro de Vilasouto para regar o Val de Lemos e se perder, finalmente, no Cabe.

Recibirannos as árbores. As abas dos múltiples outeiros que rodean o val son auténticos tapices deseñados por árbores vedrañas. Castiñeiros, bidueiros, salgueiros, pradairos, amieiros e, sobre todo, carballos, contan o paso do tempo por centurias. Cómpre, daquela, camiñar por soutos, carballeiras e fragas para saudar estes exemplares únicos, dunha personalidade tal que todos merecerían ter nome propio, como o carballo de Piteiro.

O carballo de Piteiro está en Vila-meá. No Barrio Novo cóllese a pista que leva a esta aldea situada no val do regato de Vilameá, afluente do Mao. No lugar denominado A Volta, xusto na entrada da poboación, á esquerda, atópase este xigante ao que os expertos lle calculan unha idade comprendida entre os 250 e os 500 anos. Os do lugar non pasan por menos de mil.

Aquí os defuntos dormen a cuberto. Santa María, San Román e San Salvador do Mao teñen unha singular característica común. As tres posúen, arrimado á igrexa, un adro cuberto que é, asemade, cemiterio.

Santa María conserva columnas e outros elementos dun primitivo tem-



O carballo de Piteiro está en Vilameá. No Barrio Novo cóllese a pista que leva a esta aldea situada no val do regato de Vilameá, afluente do Mao. No lugar denominado A Volta atópase este xigante

plo románico aínda que a maioría é renacentista. A súa historia transcorre en paralelo co mosteiro de Samos da que foi freguesía e cuxos monxes trasladaron a ela, fuxindo dos sarracenos desde Andújar, os restos de San Eufrasio, un dos sete Varóns Apostólicos que fora o primeiro bispo daquela diocese andaluza. A reitoral é o antigo priorado, un caserón de pedra con tellado ás catro augas que está a ser restaurado. Na súa fachada consérvanse dous escudos abaciais a testemuñar as súas orixes. Alí viviu unha tempada Francisco Ruíz de Castro Andrade e Portugal, VIII conde de Lemos, co nome de Frei Agustín. Nado en Madrid en 1582, foi Virrei e Capitán Xeneral en Sicilia en 1616. Casou en Nápoles con Lucrecia Legnano de Gatinara, VI Condesa de Castro. En 1629, aos cincuenta anos, renunciou a títulos e posesións e profesou no mosteiro beneditino de Sahagún. El foi o que trouxo para Samos as reliquias de San Xulián e Santa Basilisa, patróns daquela vila. Hai unha catalpa que se inclina para non danar o edificio, plantada polo pai de quen escribe á volta da viaxe de vodas, a comezos de 1940.

San Román é un anexo da parroquia de Santa María. A igrexa, románica, está illada das casas do lugar de Goimil. Como as outras dúas, é unha construción humilde, feita con laxas de pizarra.

A igrexa románica de San Salvador pertenceu a un antigo mosteiro do que temos noticias desde o século

X. Todo apunta a que é o santuario ao que fai referencia o xograr medieval Martín de Pradozelos, en cinco cantigas de romaría. Talvez o vento aínda asubíe nos carballos as palabras que o autor pon en boca dunha rapaza fachendosa. Se van tres rapazas fermosas a San Salvador, ela será unha delas. Se van dúas, ela será unha delas. Se vai unha, será ela:

“Por Deus que vos non pês,
mia madr'e mia senhor,
d'ir a Sam Salvador,
ca, si oj'i van tres
fremosas, eu serei
a ùa, ben o sei.
Por fazer oraçon,
quer'oj'eu alá ir,
e, por vos non mentir,
se oj'i duas son
fremosas, eu serei
a ùa, ben o sei.
I é, meu amig', ai
madr', e i-lo-ei veer,
por lhi fazer prazer;
se oj'i ùa vai
fremosa, eu serei
a ùa, ben o sei.

Na necrópole de Santa Mariña, ao longo da serra do mesmo nome, viaxamos a finais do Neolítico e comezos da Idade de Bronce (do IVº ao IIº milenio a. de C.). Nela converxen tres concellos: O Incio, na parroquia de Santa Cristina do Viso; Samos, na parroquia de Santiago de Formigueiros e Sarria; en San Martiño de Loureiro.



Mosteiro de Samos, fachada principal, abaixo, carballo de Piteiro



Castro de Formigueiros

É un espazo de grande valor arqueolóxico, tanto pola cantidade de medorras -máis de medio cento- como polas características das mesmas. Hai, así mesmo, xacementos en que se poden apreciar gravados rupestres.

O castro de Formigueiros, na serra do Édramo, a un quilómetro do Val do Mao, está situado a uns 795 m. de altitude, polo que constitúe unha atalaia desde a que se albisca unha ampla panorámica. Das súas inme-

diacións parte unha ruta de sendeirismo. As Fontiñas, chea de agradábeis sorpresas para quen guste da natureza en estado puro e das vistas máis sorprendentes. Desemboca nas inmediacións da igrexa de Santa María do Mao. "Trátase dun castro cunhas murallas imponentes, que en altura e en anchura mesmo se poderían comparar coas de Lugo, aínda que o seu perímetro é moito menor", como o define o arqueólogo Gonzalo Meixide Cameselle. En todo caso, é un dos castros máis monumentais de Galiza e, até hai algúns anos, apenas fora investigado. Os campos de traballo que se veñen organizando cada verán nos últimos tempos deron como resultado achados moi importantes, como lousas con gravuras de peixes e cabalos, ademais de numerosas construcións.

É inescusábel unha visita á igrexa de Hospital, a única do territorio español construída integramente con mármore. A dous quilómetros da capital do municipio (C-642) álzase, singular e fermosa. De mármore azul extraído de canteiras da zona, edificada no século XII polos hospitalarios de San Xoán de Xerusalén, carece de espadana. O campanario é unha torre exenta, tamén románica, resto doutras antigas construcións arrimadas ao templo. A portada principal ten catro arquivoltas sostidas por columnas monolíticas de capiteis vexetais. No tímpano, a cruz de Malta. A ábsida é poligonal e ten tres ventás de estilo compostelán. No interior, no muro Norte, hai un arcosolio gótico debaixo do cal se atopa o sartego do comendador Frei Alonso (ou Álvaro?) de Quiroga. Sobre o altar pendura un Cristo de madeira, de tamaño natural, do século XIII. Á dereita, xa fóra do presbiterio, hai unha talla en madeira, tamén románica, dunha Virxe sedente aleitando o Neno. Quen ler o conto "O tesouro", de Ánxel Fole, non tardará en descubrir o escenario que o inspirou. Á dereita da fachada principal está o panteón dos Quiroga. Construíuse con restos dunha edifi-

cación anterior e circula unha lenda verbo do achado de olas cheas de ouro naquel predio. No seu interior hai unha cadea traída de Lugo en 1884. Seica se trata dunha “cadea de perdón” que, na casa onde estaba situada anteriormente, servía para acoller os delincuentes e volvelos inmunes aos gardas e aos castigos.

Un castiñeiro vedraño, situado nas inmediacións da igrexa, é testemuña muda da historia do lugar, acaso desde os últimos seiscientos anos.

Manuel do Zoqueiro, o sancristán da igrexa, está sempre disposto a guiar o visitante e ilustrar con anécdotas a historia do monumento. Cómpre non deixar de preguntarlle polos contos de lobos que escoitou de boca do seu pai, o Zoqueiro, fonte, sen dúbida, dalgunhas das historias de Fole. Non hai que esquecer que o autor de *Terra Brava* viviu na Casa-Pazo dos Señores de Quiroga, como preceptor dun dos herdeiros.

A 6 km. de Hospital está a Ferraría do Incio. A estrada transcorre paralela á canle do río Cabe, que circula na súa groba varios metros máis abaixo. Medio quilómetro antes de chegar á pequena vila, á dereita, está a subida á fonte de Augas Rubias. É o balneario de augas ferruxinosas -arsenicais-bicarbonatadas- onde xeracións, desde o Imperio Romano, curaron doenzas tales como a anemia, desarranxos menstruais, esterilidade, estados depresivos e afeccións de rin. O balneario foi construído en 1892 por iniciativa de Benigno Quiroga Ballesteros, o político liberal que chegaría a ministro de gobernación, casado con Julia Espín, musa de Bécquer.

O hotel, unha construción de 1884 que pertenceu á familia Gasset até hai poucos anos, evidencia a súa sona que chegaron a ter as augas da Ferraría. Na actualidade está a ser rehabilitado, dito sexa de paso, moi lentamente.

Unha política municipal atinada podería converter este lugar nun dos maiores atractivos turísticos do país. Atravesada polo río da Antigua, que



conflúe co Ferraría na propia poboación, con casas de pedra empoleiradas nos outeiros, é certamente singular e merecería mellor sorte que o despoboamento e paralización que a tollen.

Lóuzara

Deixáramos á esquerda, a pouca distancia de Hospital, a subida a Trascastro. Sería boa idea visitar esta aldea e mesmo chegar até a próxima, Río. Atoparémonos cunha auténtica Arcadia na que os castiñeiros, moitos deles ocios, semellan ser os personaxes dunha fábula.

Pola estrada da Pobra de Brollón, que comeza no cruce de Hospital, a quilómetro e medio, atoparemos á esquerda o pazo de Dompniñor. É o pazo de Lucenza na ficción de Ánxel Fole. Hai noticias da súa existencia desde o ano 1485. O actual, reformado no século XVIII, foi edificado por Rodrigo Ozores e Losada a mediados do XVII. É propiedade da familia Gasset, que o utiliza nas vacacións. Non é visitábel, mais pódese contemplar desde o exterior o portón brasonado. A estrada transcorre pola marxe dereita do Cabe e, se seguimos tres quilómetros e medio máis, chegaremos á aldeíña de Biduído, outra paraxe de grande interese paisaxístico.

Desde o Incio, retomando a estrada que vai ao Val do Mao, hai á esquerda unha estrada que vai a Sirgueiros, Rendar, Goo, Santa Cristina do Viso e sae á altura de Oural. Tereamos pasado por Romariz, de Rendar, onde hai un interesante pazo reformado nos séculos XVIII e XIX. Rec-



Mosteiro de Samos, fachada do río

tangular, con torre cuadrangular situada nun dos laterais, e capela con cúpula noutro ángulo, ten ademais un souto e unha carballeira frondosos. Pertenceu á familia Durán Loriga até que foi adquirido e restaurado para dedicar a turismo rural. Parece ser que cesou nesta actividade porque a mercou un construtor galego afincado en Inglaterra. Aínda así, non é difícil visitalo.

Santa Cristina do Viso está a medio quilómetro de Goo, tomando unha pista á dereita que leva a Sobrado. Sobre un outeiro, na confluencia dos ríos Mao e Penalba, levántase o castro do mesmo nome. O cóngo lucense do século XVII, Juan Pallares Gayoso, na súa obra *Argos divina*, identifica este lugar co escenario da batalla onde o mouro rebelde Mahamud foi derrotado polo rei galego Afonso II o Casto, que reinaba desde Oviedo. A tradición di que, tras a batalla, o río Mao chegaba tinto de sangue até Bóveda. Sobre o castro está edificada a igrexa e o cemiterio onde repousan os restos do poeta Lois Pereiro, oriúndo destas terras.

Samos, cuxa estrada deixamos para chegar ao Val do Mao desde Sarria, é a capital do concello do mesmo nome. A vila naceu arredor do mosteiro do que hai noticia de que existía xa en 655. Afonso II refuxiouse alí ao fuxir dos seus adversarios. Cando foi proclamado rei, fíxolle a concesión dos terreos situados nun radio de media milla. Tras novas concesións reais, expulsións e

sucesivas reformas, incorpórase no século XVI a San Benito el Real de Valladolid e é reconstruído. Abandonado cando a desamortización, volve ser ocupado polos beneditinos en 1880. Tras arder en 1951, remátase a súa reconstrución en 1960 e é inaugurado polo ditador Franco. A fachada é barroca e por unha gran escalinata accédese á igrexa neoclásica que ten unha bóveda de gran beleza. As imaxes máis salientábeis, tanto do interior como do exterior, son obra de Xosé Ferreiro. A visita ao mosteiro arrinca da portaría. De-la pasamos ao Claustro Grande. É o máis grande dos existentes nos mosteiros do Estado español, está axardinado e ten no centro unha estatua do Padre Feixoo, obra de Francisco Asorey. O Claustro das Nereidas ou Claustro Pequeno (1539 – 1582) pertence ao gótico serodio e o nome do seu autor reza nunha das claves da parte do suroeste: Pedro Ros Natura[] de Monforte. A fonte das Nereidas, barroca, foi feita por un frade chamado Xoán. Son sereas de xenerosos peitos que non deixaron de espertar suspicacias entre algunhas autoridades da Orde; mais, segundo a tradición, non lles foi posible mover as pedras. Tamén é de interese a torre do reloxo, situada entre os claustros, e a porta románica da igrexa primitiva (século XIII), a biblioteca, o refectorio e as controvertidas pinturas actuais do andar superior do Claustro Grande. Por último, é obrigada unha visita á

Capela do Ciprés, prerrománica (século IX), situada a cen metros do mosteiro.

A poucos quilómetros de Samos atópase o Val de Lóuzara, a terra que o finado poeta Fiz Vergara Vilariño chamou xabreira. Como tal, fría e sombriza, convén visitala nunha época, cando menos, temperada. É un val sucado polo río que lle dá nome, o Lóuzara, un río troiteiro de augas cristalinas que verten no Lor, perto de Valdomir. A paisaxe de ribeira, flanqueada de elevacións de máis de mil metros que caen en picado, é unha das máis bonitas do país. En Santalla, parroquia natal de Fiz Vergara, atópanse varios dos lugares de maior interese: a cova de estalactitas e estalagmitas; a Fonte da Cova co muíño do poeta, a casa onde naceu, ao lado da igrexa, e o cemiterio onde descansa, e a fervenza, a un quilómetro aproximadamente, seguindo desde alí un camiño paralelo ao río. O viaxeiro escoitará, na voz da auga, a palabra viva e doente do poeta que pasou as horas "amarrado a un reloxo paralítico", a agardar pola súa *pastora de sorrisos nos eidos da bremanza*:

Se viñeras a min, muller amiga,
cunca de mosto ou doce viño novo,
deixaría eu de ser un home lobo
oculto nun trigueiro sen espiga.
Se viñeras a min cunha cantiga,
forxada nas raigames deste pobo,
eu sería feliz zugador un trobo
rebordante de mel e seiva antiga.
Se viñeras a min polo aveseado
dunha norteira fraga de veludo,
o viño meu xa non sería acedo.
Nin acedo sería o tempo rudo,
pois farías da miña vida un ledo
paraíso de amor no vento mudo.

A Asociación Cultural "Ergueitos" de Sarria, promotora de múltiples iniciativas para manter viva a memoria do poeta, organizou unha ruta desde a Fonte da Cova até a fervenza, na que diversos artistas plásticos están a instalar as súas esculturas.



Casa en San Salvador do Mao

Para chegar a Lóuzara collemos a estrada que vai de Samos a Pedrafita e que pasa por Triacastela e o Cebreiro. A moi pouca distancia do mosteiro atoparemos un cruce á dereita que leva a Lóuzara e Courel. Así que, desde as terras de Fiz, é recomendábel continuar até as de Novoneyra.

Non sendo esta unha guía turística ao uso, talvez non cumpra facer recomendacións gastronómicas, mais agradecerán saber que en Lóuzara está o Mesón de Paredes, onde poden xantar moi ben e a bo prezo embutidos caseiros, troitas e churrasco. Na preparación da caza é mestra indiscutíbel Veva, en Foilebar. A Foilebar chégase desde o Val do Mao por unha estrada que arrinca da que leva á igrexa, antes das canteiras de Cadamonte, dirección Pacios. Tamén hai unha estrada desde o Incio.

Coido que en todas estas visitas non nos afastamos máis de vinte quilómetros do Val do Mao, o centro des-



Igrexa de San Salvador do Mao



de o que partimos. Nun balance final pesará, máis que a arte e os vestixios do pasado, ese lento veneno que pon nos ollos unha cousa verde, como cantara o poeta. Se espertar demasiadas expectativas e logo, tras visitar estas terras, consideraren que esaxerei, saiban desculparme porque xa se sabe que o amor, ás veces, cega. Á fin, como escribiu Miłosz e cita Gaston Bachelard: “Eu contemplaba o xardín de marabillas do espazo coa sensación de mirar no máis profundo, no máis secreto de min mesmo; e sorría, porque nunca me soñara tan puro, tan grande, tan fermoso! No meu corazón estalou o cántico de grazas do universo. Todas estas constelacións son túas, están en ti; non teñen realidade fóra do teu amor”.

A entrar nesa realidade os convidado, tal como fixen hai ben anos desde o poema “Val do Mao” do meu libro *Tras as portas do rostro*:

Polo zume agridoce das reinetas
acode a min o Val en sortilexio
e esta noite
